



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 106

Sesión plenaria
2 de decembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 33140 (11/PNP-003748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficialmente coas súas seleccións deportivas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 17.11.2022

Publicación do acordo, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.2 36051 (11/PNP-003214)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia Candia López, María Elena e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto súa competencia como de tramitación ministerial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

3.3 37142 (11/PNP-003319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almorzo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

3.4 43495 (11/PNP-003699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.5 43602 (11/PNP-003712)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.6 43728 (11/PNP-003717)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rueda Valenzuela, Alfonso e corenta e un deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 410, do 16.11.2022



Punto 4. Interpelacións

4.1 27653 (11/INT-001410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 259, do 19.01.2022

4.2 42232 (11/INT-002065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.3 43584 (11/INT-002145)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 44179 (11/POPX-000087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para mellorar a cohesión social na nosa comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

5.2 44180 (11/POPX-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a defensa dos intereses de Galicia no ámbito enerxético

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 44079 (11/PUP-000291)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico co fin de modificar a actual planificación eléctrica para o período 2021-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 412, do 22.11.2022



6.2 39136 (11/POP-006012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022

6.3 43280 (11/POP-006503)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis**

Sobre o restablecemento do horario da expedición XG846012001001, Boimorto-Mezonzo-A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

6.4 41953 (11/POP-006317)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

6.5 39895 (11/POP-006139)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do funcionamento do Servizo de Oncohematoloxía no Hospital Público da Mariña Lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

6.6 44166 (11/PUP-000292)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas coa sanidade pública no concello de Soutomaior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 23.11.2022

6.7 43599 (11/POP-006530)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro centro terapéutico ocupacional público de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

6.8 43218 (11/POP-006495)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a dispoñibilidade do servizo especial de practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que prevé o Goberno galego para mellorar a cohesión social na nosa comunidade autónoma. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, sobre a defensa dos intereses de Galicia no ámbito enerxético. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alfonso Rueda Valenzuela e corenta e un deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 29.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 32.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas: *rexeitada por 16 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 35.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para ler o texto transaccionado da proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 35.)

Votación do punto 2.c) do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as



actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto na súa competencia como de tramitación ministerial: *aprobado por 38 votos a favor, 29 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado, agás o punto 2.c), da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto na súa competencia como de tramitación ministerial: *aprobado por 51 votos a favor, ningún en contra e 16 abstencións.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario aos servizos da aula matinal, madrugadores escolares e almorzo: *rexeitada por 29 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para ler o texto transaccionado da proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 37.)

Votación das letras b), d) e e) do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia: *rexeitadas por 29 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación do texto transaccionado, agás as letras b), d) e e) do punto 2, da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia: *aprobado por 67 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia: *rexeitada por 29 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alfonso Rueda Valenzuela e corenta e un deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición: *aprobada por 38 votos a favor, 29 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)



Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 39.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 43.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 47.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 50.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 53.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 56.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 61.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 62.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 66.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 71.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 76.)

A señora Queixas Zas (BNG) pide a palabra, acolléndose ao artigo 76 do Regulamento da Cámara. O señor presidente non lla concede. (Páx. 77.)

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o restablecemento do horario da expedición XG846012001001, Boimorto-Mezonzo-A Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 81.)



Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialista de Galicia, sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do funcionamento do Servizo de Oncohematoloxía no Hospital Público da Mariña lucense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 87.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 89.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas coa sanidade pública no concello de Soutomaior. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro centro terapéutico ocupacional público de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 97.)

Pregunta de D. Daniel Pérez López e D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dispoñibilidade do servizo especial de practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira Do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 100.)



Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico co fin de modificar a actual planificación eléctrica para o período 2021-2026. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 104.)

Remata a sesión ás tres da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, que son preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Antes saudamos os alumnos de primeiro de bacharelato do instituto de Melide. ¡Benvidos ao Parlamento e a todos os que nos acompañan hoxe tamén na tribuna!

O señor PRESIDENTE: Comezamos sen máis coa pregunta de don Luis Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que prevé o Goberno galego para mellorar a cohesión social na nosa comunidade autónoma

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén aos alumnos do instituto de Melide, localidade pola que, por certo, paso practicamente todos os días entre Lugo e Santiago. Polo tanto, coñezo ben, polo menos, a recta que configura esa vila.

Señor presidente da Xunta de Galicia, vostede na anterior sesión de control dixo unha pe-rogrullada —enténdaseme ben, non vaiamos ter un mal entendido semántico que tense o debate—, porque dixo algo evidente ao afirmar que a dinamización económica e a consecuente creación de emprego son claves para a mellora social; evidente. Pero voulle dar catro datos sobre a nosa comunidade, que sabe que non datos do Partido Socialista de Galicia:

O noso PIB medra menos que a media estatal e os galegos soportamos uns prezos máis caros que o resto de España. España, que, por certo, ten o menor IPC de toda a Unión Europea, e niso seguramente terá algo que ver ese goberno que para vostedes tan inútil é.

A nosa actividade económica redúcese mentres a media estatal aumenta. Galicia, despois da pandemia do ano 2020, recupérase máis lentamente que o resto do estado. A taxa de actividade en Galicia é cinco puntos inferior á do estado e a de ocupación é catro puntos e medio inferior. Isto sitúa a nosa comunidade autónoma nas peores de todo o Estado. E iso, señor presidente, evidencia o desacerto nas políticas de impulso económico, industrial e de emprego que levou a cabo a Xunta de Galicia nos últimos anos.

E isto que lle acabo de relatar ten unha importancia enorme e ten consecuencias directas e inmediatas, entre elas, que segundo o Instituto Nacional de Estatística, non segundo o Par-



tido Socialista de Galicia, cada fogar galego tivo no ano 2021 uns 2.854 euros menos de renda que a media nacional ou, se o quere, 238 euros mensuais. E a pregunta é: ¿por que?, ¿por que teñen que ter os fogares galegos cada vez menos ingresos? ¿Parécelle a vostede normal esta diferenza?

Hai un crecemento enorme da desigualdade de ingresos e riqueza. E iso suscita unha preocupación enorme pola deterioración da perda de igualdade de oportunidades.

E os grandes indicadores universalmente aceptados para Galicia amosan que cada día na nosa comunidade autónoma os pobres son máis pobres e os ricos son máis ricos; que a clase media diminúe, e sabe vostede perfectamente coma min e coma todos os que estamos aquí que a clase media é a que soporta en moi boa medida o estado do benestar; que cada día hai en Galicia máis persoas que non chegan ben a fin de mes; que hai un aumento insoprible na fenda de xénero, pois as traballadoras galegas van traballar en termos comparativos desde o luns desta semana ata fin de ano gratis porque hai unha fenda salarial do 9,3 por cento respecto dos traballadores galegos.

E todo isto que lle acabo de dicir, e sen pintar Mordor como diría o señor conselleiro de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional, é a realidade da nosa comunidade autónoma.

Esa evidente perda de cohesión non pode quedar nunha frase, porque detrás desa frase hai milleiros de galegas e galegos con menos oportunidades sociais, educativas, asistenciais e de saúde, por resumir.

E por iso, señor presidente da Xunta de Galicia, a miña pregunta é ben sinxela: ¿que medidas ten previsto o seu goberno para mellorar a situación de perda de cohesión social que ten a comunidade autónoma de Galicia neste momento?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu tamén saúdo, por suposto, os alumnos e as alumnas do instituto de Melide e doullas a benvinda a este parlamento e a esta sesión.

Señor Álvarez, permítame que lle diga que me fai vostede unha pregunta sobre cohesión, que vindo do seu grupo nestes momentos é especialmente curioso falar de cohesión, pero dígoo porque, ao final, todo está relacionado. Porque eu escoitándoo a vostede, que empezaba



falando de perogrulladas, teño que dicirlle que sinceramente, a pesar de todo, me alegro de que me pregunte por cohesión. Creo que é importante.

A cohesión social é moi importante, ten moitas vertentes, máis das que vostede quixo dicir, por suposto, en negativo; está na oposición e a min corresponde dicirlle que pintou Mordor, aínda que diga que non. O panorama non é así, non é sinxelo, pero temos moitas oportunidades. Ao final, eu polo menos entendo a cohesión como conseguir que todos os galegos e galegas, vivan onde vivan, traballen onde traballen, teñan incluso o nivel de renda que teñan, teñan dereito e exixan que as administracións, polo tanto, a Administración autonómica, sexamos capaces de darlles un mesmo nivel de acceso a recursos públicos e o mesmo nivel de servizos públicos. Creo que iso é o que cohesiona unha sociedade, e despois está a iniciativa de cada un.

Digo, ademais, que me alegra que me faga a pregunta, porque hai forzas políticas que traballan exactamente para o contrario, para romper a cohesión social e inmediatamente, cando conseguen rompela, denunciar que non existe cohesión social e, polo tanto, o culpable é o Goberno, que non é capaz de mantela.

Polo tanto, se vostedes están no contrario, eu alégrome moito, e ten toda a nosa colaboración dende o Goberno para escoitar o que teñan que dicir e para seguir avanzando, porque nos últimos anos, por moito que vostede pinte un panorama interesado, creo que se ten avanzado bastante. Hai moito que mellorar, e estamos en circunstancias moi complicadas, pero tense avanzado moito nunha cohesión social que ten moitas vertentes, e estou de acordo en que a primeira é a vertente económica. É a primeira maneira para conseguir a cohesión, reducir as desigualdades económicas. E en Galicia téñense reducido.

Vostede falaba de indicadores económicos internacionais, aceptados por todos, pois eu dígolle un: o indicador por excelencia di que dende o ano 2009 o índice de riqueza en Galicia aumentou, aumentou un dezaioito por cento; o de desigualdade baixou. Mire: este índice de Gini di que o cen sería a desigualdade absoluta e o cero a igualdade absoluta, e Galicia está exactamente nun vinte e nove, que é un cinco por cento por riba da media nacional. Polo tanto, se quere falar de indicadores imos utilizar este indicador, que é o indicador por excelencia.

Isto demostra moitas cousas: o primeiro é que investir, como fixemos nós nestes anos, o dobre en cohesión social, en inclusión social, 148 millóns, 170,5 millóns, máis do dobre que investían vostedes, vai dando resultado, e avánzase moitas cousas.

Cohesión económica, cohesión tamén territorial, que ten moito que ver coa cohesión económica. No día de hoxe, os galegos, o 85 por cento, están a quince minutos dunha vía rápida, o que permite desenvolvemento económico, o 70 por cento máis de autopistas e autovías, centros de saúde renovados, 120 millóns de investimentos, escolas infantís gratuítas, casas niño que non existían, récord de asistencia no servizo de asistencia a domicilio, novas residencias públicas, servizos de emerxencia importantes, que tamén cohesionan un territorio. En definitiva, moitísimas cousas, señor Álvarez.

Non é o panorama como o pintan. Estou de acordo en que temos que traballar, estou de acordo en que estamos en momentos difíciles. Pero ter unha Galicia cun orzamento o máis



elevado da nosa historia, coa débeda máis reducida, a segunda comunidade de réxime común con menos débeda, pagando as nosas facturas, o que nos permite estar máis cohesionados, ser máis equitativos e ter máis estruturada para o que ten que vir e seguir traballando pola cuestión social. Se vostede o quere facer en serio, conte con nós, se non, seguirá dando eses datos interesados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente do Parlamento.

Señor presidente da Xunta de Galicia, vou facer soamente unha referencia porque os problemas das galegas e dos galegos son moitísimo máis importantes. O inicio da súa intervención foi tristísimo, incluso para vostede. (*Aplausos.*) Non deu vostede practicamente ningún dato. Pero voulle corrixir un que deu, e é que o índice de Gini, que é unha cuestión técnica na que non nos imos perder nestes momentos, si que aumentou na comunidade autónoma de Galicia entre o 2019 e o 2021, compróbeo.

Moito lle gusta falar de autovías, pero o certo é que leva vostede desde o 14 de maio como presidente da Xunta de Galicia, seis meses e medio, e catorce anos no goberno da Xunta de Galicia e ten nestes momentos os maiores orzamentos da comunidade autónoma, e non hai ningún indicio de que vaia corrixir vostede as políticas erradas. Porque logo de catorce anos de goberno do Partido Popular, esta comunidade autónoma está peor que o resto de España.

Ante esta situación, gran parte das galegas e dos galegos non chega á fin de mes, e lonxe de reforzar os servizos públicos, a situación de Galicia é a seguinte, e vena todos os días e tamén os alumnos e alumnas do IES de Melide e os profesores e profesoras que os acompañan:

En materia sanitaria, moitas galegas e galegos non teñen médico de cabeceira que os atendan en tempo, nin moito menos se se trata de asistencia a citas con especialistas. Para os nosos maiores, acaba de dicir vostede novas residencias públicas, ¿onde están?, ¿onde están as sete residencias que levan anunciando desde o ano 2017? E o certo é que vostedes anuncian axudas para catro mil familias, e resulta que en Galicia hai dúascentas mil familias que teñen problemas para chegar á fin de mes e pagar o alugueiro. Entón, a pregunta é: ¿que pasa coas outras cento noventa e seis mil familias que quedan fóra da súa cobertura?

Hai que denunciar, señor presidente, que son un goberno que xestiona mal, que sempre busca culpables externos e que, ademais, desgraciadamente acabamos de comprobar como non teñen o máis mínimo problema en xogar co futuro das galegas e dos galegos nun momento tan crucial coma este.

E xa que están aquí as alumnas e os alumnos do instituto de Melide vaia e cóntelles agora cando remate a sesión de control que teñen os mesmos dereitos que os alumnos dun centro



de Santiago, porque eses alumnos sufriron hai pouco tempo a imposibilidade de cursar determinadas materias porque non tiñan profesor. *(Aplausos.)* Dígallelo vostede agora cando remate, e fale vostede de cohesión educativa. Esa é a realidade.

Señor presidente da Xunta de Galicia, arranxe esta situación e, se quere a nosa colaboración, plantexe medidas políticas, medidas eficaces e medidas que sexan capaces de corrixir esta realidade. Para iso pode contar vostede co Partido Socialista de Galicia. Desde logo, para facerlle a ola a un goberno que nos ten metidos na peor situación de toda a periferia autonómica do estado non vai contar nunca nin coa colaboración e moitísimo menos co aplauso e moitísimo menos coa comprensión deste partido político.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, non se enfade porque lle diga unha realidade, porque iso inflúe tamén no labor da oposición. Gustaríame ter unha oposición máis cohesionada para facer unha oposición máis seria. Polo tanto, vostedes eu entendo agora que cos seus problemas internos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...o teñan bastante máis difícil. É así. Ben, vese que non lle gusta escoitalo.

Resulta curioso que volva dicir —fíxoo na súa primeira intervención—, que pinte este panorama e que fale de cohesión social e que fale de inclusión social, entendo —polo menos eu enténdoo así— que é a parte máis importante para empezar a construír unha cohesión social que vai moito máis alá, e resulta que nas súas emendas aos orzamentos as partidas que a Xunta dedica á inclusión social vostedes non as tocan. Polo tanto, estará todo ben aí, ¿supoño? *(Aplausos.)* Estará todo ben aí.

Unha cousa é non conformarse, que non nos conformamos, e outra cousa é pintar a realidade. O índice Gini e a taxa AROPE dinnos que estamos na media. E sen estar ben, porque hai que aspirar a estar moito mellor, eu son o primeiro que o recoñezo, e o meu goberno tamén, pero estamos mellor que a media estatal sen ningunha dúbida. Polo tanto, hai que seguir mellorando. Vostede di: non, é que non estamos tan ben como hai tres anos. ¡Home!, é que estamos agora mesmo nunha crise, pero seguimos mantendo un diferencial moi importante. Vostede iso non o conta, porque entón desfáiselle todo o argumento, pero hai que contalo. Igual que hai que contar, e sendo un dato que hai que ver no conxunto, e, polo tanto, cando son bos hai que relativizalos, pero tamén poden ser malos.



Acabamos de coñecer os índices de paro en Galicia. Por primeira vez, nun mes de novembro baixa o paro na serie histórica. E temos agora mesmo 20.500 novos contratos indefinidos, dos cales só o 25 por cento son fixos descontinuos desa contabilidade paralela que fan vostedes, son reais. Polo tanto, aquí agora mesmo estase creando emprego, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

¿Quere máis índices, xa que vostede lle gusta tanto falar de índices oficiais? Taxa AROPE —supoño que non a discutirá—, a sexta comunidade autónoma de dezasete con menos persoas en situación de pobreza. Seguen sendo moitas e, polo tanto, temos que seguir traballando para que siga baixando esa taxa, pero somos os sextos de dezasete, señor Álvarez. Vostede iso non o vai dicir nunca, por iso teño que dicilo eu.

Polo tanto, seguiremos traballando con máis fondos que nunca para seguir conseguindo a educación para todos con máis recursos para axudar as persoas a atopar emprego. Onte mesmo creabamos unha figura nova, un corpo novo, con cento trinta e seis orientadores laborais.

Falaba das residencias. Mire: hai tres desas sete residencias —hai moitas máis que se fixeron estes anos— esperando a trámites e licenzas en concellos gobernados polo Partido Socialista. Polo tanto, ¿que me está contando vostede, señor Álvarez?, ¿que me está contando vostede? *(Murmurios.)* ¿Quen está impedindo que se fagan as cousas? Eu pediríalle que se informara un pouco máis, porque xusto nese caso temos tres agora mesmo paralizadas e esperando —espero que non eternamente— a que vostedes se decidan a darlles vía libre. *(Aplausos.)*

Seguiremos baixando impostos, seguiremos axudando as rendas máis baixas a que paguen menos impostos. Xa sei que a vostedes non lles gusta que se baixen impostos; nós cremos niso. Seguiremos actualizando o custo para equiparar a inflación das risgas, inclusión social, cohesión económica, señor Álvarez. E seguiremos tamén exixindo —por certo, a cohesión social sobre un territorio é cuestión de todas as administracións, non só da autonómica— e pedindo ao Goberno central, que vostedes apoian e calan, que siga cohesionando o territorio; que nos diga que vai facer coa taxa da autopista, se a vai conxelar, se deixa de marear a perdiz; que nos diga se vai sacar dun caixón o corredor de mercadorías do noroeste ou vai seguir promocionando un lado e esquecendo o outro. Todo iso é cohesión social tamén, señor Álvarez.

Que nos diga se dunha vez vai desatascar os fondos Next Generation; aí hai oportunidades para a cohesión social. Que nos diga que vai pasar co Pacto das pensións. Mire: non lles gusta nin aos sindicatos nin ás empresas nin sequera á metade do Goberno central...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que vostedes apoian. Iso tamén é cohesión social, que nos digan que vai pasar con todo iso.

Polo tanto, imos traballar todos en serio. Nós imos seguir traballando. Vólvolle dicir que se vostede o quere facer, paréceme moi ben; terá a nosa colaboración como goberno se vostedes tamén son capaces de centrarse como oposición.



É un bo camiño, é un bo inicio que lles parezan ben as partidas de inclusión social da Xunta de Galicia; se non, supoño que terían introducido algunha emenda. Seguiremos por aí e seguiremos —xa digo— traballando.

Ao final, isto trátase de que calquera galego viva onde viva, viva nos Cantóns da Coruña, viva no Courel, viva no interior de Ourense, viva na costa de Pontevedra, teña acceso polo menos en Galicia aos mesmos servizos básicos e ao mesmo nivel de prestación das súas administracións. Nós traballamos para iso; se quere vostede traballar conte con nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, sobre a defensa dos intereses de Galicia no ámbito enerxético

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Quero darlles a benvinda tamén aos alumnos e ás alumnas do IES de Melide. Eles son unha gran razón para seguir loitando por un país mellor.

Señor Rueda, a enerxía eólica é unha grande oportunidade para Galiza. Pero o Partido Popular, agora coa axuda do Partido Socialista, quere converter esta riqueza nunha oportunidade perdida. ¿E sabe por que? Porque gobernan para as eléctricas. Empezaron en 2009 co abrazo a Ignacio Galán, o presidente de Iberdrola; seguiron despois vetando unha tarifa eléctrica galega para abaratalles a factura da luz ás familias e ás empresas deste país; e agora están en pleno *boom* eólico depredador. Gobernan para as eléctricas, para que se sigan forrando, roubándonos o noso vento, a nosa riqueza natural e poñendo en risco o rural e sen importarles a xente que vive no rural. (*Aplausos.*)

Mentres Endesa, Iberdrola e Naturgy teñen uns beneficios que son obscenos, ¿cales están sendo os beneficios que teñen os galegos e as galegas? Nada de nada. Ao contrario, pagamos a luz cada vez máis cara. ¿Saben cal é o lema do Partido Popular? Todo para as eléctricas, nada para os galegos e as galegas. Ese é o lema do Partido Popular.

Un Partido Popular que goberna para as eléctricas, que legisla ao ditado das eléctricas, que, efectivamente, para iso están as portas xiratorias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, e, se non, que llo pregunten á súa compañeira de partido, á señora Beatriz Mato, que pasou de sentarse no Consello da Xunta a sentarse no consello de administración dunha eléctrica. E fíxense: é que hai casualidades, ¿non? Xustamente esa eléctrica é á que o Partido Popular lle perdoa 11,7 millóns de euros, que xa lles adianto que imos pedir nesta cámara que se retire esa decisión, que, por certo, está denunciada por Adegas na Fiscalía falando



dunha presunta prevaricación e malversación. Así é como goberna o Partido Popular. *(Aplausos.)*

¿Que é o que está facendo neste ámbito o señor Rueda? O señor Rueda vai a Madrid pedirlle ao Goberno do Partido Socialista que pise o acelerador do espolio eléctrico de Galiza. Miren: hoxe xa temos catro mil aeroxeradores en cento seis concellos do noso país. ¿Saben cantos parques máis hai en tramitación? Trescentos quince. Isto quere dicir que non vai haber nin un só concello rural que non teña un parque eólico. ¿Saben cantos muíños ten a comunidade á que exportamos unha parte moi importante da nosa enerxía, Madrid?, ¿saben cantos parques eólicos e muíños ten Madrid? Cero, señorías. *(Murmurios.)*

Eu teño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, non, claro: nós producir e eles consumir, e os beneficios para as eléctricas. Ese é o modelo do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Mire... *(Murmurios.) (Pausa.)* Cando me deixen os deputados e deputadas do PP continuo coa miña pregunta. *(Murmurios.)*

Señor Rueda, como comprenderá, eu teño, por exemplo, moitas diferenzas co señor Lambán, pero a el polo menos recoñézolle que cando vai a Madrid non vai defender os intereses das eléctricas, vai defender unha tarifa máis barata para Aragón porque produce electricidade. *(Aplausos.)*

E por iso, señor Rueda, pregúntolle se van seguir abrazados ao lobby eléctrico ou van empezar a defender o interese xeral dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, primeiro, xa lle darei o recado da crítica furibunda que lle acaba de facer ao partido co que vostedes —o Partido Socialista estou dicindo— gobernan en tres deputacións e en máis de cen concellos. Polo tanto, imos ver se nos aclaramos e somos coherentes. *(Murmurios.)* Iso para empezar.

Despois, esta pregunta vai de que o PP é amigo das eléctricas. Mire: ¡que patas tan curtas ten a demagogia cando hai hemerotecas para sacarlle as cores a quen di estas cousas! Voulle ler —hai moitas, o que pasa é que non teño tempo— algunhas declaracións:

«Todo se entende mellor se pensamos que os 6.500 megavatios de potencia instalada teñen que ser o noso obxectivo». Seis mil cincocentos era, cando se dicía isto, o triplo da media estatal nese momento.

«Un obxectivo viable, asumible e irrenunciable. Sería ilóxico cortar as posibilidades dunha das zonas do Estado español con máis posibilidades eólicas». Isto non o dixen eu, isto non



o dixo o señor Feijóo, isto díxoo o conselleiro de Industria do Bipartito, o señor Blanco, polo que vostede dixo tantas veces que tiña admiración. *(Aplausos.)*

Así que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...a este Goberno da Xunta a patronal eólica está todo o día dicíndolle que é o parón histórico, que non se aproveitan as oportunidades, que se senten moi prexudicados, porque non hai os megavatios que eles quixeran instalar, e vostedes querían instalar en catro anos que gobernaron a potencia eólica moito máis do que nós puxemos en catorce anos. Polo tanto, señora Pontón, ¿quen son os amigos das eléctricas segundo o seu obxectivo e a súa óptica?

¿Quere máis hemeroteca? Voulle ler outra cousa: «Os problemas máis serios viñan sempre do modo en que o BNG quería instrumentar o proceso eólico, sempre sen garantías, sempre sen ter en conta a óptica de ordenación do territorio nin a sustentabilidade ambiental nin a viabilidade económica, por non falar do proceso de selección de proxectos privatizados a través dunha consultora». ¿Isto díxeno eu? Non. ¿Díxoo o señor Feijóo? Non. Dio o señor Pérez Touriño, expresidente da Xunta de Galicia nun libro de memorias que lle recomendo ler porque é moi interesante, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Afortunadamente, non fixemos seguidismo da súa política enerxética. Sempre apostamos —e xa lle adianto que por moito que se enfade imos seguir apostando— por un desenvolvemento sensato, un desenvolvemento proporcionado e, dende logo, con garantías. Grazas a iso non están instalados os 4.200 megavatios que vostedes querían instalar en apenas tres anos. Xa lle digo que son máis dos que se levan instalados con este goberno en catorce anos.

¿Que son moitos ou poucos? Ben, dende logo, son moitos menos dos que lles gustaría ter instalados a vostedes cando tiñan a posibilidade; xa digo: 4.200 megavatios en tres anos, fronte a 3.800 en catorce. E, por suposto, son moitos máis dos que agora que están na oposición, con esa demagogia que lles caracteriza tanto, din que hai que poñer.

Mire, aquí o resumo é: cando vostedes gobernan, barra libre eólica. Era o que querían, señora Pontón. *(Murmurios.) (Aplausos.)* E cando están na oposición, ese slogan de: «Eólico si, pero non así» . É dicir, eólicos cero.

O camiño, dende logo, non é o seu, o camiño é seguir facendo as cousas ben como as estamos facendo. ¡Alá vostedes!... Este goberno non vai permitir que se perdan as oportunidades, non vai permitir que a súa política de todo para as eléctricas; iso si que era todo para as eléctricas cando vostedes gobernaban, señora Pontón. Non se ría, é que non lles deu tempo. Pero, dende logo, nós non imos permitir o empobrecemento, non imos permitir perder oportunidades, que as empresas e os particulares paguen máis pola factura enerxética. Aí temos unha oportunidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Pero farémolo ben, porque o contrario é a demagogia, os amigos vergonzantes. Vostedes si que o eran. É a Galicia pobre que lles espera a todos se o BNG algunha vez pode volver gobernar e pode volver ter estas oportunidades.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, está claro que as empresas eléctricas estaban encantadas co modelo do BNG no goberno. Si, si, por iso o señor Ignacio Galán se abrazou ao señor Feijóo (*Aplausos.*) no ano 2009 na praza do Obradoiro, porque estaba entusiasmado co modelo eólico do BNG. E por iso vostedes botaron abaixo ese modelo que beneficiaba as empresas e as cooperativas galegas para seguir co seu lema: Todo para as eléctricas e nada para os galegos e para as galegas. Ese é o lema do Partido Popular.

Este é un debate moi serio, e é triste que o presidente da Xunta veña aquí facer oposición do Bipartito. Creo que xa vai entendendo cal vai ser o seu papel no futuro: facer de oposición, señor Rueda. (*Aplausos.*) Vexo que xa está facendo prácticas para o futuro.

Pero é que temos unha grande oportunidade, e nós queremos que a riqueza eólica deste país se poña ao servizo da maioría deste país, se poña ao servizo dos galegos e das galegas. E para iso necesitamos ter o control público da produción da enerxía no noso país. Hai que quitarlles a chave desa riqueza ás eléctricas e devolvérllela aos galegos e ás galegas.

Ese é, señor Rueda, o modelo do BNG; un modelo no que a enerxía teña un control público, respectuoso co medio ambiente, porque quen non modificou o Plan sectorial desde o ano 1997 para saltarse a lexislación ambiental é o Goberno do Partido Popular; quen fixo sesenta e dúas modificacións da Lei eólica para beneficiar as eléctricas é o Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) Nós defendemos un modelo respectuoso co medio ambiente, planificado, planificado polo control público, non polo sector eléctrico, e un modelo no que a riqueza se utilice para xerar riqueza e industria neste país, e que poidamos abaratarlles a factura da luz ás familias e a todas as empresas.

Porque, señor Rueda, ¿sabe cal é o principal problema que teñen as empresas deste país? O Partido Popular. (*Murmurios.*) Dezaseis mil empregos perdidos na industria, e non foron capaces de salvar nin unha soa empresa. (*Aplausos.*)

E agora o que están vostedes é utilizando outra vez a política dos grandes anuncios, utilizando supostos proxectos empresariais como coartada, para que as grandes empresas eléctricas se sigan beneficiando da riqueza do noso país.

Porque anuncios neste país teñen feitos moitos, e podería recitárllelos todos, pero vou resumir os seus anuncios nun, que é Pemex. É o mellor retrato da súa política industrial, ¡un auténtico fiasco! (*Aplausos.*) Si, si, non, non, é que se rin, rinse dos galegos e das galegas na cara con estes anuncios vergoñentos, (*Aplausos.*) querendo chantaxear este país á custa da enerxía eólica. Si, si, e permítame que siga co exemplo de Greenalia, que é onde está recollada a exconselleira do Partido Popular, porque o exconselleiro Blanco non está en ningún consello de administración. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Volveu á súa casa. Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o BNG.

E, claro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, se me permite o señor Rueda, quero facerlle unha última pregunta...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: Claro, porque esta empresa Greenalia, na que está recolocada a exconselleira do Partido Popular, vende que por subministrarlle enerxía a Alcoa durante nove anos hai que entregarlle vinte e nove parques empresariais. ¿Que pasa se rompen ese contrato? ¿Que pasa se Alcoa decide pechar dentro de tres ou catro anos, porque coa experiencia que temos con esta empresa non sería a primeira vez que se rin na cara da Xunta de Galiza? ¿Saben o que pasaría? Que teríamos menos emprego e menos industria na Mariña e que esa empresa seguiría facendo caixa cada día á custa da riqueza dos galegos e das galegas de aquí á eternidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, señor Rueda, deixe de converter Galiza nunha colonia enerxética, deixe de traballar para as eléctricas e póñase a defender os intereses do país. Traballe por Galicia e non para recolocarse en ningunha eléctrica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señora Pontón, os galegos viron o que querían facer vostedes nos anos do Bipartito e mandáronos á oposición na primeira oportunidade. Polo tanto, iso téñao claro. *(Aplausos.)* E por iso lles fastidia tanto que lles recordemos estas cousas, pero creo que é bo que se saiban, sobre todo para os que non coñeceron esa época, pois houbo xente que se incorporou despois a votar, e para os que van esquecendo, porque ao final a demagogia o que intenta é que se esquezan moitas cousas. Polo tanto, eu creo que é bo recordar.

Falamos dos amigos das eléctricas. Outro exemplo que se ve moi claro: en pleno *boom* eólico que vostedes intentaban —xa lle digo, porque non lles deu tempo— facer, ¿sabe cantos ex-



pedientes sancionadores lles abriron vostedes ás eléctricas por estes temas en catro anos? Nove. ¿Sabe por canto importe? Noventa e sete mil oitocentos cincuenta e cinco euros. ¿Sabe cantos expedientes levamos simplemente nesta lexislatura —algo máis de dous anos— abertos as eléctricas desde este goberno? Seiscentos vinte e tres. *(Risos.)* ¿Sabe por que importe de sancións? Case cinco millóns de euros. Señora Pontón, ¿quen son os amigos das eléctricas? *(Aplausos.)*

Pero se queren damos máis exemplos. Vostedes agora renegan do Partido Socialista neste tema, pero apóiano en Madrid. Vostedes, polo tanto, son cómplices de que se lles perdoaran ás eléctricas case vinte e catro mil millóns de euros. É o déficit da tarifa. Vostedes foron cómplices diso. E tamén se lles perdoaron máis de tres mil millóns de euros por non reclamar o cobrado de máis polos custos de transacción. Vostedes son cómplices porque apoian ese goberno. Vostedes son cómplices tamén de que o real decreto, toda a normativa, dende o ano 2020 fixera que afloraran tantas solicitudes de instalacións de eólicos e que se multiplicara por dez o número de solicitudes para instalar parques eólicos, e encima puxéronse os prazos moi curtos, o que obriga a unha tramitación exprés. Vostedes son cómplices de todo iso porque apoian o Goberno do que agora renegan neste tema. *(Aplausos.)*

Eu sígolle dando exemplos. A min sóbrame o tempo, non teño que ir a outras cousas como vostede fixo. Xa non sabía que dicir dos eólicos e empezou a falar de Pemex, de non sei que. Eu vou falar de eléctricas ata ao final, vou esgotar o meu tempo, para seguir desenmascarando a súa demagogia. Apoian un goberno que non foi capaz, máis ben fixo todo o contrario do que había que facer, e o resultado é que entrou cun prezo de 59 euros o megavatio e agora mesmo temos 127 euros, que é o quinto máis caro de toda a Unión Europea. Polo tanto, vostedes en vez de votar en contra dos seus orzamentos, abstéñense, e o día que teñen que falar de todo isto, falan da república galega no Congreso dos Deputados. Non se ría porque é así. Disto non dixo absolutamente nada. *(Aplausos.)*

E agora que me fala de Aragón, estou moi de acordo. O señor Lambán di e parece ser que o señor Sánchez, despois dese lío non moi ben explicado que tiveron, di que vai primar o Goberno de Aragón pola súa potencia e xeración de enerxía renovables. Pois mire: son os cuartos en España, nós somos os segundos. Espero que cando eu me dirixa ao señor Sánchez para dicir... *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...que as compensacións que lle dea Aragón as multiplique por dous a Galicia vostede estea de acordo, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Eu xa sei que todo isto lle provoca moita risa e que solta cousas por dicilo. Pero iso é a ver se deixan de ser cómplices e por unha vez fan algo útil, e conseguen algo para Galicia, porque con risitas e con mesturalo todo e con terxiversar as cifras e con esconder o que vostedes facían...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e intentaron facer sobre todo, porque —como xa digo— os galegos o colleron á primeira, con iso non arraxan nada, señora Pontón.



Mire: imos seguir co noso compromiso, pois queremos ser a comunidade autónoma coas enerxías máis limpas. Por iso temos esa alianza polo clima. Por iso estamos cunha redución do 36 por cento agora mesmo, que está moi por riba da media nacional. Por iso agora xa as tres cuartas partes da enerxía que se produce en Galicia son enerxías renovables. Por iso imos investir 90 millóns máis que nunca antes en consolidar a nosa comunidade autónoma como referente nacional en política enerxética. Dobre do orzamento para o bono eléctrico; 50 por cento máis para o bono social térmico; 4,2 millóns para axudar as pequenas e medianas empresas en eficiencia enerxética; 20,8 millóns para fomentar o autoconsumo; 18,3 millóns para a eficiencia enerxética do sector industrial; 9,6 millóns para incentivar o uso industrial do hidróxeno, biogás e biocombustibles. Onte tivemos unha magnífica noticia nese sentido. Impulsaremos a primeira plataforma experimental de enerxía eólica mariña...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...ante o atraso outra vez en algo estratéxico para Galicia do Goberno central.

En definitiva, señora Pontón, que xa vexo que isto lle dá exactamente igual, isto non serve para facer demagogia, pero isto é útil. Polo tanto, seguiremos traballando así. Se vostedes queren seguir utilizando a demagogia, se queren ocultar todo o que intentaban facer e non foron capaces, e se queren seguir sendo vostedes, si, amigos vergonzantes das eléctricas, ¡alá vostedes! Nós seguiremos facendo cousas serias porque aquí está o futuro de Galicia.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto quinto da orde día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alfonso Rueda Valenzuela e corenta e un deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz Luis Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que se dirixa, unha vez máis, ao presidente do Partido Popular para que coa súa mediación se proceda a pechar a



*grave crise institucional provocada pola negativa do dito partido á renovación dos órganos constitu-
cionais, todo elo coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na Constitución española, apro-
bada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías, moitas grazas.

Para min é unha honra participar hoxe neste debate en representación do Grupo Parlamen-
tario Popular de Galicia porque é un debate sobre unha cuestión que pola súa transcendencia
político-constitucional, por afectar as bases da nosa convivencia democrática, se centra no
núcleo central precisamente da nosa convivencia.

Diso vai esta iniciativa, do rexeitamento, que é un rexeitamento compartido por unha ampla
maioría dos cidadáns de Galicia e de España e por unha ampla maioría de expertos, é dicir,
xuristas, que teñen analizada a cuestión, porque estamos diante dunha operación que debi-
lita a defensa da Constitución democrática do ano 1978.

Certamente —non o imos ocultar—, esta iniciativa parte de tres premisas que poden ou non
poden ser compartidas, pero que na miña opinión si deberían de selo entre todos aqueles
que nos consideramos demócratas e que cremos na democracia consensualista, que é a forma
representativa e máis avanzada de democracia, e non certamente noutras formas alterna-
tivas como a democracia plebiscitaria. ¿Por que? Porque se basea no consenso; un consenso
que por primeira vez na nosa longa e conflitiva historia constitucional se acadou coa Cons-
titución de 1978.

A primeira premisa é que cremos no imperio da lei. Este é un principio básico da democracia.
Xa na Declaración de dereitos do home e do cidadán de 1793 da Revolución Francesa, e que
despois se converteu no preámbulo na propia Constitución que aprobou a Asemblea, dise,
artigo 3: «A lei é a expresión libre e solemne da vontade xeral, é a mesma para todos, sexa
para protexer ou para castigar». Artigo 11: «Todo acto exercido contra un home fóra dos
casos e das formas previstas na lei é arbitrario e tiránico». E artigo 12: «Todo aquel que
promova, solicite, execute ou faga que sexan executadas ordes arbitrarias é culpable e debe
ser castigado».

En definitiva, a primeira premisa é que as leis democráticas son a base da nosa convivencia,
que dentro do estado de dereito todo é posible e que fóra do estado de dereito só reina a ar-
bitrariedade.

Isto é particularmente certo no caso da Constitución de 1978, que —como saben— a dife-
renza doutras como a alemá non é unha constitución militante, que permite, polo tanto, que
se defendan todas aquelas ideas, mesmo as que queren cambiar radicalmente o contido da
Constitución. E, de feito, en España non é delito defender a derogación ou modificación da
Constitución, nin ser independentista nin pedir a independencia de parte do territorio, pero
si que é facelo á marxe da propia lei, da Constitución, que ademais de ter mecanismos de
reforma no título décimo —por certo que poden ser incluso instados desde unha cámara



autonómica de acordo co previsto no artigo 87.2 da Constitución—, en cambio si é contrario no seu réxime xurídico facelo incorrendo en violencia, alzamento con violencia, cando se ten a intención expresa de vulnerar o réxime democrático —isto foi o que ocorreu no 23-F— ou como ocorreu no caso dos sediciosos cataláns, cando o alzamento á violencia non se fai coa intención directa de derrocar o réxime, senón de supostamente abrir un proceso de negociación, que é o que di a sentenza que condena por sedición os líderes cataláns.

A segunda premisa loxicamente é que a estabilidade constitucional é un ben protexible, primeiro, porque afecta a defensa dos dereitos dos cidadáns libres que formamos a comunidade política española; en segundo lugar, polas consecuencias económicas. Non teño que explicar, e mesmo no Grupo Socialista hai quen sabe a importancia que ten a estabilidade institucional para o progreso económico e como sufriron os propios cataláns co abandono de catro mil empresas durante o *procés* do territorio de Cataluña. Ten consecuencias sociais porque afecta a división social, as familias, etc.; experiencias tamén abundan. E, por suposto, no caso galego porque a Constitución é a razón de ser do autogoberno, do sonho dos galeguistas, desde Castelao a Piñeiro, pasando por Brañas, Risco e todos os que vostedes queiran.

E a terceira premisa é que protexer a Constitución ten moitas dimensións, como o respecto ás institucións. A súa reforma é unha forma de protexer a Constitución. E no caso extremo a última ratio do dereito penal polo cal en todos os réximes democráticos hai delitos contra a Constitución, en todos os ordenamentos xurídicos con penas moi severas, e moito máis severas incluso que no Código penal español, como acabamos de ver nos Estados Unidos, onde as penas aos que interferiron no proceso de proclamación do novo presidente nos feitos do asalto ao congreso do 6 de xaneiro do ano 2021 poden pasar na cadea entre sesenta e oitenta anos, como vimos onte que publicaba a prensa.

Partindo destas premisas hai uns feitos que son realidade e verdade xudicial e que, polo tanto, só cómpre recordar. Aprobouse unha Lei de desconexión que proclamaba a República de Cataluña, o Estado catalán, que abolía a monarquía. Aprobouse unha Lei de referendo ilegal de autodeterminación. Todo iso ademais en contra da opinión dos letrados da cámara, e leváronse á práctica en contra das ordes dadas polo Tribunal Constitucional. E ademais todo iso financiouse —como sabemos— con cartos que non estaban destinados a ese fin; polo tanto, incorrendo en malversación como di a propia sentenza.

Houbo polo medio algún acto onde si houbo violencia, como o día 20 de setembro de 2017, onde se impediu executar unha orde xudicial dunha comisión que ía buscar información á Consellería de Economía de Cataluña. E todo iso, evidentemente, está fóra da lei. Parafraseando a declaración dos Dereitos do home: son accións arbitrarias e tiránicas. Polo tanto, o Tribunal condenou —esa é a verdade xudicial— por sedición, malversación ou desobediencia distintos líderes políticos cataláns.

A partir de aí vivimos un primeiro episodio que foi o do indulto. O indulto que fixo o Goberno socialista en contra da opinión do Tribunal Supremo, que dixo na súa opinión e de acordo co comunicado do Consello Xeral do Poder Xudicial que: «La Sala no se aferra a concepciones obsoletas acerca del significado de la resocialización del penado, sobre todo cuando este no comparte ni se identifica con los valores sociales hegemónicos. Pero esta idea no es incom-



patible con la aceptación de que una sociedad pluralista inspirada en los valores democráticos puede exigir mediante la imposición de una pena que la ruptura de las bases de la convivencia nunca sea el fruto de una decisión unilateral apoyada en la engañosa movilización de una ciudadanía, a la que irresponsablemente se empuja a construir un nuevo estado que solo existe en la imaginación de los promotores». Isto xusto coa ausencia radical de arrepentimento fixo que o Tribunal Supremo se opuxese a, que si se fixo, facerlles o indulto aos condenados por sedición.

E agora estamos diante dun segundo paso coa desaparición do propio delito de sedición. A reacción é moi ampla. A doutrina, por citar un caso, o profesor Tajadura, catedrático de Constitucional no País Vasco: «*La suspensión del delito de sedición tendrá efectos muy perniciosos y dejará al estado prácticamente indefenso ante intentonas golpistas como la producida en Cataluña en 2017*». Ou o comunicado da Asociación de Fiscales, que di: «*La reforma propuesta supone una desprotección del orden constitucional, que es un valor imprescindible para mantener el estado de derecho y las garantías de todos los ciudadanos, y que exige tipos específicos y penas que cumplan con las funciones preventivo-generales y especiales que le son propias*».

A opinión pública está en contra. Hai unha recente enquisa que di que o 65,9 por cento dos cidadáns españois están en contra de eliminar o delito de sedición; por certo, o 56 por cento dos votantes do PSOE tamén o están. E, en cambio, están só a favor o 16 por cento, dos cales o 61 por cento son votantes nacionalistas.

A pregunta é: ¿por que fai o Goberno todo isto? E tamén vou facer unha cita doutro catedrático de Constitucional: «É tan fácil velo e á vez tan incomprendible que se resume en que esta reforma non cabe ser xustificada porque só se pode entender desde claves políticas vencelladas aos obxectivos do goberno».

Evidentemente, as formas de tramitación desta lei en parello cos orzamentos, por urxencia e mesmo —como vimos onte— coincidindo con eventos sociais que fan que a xente practicamente non se entere de certos debates, o que levan é a coincidir con esta conclusión. Está primando o interese do goberno por manterse no poder un ano máis, sobre algo tan importante como é a defensa dunha constitución democrática, que, de acordo con todas as opinións máis autorizadas, parece que queda moito máis desprotexida. *(Aplausos.)*

E precisamente porque nós cremos no estado de dereito, no imperio da lei, na democracia, na Constitución española, e porque precisamente esta proposición de lei vai en contra do sistema constitucional, que queda menos protexido, que se fai sen o consenso que levou a todas as transformacións de desenvolvemento do bloque de constitucionalidade entre o Partido Popular e o Partido Socialista, e porque, en definitiva, conleva á deterioración das nosas institucións, entendemos que hai motivos abondos para que a través da súa cámara de representación Galicia manifeste a súa opinión contraria a unha reforma que fai máis vulnerables as bases da nosa convivencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.



O reloxo na tribuna non funciona. Hoxe hai un problema. Entón, eu estouno controlando desde aquí e irei avisando de como vai o tempo, pero non funciona hoxe aí abaixo. Mala sorte, isto pásalle a calquera.

Intervencións dos grupos.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Puy, en primeiro lugar, quero agradecerlle sinceramente o ton que empregou vostede na súa intervención sobre un asunto que, efectivamente, pode chegar a levantar paixóns, como fixeron algúns dos seus homólogos noutros parlamentos ao defenderen iniciativas deste teor cun ton, desde logo, moitísimo máis agresivo e moitísimo menos construtivo, polo tanto.

Vaime permitir que desde o respecto eu lle diga que unha das afirmacións que fixo vostede é cando menos cuestionable, porque creo que, dentro da pouca seriedade que lles pode atribuír vostede ao Congreso dos Deputados e á Presidencia do Parlamento, supeditar os debates políticos ao calendario do mundial de fútbol (*Aplausos.*) parece cando menos unha —digamos— concomitancia moi tanxencial coa realidade. Pero vaíamos ao fondo da iniciativa.

Efectivamente, presentouse unha iniciativa que o que trata é de harmonizar a lexislación española e a das principais democracias europeas. Esa proposta afronta algúns dos retos pendentes na lexislación penal española en relación con certo tipo de delitos e penas que, por un lado, a evolución social, por outro, a experiencia e, por outro, o dereito comparado convidan a revisar, á vez que se corríxen tipos inexistentes nos países integrantes da Unión Europea e penas tamén desproporcionadas.

Esta proposición traspón unha serie de directivas europeas que non teño tempo de mencionar, porque me quitaría tempo do verdadeiro motivo da súa iniciativa.

Efectivamente, abórdase nesa reforma o título vixésimo segundo do Código penal, o que comunmente se refire ao delito de sedición. E indo ao ámbito particular, o Grupo Parlamentario Socialista presentou no congreso unha proposición de lei orgánica para reformar o actual delito de sedición e harmonizar o noso Código penal no que respecta a ese delito aos códigos penais dalgunhas das principais democracias europeas, como Alemaña, Bélxica, Francia, Suíza ou Italia; cousa que vostede sabe perfectamente.

En liña con eses países da Unión Europea créase un novo delito de desorde pública agravada en substitución do delito de sedición. Este vai castigar aqueles que actúen con violencia ou intimidación no seo dunha multitude capaz de alterar a orde pública, é dicir, capaz de impedir que se apliquen as leis e as resolucións administrativas e xudiciais. E a pena establécese entre tres e cinco anos de prisión e inhabilitación especial para o emprego e cargo público,



e no caso de que ese delito o cometan autoridades será inhabilitación absoluta por un tempo de seis a oito anos.

Nos países europeos da nosa tradición xurídica non existe o delito de sedición. Alemaña —e vostede sábeo— derogou o seu equivalente, o coñecido como «delito de tumulto», en 1970 e integrouno en quebrantamento da paz pública. Exactamente o mesmo sucede en Francia, Italia, Bélxica e Suíza. Este, polo tanto, homologa o noso Código penal cos países da Unión Europea, porque a sedición, señor Puy, é unha figura obsoleta que en España vén do Código penal de 1822 —cousa que vostede sabe moitísimo mellor ca min— e que foi superada desde hai tempo en Europa. De feito, nos países —como lle dicía antes— da nosa tradición xurídica non existe ese delito.

Alemaña ten o delito de quebrantamento de paz pública con tres anos de prisión, cinco anos con concorrencia en circunstancias agravantes. Francia, a rebelión na modalidade de comisión en grupo, tres anos de prisión. Italia, resistencia a un funcionario público, entre seis meses e cinco anos de prisión. Suíza, violencia ou ameaza contra autoridades ou empregados públicos, ata tres anos de prisión. Bélxica no delito de rebelión, modalidade tamén de comisión en grupo, dun a cinco anos de prisión.

Entón, a pregunta que eu lle formulo, señor Puy, é a seguinte: ¿pode afirmar vostede que estes estados con este ordenamento están indefensos, como acaba de afirmar? Están indefensos, ¿non? Ou sexa, Alemaña, Francia, Italia, Suíza e Bélxica están indefensos porque teñen esta tipificación nos seus códigos penais. (*Aplausos.*) Ben, pois nada, trasladarémolles de parte do Partido Popular de Galicia as condolencias porque non saben o mal que están porque están indefensos.

A principal vantaxe desta homologación é que vai facilitar a cooperación con outros estados membros e vai permitir, por exemplo, que se cumpra o requisito de dobre incriminación que se exige nas ordes europeas de extradición. Se tiveramos estes delitos homologados non teríamos os problemas que tivemos con respecto a ordes de extradición fracasadas, e vostede sábeo.

A reforma non é ningunha concesión ao independentismo, señor Puy, por moito que se empeñen vostedes en dicilo, porque os delitos cometidos polos líderes independentistas en Cataluña en 2017 continuarán recollidos e tipificados no Código penal español. Iso é algo que vostedes non queren dicir. E os feitos do 1 de setembro ao 1 de outubro do ano 2017 non quedan despenalizados. E se volve haber un delito como, efectivamente, acreditou o Tribunal Supremo en 2019 ou onde haxa episodios violentos ou onde a multitude impida ás autoridades actuar, o Estado terá agora un instrumento máis eficaz e con penas homologadas con Europa. Porque, señor Puy, diso non imos discrepar, nun estado de dereito deciden os xuíces, e o que se pretende é darlles unha ferramenta adecuada a delitos do ano 2022 cunha ferramenta que teñen que procede neste momento do ano 1822, é dicir, hai douscentos anos. E este é un trámite habitual, señor Puy.

De feito, nas últimas nove lexislaturas presentáronse dez proposicións de lei para reformar o Código penal. Por exemplo, no ano 2002, para regular os delitos de subtracción de meno-



res; no ano 2015, para terrorismo xihadista; no ano 2019 e 2022, delitos contra a seguridade viaria; no ano 2021, sobre as mobilizacións sindicais; ou no ano 2022, sobre o acoso ás mulleres que acoden ás clínicas para interromper o seu embarazo.

E esta, señor Puy, é unha reforma que garante o reencontro e a convivencia en Cataluña. Lamentablemente, o que non lles gusta a vostedes é que o problema de convivencia que existía en Cataluña quedou francamente superado e diminuído ata practicamente chegar a ser residual. Cataluña está hoxe infinitamente mellor que no ano 2017, e agora hai unha maioría de cataláns que queren permanecer en España. Antes era o 41,6 por cento; agora, o 50,1 por cento.

Cando o señor Sánchez chegou ao goberno eran maioría os partidarios da independencia, un corenta e oito por cento, fronte a un 43,7 por cento que hai neste momento. E só un dez por cento agora defende a vía unilateral. ¿Que situación é mellor, a de antes ou a de agora? Socioloxicamente, ¿cal situación é mellor, a de antes ou a de agora? *(Aplausos.)*

Esta reforma —como lles dicía— continúa nesa senda de reforzar a convivencia e o reencontro e reducir tamén a marxe de actuación dos partidarios da unilateralidade. Porque o Goberno do Estado —gústelles máis ou menos, que sei que lles gusta pouco— foi desmontando os elementos esenciais do proceso soberanista. ¿Por que? Porque se trata de empregar a política como ferramenta de diálogo. Porque todos, todos os que aquí estamos, e deben sabelo as alumnas e os alumnos que nos están escoitando, estamos aquí para mellorar a vida dos cidadáns e para afrontar os retos e as tarefas pendentes que ten o noso país, aínda, señor Puy, que nos custe votos. O interese de España está para o PSOE por encima das siglas. O beneficio social é superior ao beneficio político.

Míre: no ano 2017 o problema de convivencia en Cataluña era a segunda preocupación dos cataláns. ¿Sabe que lugar ocupa neste momento? O corenta e un. ¿Cre vostede que non merece a pena o esforzo, o risco político incluso, de mellorar esa situación como proba evidente este dato que lle acabo de dar? *(Aplausos.)* Porque o certo, señor Puy, é que se herdou unha situación envelenada no ano 2019, situación na que, evidentemente, tivo moito que ver a actuación do Goberno do señor Rajoy; actuación na que, por certo, contou co apoio do Partido Socialista Obreiro Español no Congreso dos Deputados, perdón, no Senado, que sería o tecnicismo correcto.

E ante a pregunta, señor Puy, de se preferimos a Cataluña do ano 2022 e, polo tanto, a España do ano 2022, ou a Cataluña e, polo tanto, a España do ano 2017, a resposta para nós é autoevidente, é unha perogrullada: preferimos a España do ano 2022. *(Aplausos.)* Porque, señor Puy, o Goberno de España garante o respecto escrupuloso da Constitución e da legalidade democrática en Cataluña. E, en segundo lugar, porque o Executivo vai seguir expoñendo medidas como agora esta reforma...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...— si, vou rematando, señor presidente— esta reforma que estamos a debater neste momento.



Un par de matices. A vostede gústalle moito comparar a lexislación cando fala, por exemplo, da figura do imposto do patrimonio e dicir que non existe noutros países da Unión Europea. Non lle gusta tanto cando se trata de homologar neste caso un delito inexistente noutras normativas a España. Iso xa lle gusta menos. Ten vostede, polo tanto, unha certa asimetría no ámbito do dereito comparado: o que me gusta hai que ir aí, o que non me gusta non se debe ir aí. *(Aplausos.)*

Pero —vou rematar, señor presidente— por moito que se empeñen vostedes, e agora non falo exclusivamente para vostede, senón para vostedes, deputadas e deputados do Partido Popular, non son os únicos que defenden nin a unidade do estado nin a Constitución, por moito que se empeñen. O Partido Socialista de Galicia, e falo no seu nome nesta cámara neste momento, o Partido Socialista Obrero Español, é un partido que cre na unidade do estado e defende a Constitución tanto coma vostedes.

O PSOE, desde que se aprobou a Constitución, cumpriu sempre coas súas obrigas constitucionais. E de aí a nosa emenda que vostedes coñecen perfectamente. Emenda de substitución para que este parlamento inste a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado —isto parece un problema de matemáticas de progresividade transitiva—, para que cumpran vostedes coa súa obriga constitucional e faciliten a renovación dos órganos, como fixo o PSOE cando non estaba no goberno, pero si tivo a colaboración necesaria o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...a diferenza deste momento.

—Remato xa. — Señor Puy, o seu problema —non falo do seu persoalmente, senón do Partido Popular— é que cando vostedes pretenden iniciar unha viaxe ao centro, ou centrípeto se queren, sempre hai alguén que os centrifuga, é dicir, que os devolve á periferia. Podo poñerlle nome a esta centrifugación, pero eu creo que todas e todos os que estamos aquí sabemos de quen estou a falar de forma implícita.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Benvidas e benvidos tamén o alumnado que está arriba na tribuna de persoas convidadas.

Eu non sei se lles importa máis ou menos o mundial de Qatar ás súas señorías do Partido Popular de Galiza, o que nos queda cada día máis claro, polo menos ao Bloque Nacionalista Galego, é que ao Partido Popular aquí en Galiza cada vez lle marcan máis a axenda desde



Madrid e cada vez deciden máis na sede en Génova cales son as iniciativas e os debates (*Aplausos.*) que teñen que marcar vostedes aquí nesta cámara.

Nós sempre agradecidas de que traian todos os temas e asuntos que consideren oportunos, pero tamén vemos con certa non sei se pena ou, polo menos, con certa incredulidade que lle dean máis prioridade á axenda que lles marcan os intereses electorais do Partido Popular en Madrid que á realidade galega.

E digo isto porque hai problemas, e abondos, na sociedade deste país hoxe en día. Por exemplo, na sanidade pública, agora que din que van pechar centros de saúde, que as enfermeiras van facer de médicos ou que van atender os PAC a través de telepantalla. (*Aplausos.*) Hai bastantes problemas nos fogares e nas pequenas e medianas empresas deste país, que non se preocupan xa polo final do mes, senón pola primeira semana para ver como van facer fronte á factura da luz ou á suba da hipoteca. Ou hai miles de persoas neste país perceptoras como eran da Tarxeta Básica, que ven con certa preocupación como o Goberno do Partido Popular lles nega esta axuda de emerxencia, pero a este preocúpalle a desprotección, a suposta *desprotección del orden constitucional*.

En todo caso, nós o que cremos desde o Bloque Nacionalista Galego é que o Partido Popular non só quixo converter este parlamento hoxe, senón todos os concellos deste país, porque lle merecía e lle parecía que merecía a urxencia do debate tamén as mocións municipais, que queiran converter este país e este parlamento nun apéndice da sede do Partido Popular en Madrid. O único que os move —dígollelo con toda a franqueza do mundo, señorías— é o interese partidista e electoralista do Partido Popular en Madrid, nin as galegas nin os galegos nin a súa realidade nin os seus problemas.

Nós, como creo que non os sorprenderá, imos votar hoxe en contra desta iniciativa e explicarei o porqué.

Primeiro, porque vostede revestiuno bastante dun ton académico, que é ademais habitual no portavoz do Grupo Parlamentario Popular, pero nós, que ademais de escoitalo con moita atención sempre temos a ben ler pormenorizada e detidamente as exposicións de motivos das iniciativas que se traen, atopamos na iniciativa desta proposición non de lei un tufo reaccionario do discurso do Partido Popular, que debería preocupar e bastante. E digo por que. Porque segundo o Partido Popular e o texto que se presentou aquí e nos concellos de Galiza, quen legisla son os xuíces, quen fan as leis son os xuíces. Porque reformar o Código penal —que eu quero lembrar que, efectivamente, é unha lei, *no las tablas de Moisés esculpidas en piedra*—, reformar esa lei orgánica que é o Código penal —cito textualmente— «*menoscaba la independencia judicial*». Afirmar que o exercicio do poder legislativo por quen ten a potestade de legislar pon «claramente en cuestión a independencia do poder xudicial».

Ademais de ser mentira, señorías, o que deixa en evidencia é a idea que teñen vostedes de democracia. Porque realmente detrás de todo isto o que está é que ao Partido Popular o que lle proe é que exista unha maioría parlamentaria no Congreso que non lles dá a razón. O que lles preocupa é que exista unha maioría parlamentaria que non é a súa. O que lles molesta é



que haxa xente que pense distinto e que poida tomar decisións e cambiar as leis no congreso e no parlamento, que é onde corresponde facelo.

A vostedes a democracia válleslles mentres manda o Partido Popular, porque pensan alí, igual que acontece aquí cada día, que esta é a súa leira, e aquí só sachan eles. Cando o PP deixa de gobernar, segundo vostedes, a democracia desaparece; todo é ilexítimo, sempre que non sexan vostedes os que mandan. Pois non, os parlamentos fan as leis. Vostede fixo un alegato na súa intervención de defensa da lei, ¿quen as fai? Os parlamentos fan as leis. Tamén o Código pena, insisto en que non son as táboas de Moisés esculpidas en pedra. (*Aplausos.*) E as leis apróbanse por maioría absoluta cando se trata dunha lei orgánica no Congreso. Vostedes non teñen esa maioría, patexen o que queiran, fagan o ruído que queiran, reméxanse o que queiran, pero a democracia é así. A min hai moitas cousas que non me gustan; a min gustaríame outra maioría parlamentaria no meu país, pero téñena vostedes, e aceptámolo. Non son ilexítimos porque eu non lles dea a razón no que pensan.

Desde o BNG votamos, polo tanto, en consonancia coa nosa posición, a favor da tramitación da proposición de lei orgánica de reforma do Código penal que hoxe se está debatendo nesta cámara. E reafirmámonos nos argumentos de por que é necesario suprimir o delito de sedición do Código penal español. Suprimir ese delito de sedición é acabar cun anacronismo antidemocrático que data en orixe de 1822 e do que se mantivo practicamente inalterada a súa redacción até o día de hoxe; apenas cambiou nada, unha liña no Código penal de 1995.

É un anacronismo antidemocrático que non ten correspondencia coa lexislación penal da maior parte dos estados membros da Unión Europea. Certo é que non se pode facer unha comparación entre ordenamentos xurídicos que non teñen tipificado ou recollido a denominación exacta do tipo de sedición que existe no Código penal español. Pero o que vemos é que esas condutas que se pretenden punir nese delito de sedición contra a orde constitucional dun país requiren de actuacións violentas nos outros códigos penais da nosa contorna, da contorna europea, para ser castigadas con penas de prisión de máis de dez anos.

Non existe pois unha equivalencia do delito de sedición a respecto de tan elevadísima pena como a que se impón actualmente no Código penal do Estado español, de dez a quince anos, lembremos. Falouse de Alemaña, por exemplo, do artigo 81 do Código penal, da alta traición contra a Federación; o 241 do Código penal italiano; o 433 do francés ou o belga. Efectivamente, deste sabemos bastante todas e todos porque aínda está resoando a labazada que lle pegou a xustiza belga ao Estado español (*Aplausos.*) ao dicirlle que non extraditaban unha persoa porque non había ese delito. Entre outras cousas, porque a rebelión sen armas recollida no Código penal belga, a rebelión sen armas en Bélxica, está penada —eu non o sabía, sóubeno buscando e preparando esta intervención— de oito días a seis meses de prisión. Esa é a realidade dos países da contorna europea do Estado español. E así todo.

Suprimir, polo tanto, o anacronismo antidemocrático do delito de sedición é unha concesión, efectivamente, pero á democracia, á calidade da democracia do Estado español e, sobre todo, un obxectivo non menor, que é sacar os problemas políticos, os conflitos políticos do ámbito xudicial. É necesario suprimir o delito de sedición por hixiene democrática, pero ollo: non pode servir para introducir no delito de desordes públicas agravadas consideracións que obs-



taculicen ou punan o exercicio de dereitos fundamentais, como é o de manifestación ou o de protesta.

Por iso nós, o BNG, como grupo, como organización, formularemos no proceso de tramitación desa reforma do Código penal as emendas que correspondan para garantir sempre as máis altas cotas e estándares democráticos que aseguren un amplo exercicio dos dereitos fundamentais, incluído o dereito de protesta pública, que é un dereito esencial —lembre-mos—, porque é a través del como se invoca o exercicio dos demais dereitos.

—Remato—. Señorías do Partido Popular, ¿queren pregar os seus intereses como Partido Popular de Galiza á axenda política madrileña? Fágano, pero non nos arrastren ás demais e, sobre todo, non arrastren este parlamento e este país con vostedes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Señorías, primeiro, algo sobre a emenda. Vostedes o que nos piden é un texto de substitución, polo cal saquemos a condena á desaparición de delito de sedición por instar un partido que negocie con outro, que é o noso co de vostedes, para a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Cando queira debatemos iso. Noutros parlamentos presentaron unha iniciativa ao respecto, por exemplo, no de Aragón. Pero o certo é que mesturar unha cousa coa outra, isto recór-dame cando eu lle dicía ao meu fillo que estaba facendo algo mal e sempre me respondía: ti fumabas, ti fumas. Ben, eu fumo ata mal, pero iso non quere dicir que o que esteas facendo ti estea ben.

Dito isto, quero recordar que se rompe o compromiso, primeiro, porque se irrompe coa Lei de sedición que, de acordo co que nos din, estaba pactado que non se ía levar ao congreso, e ademais, faise facendo unha «lei singular», nome e expresión que emprega o Consello de Fiscais, é dicir, en beneficio de persoas concretas en contra do principio de xeneralidade da lei. Estabamos facendo un pacto para prestixiar a xustiza e a súa independencia, e resulta que vostedes aproban ou propoñen esa lei singular. (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, todo ese conxunto de negociacións o que trataban era de que os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial e os membros do Tribunal Constitucional, aínda que despois quedemos sen cambiar o sistema como pide a Unión Europea para a elección dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, resulta que aos poucos días vostedes propoñen un exministro de Xustiza, o que deu os indultos, e unha exdirectora xeral do Partido Socialista como maxistrados do Tribunal Constitucional. Ata onte o editorial de *El País* dicía



que «*la apariencia de independencia e imparcialidad queda tocada*». Vostedes están facendo unha cousa e dicindo a contraria. Polo tanto, cando queira, debatemos sobre a cuestión da renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e da independencia e xustiza.

Segundo, as reaccións contra a eliminación do delito do que estamos a falar é moi ampla. Hai filósofos, Savater, Trapiello..., e López Burñiol dixo que era unha «*amnistía camuflada*». E estou falando de persoas un pouco alleas ao Partido Popular. Felipe González estaba dicindo na televisión cando empezamos este debate que as desordes públicas non se axustan «*a lo que pasó en Cataluña*». E non vou citar a Paje Lambán, que bastante teñen co que teñen.

Pero permítame que lle cite a Tomás de la Cuadra Salcedo, exministro socialista de Xustiza, catedrático emérito de Dereito Constitucional, que dixo estes días, despois de defender os indultos pola vía da pacificación, que «*discrepa con la proposición de ley que se debate estos días suprimiendo el derecho de sedición*». ¿Por que? Porque «*o que necesita o noso país é reforzar a protección da orde constitucional fronte a novas formas de ruptura de tal orde, que consisten en utilizar as institucións e as leis como ariete contra a propia Constitución*». Isto dio o exministro de Xustiza socialista e catedrático de Dereito Constitucional Tomás de la Cuadra.

Ben, nós xa vemos onde está o Partido Socialista de Galicia, está na disciplina. A nós parécenos moi ben. Pero debería de prestar atención ao BNG. O BNG, a señora Olaia —a quen lle agradezo tamén o ton da súa intervención, por suposto—, claro que está a favor; xa sabemos que están a favor. Os que son nacionalistas, que defenden o independentismo, ¿como non van a estar a favor da irmandade entre nacionalistas? Eu o que lle recomendaría é que esa mensaxe sobre o independentismo soberanismo, dirixido a dummies, que aparentemente ía dirixido ao Partido Popular, realmente ía dirixido ao Partido Socialista, porque é con vostedes con quen se están xogando os cartos os señores nacionalistas. Iso é o que queren eles. E eu pregunto ao Partido Socialista se lle paga a pena, por gobernar, por estar un ano máis no goberno, facer esas cesións a quen en realidade o que quere é romper España e romper o sistema constitucional.

Señora Olaia Rodil, díxome que traemos isto aquí despois de ter debatido sobre se debemos de ter unha selección nacional que xogue ao fútbol gaélico, porque o trouxeron vostedes, ou despois de que o Día da Dignidade sexa o día no que houbo unha manifestación contra o Goberno do Partido Popular, pois comprenderán vostedes que non vou dicir pouco máis. (*Aplausos.*)

E en canto a tufo reaccionario, sobre isto tamén hai moito escrito, sobre isto é mellor que non nos poñamos moi de acordo. Eu podo dicir, como dicía Camus nas *Cartas a un amigo alemán*, que eu amo tanto a Galicia que non podo ser nacionalista. O libro está traducido por Beiras e pode vostede lelo en galego, que é boa a tradución. Pero o tufo reaccionario é o nacionalismo, particularmente no caso catalán, onde tivemos exemplos como o señor Torra que presidiu a Generalitat, evidentemente, reivindicando antecedentes de varios tipos de carácter carlista, como se ten escrito e publicado tamén dabondo.

En todo caso, importante —e refírome ao PSOE— é que se fixen en que estamos falando de modelos de democracia consensualista, que é pactar as grandes forzas políticas, ou o modelo maioritario, que propuxo a señora Rodil.



A nós non nos preocupa que unha lei se reforme por maioría, o que nos preocupa é que o desenvolvemento do bloque de constitucionalidade se faga de parte, e particularmente para beneficiar unhas persoas que delinquiron contra a orde constitucional. Iso si que é o que nos preocupa.

Dureza das sancións...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: ...Lean a propia sentenza do Tribunal Supremo, que lles explica que as sancións que hai en España son en moitos casos inferiores ás que hai por aí.

¿Está Cataluña o mellor ou peor? Os que están mellor son os que foron beneficiados pola desaparición do dereito de sedición, é dicir, os condenados por sedición; eses sen dúbida están mellor. Cataluña segue sen estar moi ben. O problema é: ¿por que está mellor do que estaba antes, porque se aplicou a lei, porque se aplicou o 155, porque se condenou aqueles que de acordo co Tribunal Supremo fixeron un acto de sedición? ¿Ou está mellor porque estamos dialogando con eles? Nós cremos no diálogo. A Constitución foi dialogada, o Código penal foi dialogado, o do 1995, chamado «Código da democracia», que é o que impón esas penas; por certo, un código que se aprobou na súa época.

En definitiva, señorías, nós non podemos apoiar esta reforma e queremos que vote Galicia e se manifeste en contra desta reforma, tanto por motivos de forma, unha proposición de lei sen ningún tipo de informe nin da Comisión xeral de codificación, nin os informes do Consello de Estado, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Consello Fiscal. Estase tramitando en urxencia. Hai paralizadas dúcias de leis no Congreso...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PUY FRAGA: ...e esta vai por urxencia, e sen consenso e, desde logo, polo fondo.

A Constitución queda máis desprotexida. Estábase analizando e branqueando o ataque á Constitución que foi o *procés*. O Código penal non se está equiparando co da Unión Europea. No ámbito da protección da Constitución é necesario un axuste que non se está a facer con esta reforma. E, por suposto, preocupánnos as consecuencias de futuro.

O señor Pérez Aragonés dixo: estamos empezando o primeiro paso na consecución dos nosos obxectivos, despois vén a amnistía e a autodeterminación. Iso é como o interpretan os independentistas cataláns.

Nós, certamente, queremos que conste a nosa oposición a esta desprotección nova por intereses persoais e partidistas que se está a tramitar no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Non sei se foi aceptada ou non? (*Negación.*) Non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16 ; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiro.

Non sei se hai unha transacción. ¿Hai unha transacción? ¿Coñecen os grupos a transacción?

O señor BALSEIRO OROL: Fixémoslla chegar á Mesa, pero se quere léoa.

O señor PRESIDENTE: Léaa.

O señor BALSEIRO OROL: Cambia nada máis que a letra c) do punto 2, que di: «Amosar un compromiso claro por parte do Goberno central, Xunta de Galicia e Alcoa que garanta a vertebración da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación en todas as reunións da Mesa de seguimento de Alcoa do Ministerio para a Transacción Ecolóxica e o Reto Demográfico.»

O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción.

Grazas.

¿Si?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede, señor Balseiro?



O señor BALSEIRO OROL: Si.

O señor PRESIDENTE: Votamos en primeiro lugar ese punto 2.c).

Votación do punto 2.c) do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto da súa competencia como de tramitación ministerial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 2.c) desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, agás o punto 2.c), por iniciativa de D^a María Elena Candia López e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos tanto da súa competencia como de tramitación ministerial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para declarar servizo educativo complementario aos servizos da aula matinal, madrugadores escolares e almorzo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular. ¿Non sei se foi aceptada?

A señora DÍAZ VARELA: Foi transaccionada.

O señor PRESIDENTE: ¿Hai unha transacción?

A señora DÍAZ VARELA: Si.

O señor PRESIDENTE: Si, déanlle voz ao escano.

Explique a transacción a señora autora da iniciativa.

A señora DÍAZ VARELA: Hai unha transacción pola que como xa dixemos aceptamos o punto b) do segundo apartado da emenda, pero como engádega, e pasa a ser o punto f). E despois tamén aceptamos o c) do mesmo segundo punto, substituíndo o noso c).

O señor PRESIDENTE: Non entendín moi ben.

A señora DÍAZ VARELA: Expliqueino no estrado onte. ¿Non quedou claro?

O señor PRESIDENTE: Non sei se era mellor. Eu case entendía mellor léndoo, porque eu agora non me aclarei moi ben, pero ao mellor se todos vostedes o entenderon, a min váleme.

A señora DÍAZ VARELA: É o que expliquei onte no estrado.

O señor PRESIDENTE: ¿Está entendido? (*Asentimento.*)

Ben, entendérono todos. Eu non estaba, por iso o digo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Tamén piden a votación por puntos. Entón, ¿que puntos se queren separar?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas.

Queremos separar do punto 2 a letra b), a letra d) e a letra e).

O señor PRESIDENTE: Procedemos a esta votación en primeiro lugar.

(*Unha das súas señorías pregunta: ¿Que votamos?*)



Isto que acaba de comentar a señora Prado, esta separación de puntos.

Votación das letras b), d) e e) do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas letras desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as letras b), d) e e) do punto 2, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, sobre a ratificación por parte do Parlamento de Galicia do seu compromiso contra a violencia machista e en defensa dos dereitos das mulleres, así como as medidas que nesta materia debe adoptar a Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer o día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Pedro Puy.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alfonso Rueda Valenzuela e corenta e un deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que non se leve a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

E continuamos coa orde do día, punto cuarto, interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Non me resisto a lembrar que de tantos amores a España a min algún lémbreme ao de Norman Bates, que de tanto querer a súa nai miren como acabou. E levo toda a vida escoitando que se rompe España e *eppur si muove*, que debe ser bastante forte.

En fin, señor presidente, señor conselleiro, non é a primeira vez que falamos de atención primaria. E dada a súa tendencia a lanzar estes globos sonda —que lanza así un por semana, cunha cadencia ademais bastante planificada—, parece que imos intentar falar durante moitas outras veces. Porque súmase a esa tendencia aos globos sonda a dificultade para tomar medidas de verdade efectivas, ou, cando toman algunha, que os tribunais lle dean a volta, como lles pasou estes recentes días. Supoño que xa non intentarán botarnos en cara que nós non apoiáramos unha norma á que os xulgados lle deron a volta. Supoño que iso xa non o intentarán, aínda que, ben, todo é posible na viña do Señor.

En todo caso, para falar sobre a atención primaria, mire, en Galicia hai un problema de atención primaria —que non só é de Galicia—, que non é un problema de número de estudantes, de número de estudantes de Medicina, porque producimos en España máis estudantes dos profesionais que se xubilan —algo máis—; non é un problema de número de profesionais, a pesar de que vostedes impliquen ese dato.



Mire, (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*) eu ensinolle o volume de crecemento dos profesionais sanitarios en España nos últimos anos; cada vez hai máis. Os datos do propio Instituto Galego de Estatística ou do INE indican que de cinco anos para aquí debería haber dispoñibles en Galicia algo así como mil trescentos médicos máis. Vostedes poden apelar despois en realidade a que é un problema de prazas de especialistas en atención primaria, e, por tanto, demandan máis prazas MIR.

Pero, mire, vuelle ensinarlle outro gráfico —que me gusta moito, hoxe veño con gráficos— (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*). Este é o incremento de prazas MIR nos últimos anos. Está fácil incluso para min: os azuis son as prazas que implantou o Partido Popular no Goberno de España; as vermellas, as do Goberno socialista. Creo que é fácil ver, non está trucada, isto non é algún periódico da ultradereita; creo que é fácil ver que as gráficas son moito maiores; duplicamos hoxe as prazas MIR en atención primaria ofertadas que hai cinco anos, cando gobernaba o Partido Popular.

Por tanto, se non é un problema de profesionais nin é un problema de formación MIR, onde en Galicia ademais quedan baleiras a final de ano, como pasou o ano pasado con algunhas, e, por tanto, ningunha persoa que quere facer atención primaria en Galicia queda fóra dunha praza MIR —ningunha, non existe—, ¿de que é o problema? O problema é das condicións laborais.

Vuelle ensinar a última das gráficas. (*O señor Torrado Quintela mostra un documento.*) Este é o gráfico do que cobra un MIR de primeiro ano cando quere facer atención primaria; o vermello é a media do Estado, á dereita (as columnas máis grandes) son doutras comunidades autónomas, a que ten á esquerda é Galicia —por unha vez, Galicia está á esquerda, pero só aquí, porque a esquerda aquí é a parte máis baixa—. Galicia é a comunidade autónoma que peor paga aos seus MIR en toda España. É de condicións laborais, señor conselleiro.

Vostedes persisten en que lles abran o grifo e estanse olvidando de que primeiro hai que poñer o tapón. E é que a vostedes lles parece ben que, aínda que existan moitos máis profesionais, despois teñamos problemas para cubrir as prazas. E este é o problema.

Entón, permítame trasladarlle unha pregunta, que non está explicitamente na interpelación, e, por tanto, a vostede, se lle interesa, vaina contestar e, se non, non, como é habitual e é un regate habitual parlamentario. Pero eu trasládolla: ¿vostede cre que o principal problema con respecto aos médicos de atención primaria é que fan falta máis prazas ou mellores prazas? É probable que a solución non sexa dicotómica, case seguro, ou polo menos esa é a idea que nós temos.

Pero nós si cremos que vostedes calcan moitísimo en que fan falta máis prazas, pero a realidade é que fan falta sobre todo mellores prazas. E esa é unha cuestión elemental, porque vostedes apelan normalmente —eu tiven a oportunidade de expresalo onte na última Comisión de Sanidade, e vostede teno dito de feito explicitamente—: ¿vostede cre, señor Torrado—cando me contesta—, que ofrecer unha praza estable cun contrato para toda a vida non é unha boa condición? E eu explíqueille —aínda que sexa aparentemente sorprendente—: non, porque unha praza estable cun contrato para toda a vida, alguén que se titula



en Medicina hoxe en España —que é unha formación fabulosa, das mellores do mundo, se non a mellor— iso teno onde queira, pode escoller. E esta é unha realidade.

Antes os médicos non tiñan tan fácil escoller e, por tanto, o empregador —neste caso, o sistema— aproveitábase e era máis cicatero. Pero hoxe teñen onde escoller, sobre todo os de primaria. E, por tanto, ¿que fan? Escollen. E aí é onde Galicia queda sen profesionais. ¿Por que? Porque a oferta é peor.

¿Todas as comunidades autónomas teñen problemas? Si. ¿Téñenos en distinto nivel? Si. Porque Galicia é a terceira comunidade de España que menor ratio de profesionais ten por habitante. ¿Por que? Porque ofrece peores condicións.

Estes son os datos, como dicía aquel: estes son os datos e súas son as conclusións, ou esta é a verdade e así lla contamos —en función de que Telediario vexa cadaquén—. Pero, en todo caso, estas son as cuestións.

¿Hoxe temos un problema de falta de prazas? É moi discutible, incluso nin sequera cunha resposta absoluta. É discutible, pode ser que nalgúns casos, pode ser, pero a realidade é que temos un problema de calidade das prazas. ¿E onde está a calidade das prazas? A calidade das prazas está no que nós lle levamos moito tempo propoñendo a este goberno e que vostedes non escoitan: na necesidade de que os centros de atención primaria se convertan en verdadeiros eixes resolutivos do sistema, e para iso necesitamos máis categorías profesionais.

Vostede nestes días anunciou unha convocatoria moi grande —grandísima—, eu lin incluso máis de mil prazas novas de médicos. Lémbrolle que nos últimos orzamentos o incremento do ano pasado ao seguinte, é dicir, do 2022 ao 2023, son 42 prazas novas de médicos, 42; polo tanto, desas mil e pico, o 90 e tantos por cento practicamente son prazas que repoñen, non son prazas novas. Que é moi importante utilizar os termos ben. Cando se fala de prazas novas, son prazas a maiores, e, a maiores, 42, non máis, 42; de todas as especialidades, de todos os servizos, de toda Galicia, 42. Lémbrolle: de cinco anos para aquí, mil trescentos profesionais máis á disposición, 42. Iso é o que vostedes van contratar.

Por tanto, nós o que lle dicimos é que necesitamos ampliar o volume de categorías en atención primaria profesional, para que esas convocatorias que vostedes anuncien impliquen máis categorías: podólogos, ópticos, máis fisioterapeutas —convocan agora e é a segunda vez que convocan en trece anos prazas de fisioterapeutas—, terapeutas ocupacionais e as prazas dos servizos de saúde mental que poderíamos conectar con atención primaria. Todo isto faría a atención primaria moitísimo máis resolutiva.

Segunda idea: chegar ao tope competencial das categorías, pero facelo ben, non atolondradamente, que non teña que vir o Tribunal Superior de Xustiza, señor conselleiro, facerlle o que lle dicamos humildemente dende o Grupo Socialista: ¡coidado con esta norma, que ten problemas legais! Dixémosllo, dixémosllo aquí, e vostedes acusáronnos de estar torpedeando o labor da consellería. Chegou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ¿que dixo? Que esa norma tiña problemas legais e tirouna para atrás.



E nós ímoslles dicir: ¿queren vostedes traballar sobre ampliar o volume competencial e chegar ao tope competencial de todas as categorías implicadas no sistema sanitario? Estamos niso. Pero déixense aconsellar, porque vostedes van de maneira atolondrada e ao final pasa o que pasa: que volven á casilla de saída, co feo de ter que darlle a volta a unha idea e sen ter solucionado o problema.

Porque aínda pasou isto esta semana coa prescrición dos farmacéuticos en vez dos médicos en atención primaria. E isto é un problema porque agora aínda non se aplicou nada esa medida, todo o mundo está cabreado, porque entendeu que esa medida quería invadir competencias. Vostede ten un problema. E agora en realidade estamos formalmente na mesma situación e politicamente en peor situación.

E os erros da consellería son os erros de todos, porque vostedes son o noso Goberno tamén e son os que teñen a responsabilidade. ¡Canto me gustaría a min poder vir aquí, señor conselleiro, dicirlle!: hai algunha cuestión que podemos suxerir e mellorar pero, en xeral, isto vai ben. ¡Canto nos gustaría! Eu estou desexando chegar aquí. O que pasa é que xa nos vai ter que tocar gobernar e aínda non imos poder dicirillo. Pero, en todo caso, a ver se somos capaces de dicirillo algunha vez.

E vostede lanza —iso si— os globos sonda, porque vostedes están traballando para o relato, non para a solución. Primeiro, que se os MIR ían estar sós nos PAC; logo dixeron: non, nós non dixemos iso. Pois ¿quen o dixo? ¿O aire, non?, como na canción de Bob Dylan, no aire estaba.

As enfermeiras, que van substituír os médicos nos PAC. Ollo cos problemas legais con iso; oxalá non, pero ollo.

Tiñan vostedes un plan para a atención telemática nos PAC, porque, como non hai médicos, poñemos tablets. Ollo con esa decisión.

E agora vostedes empezan a facer circular a idea do peche de centros, que vostede agora di que non é a súa idea.

E, entón, pregunto —tampouco esta está na interpelación—, pero dándolle todo o beneficio da dúbida. Vostedes tiveron unha reunión cos colexios de médicos esta semana. ¿Quen fixo a proposta? ¿É posible que vostede nos conte se esa proposta a fixo o Colexio de Médicos? ¿Fíxoa o Goberno? ¿Ou non a fixo ninguén e neste caso quedará para o baúl das confidencias? ¿Quen contou aos medios que esa proposta saíu alí? Non vaia ser que vostede estea utilizando os médicos para protexerse; agardo que non.

E agardo que, se os intereses alí demostrados por algún colectivo en beneficio propio non foron en beneficio do conxunto xeral do sistema, tamén entendan que non están contribuíndo a nada. Nós non casamos con ninguén. Porque tampouco é un problema de incompatibilidades pública e privada, que poderá resolver o problema dalgunha xente, pero, dende logo, non o da primaria, porque ese problema non existe en primaria. Se vostedes ían falar



de primaria e falaron dos complementos específicos e da compatibilidade coa primaria, dende logo, non están entendendo o sistema. Eu creo entender que vostedes non puideron falar disto.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Vou terminando.

Por tanto, nós, señor conselleiro, plantexámoslle: ¿é posible ter solucións? Nós fixémoslle habitualmente algunhas propostas; a algunhas non nos queren facer caso e a algunhas queren facernos caso dicindo que son ideas súas e entón fanas doutra maneira para intentar disimular, chega a Xustiza e bótallas para atrás. ¿Crense vostedes capaces de ampliar a capacidade resolutiva de primaria, e non estar nestes globos sonda para intentar saír da situación, saír ao paso e ser capaces de gañar un titular hoxe e sobrevivir un día máis?

Porque vostedes traballan para sacudirse o problema e para resolverse os seus problemas. ¿Que hai problemas con dar atención a todo o mundo? Limitamos a atención. E esa non é a solución. Non debemos traballar para que vostedes teñan menos problemas, debemos traballar para que vostedes teñan máis solucións. Son as dúas maneiras de afrontar a situación de tensión que existe.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: E, por tanto, nós o que lle propoñemos é solucións para afrontar o problema dos pacientes e non solucións para afrontar o problema da súa consellería. E, por tanto, plantexámoslle, efectivamente, máis solucións e menos escapismo, a ver se é posible que poidamos dunha vez achegar algunhas posturas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o señor conselleiro, don Julio García Comesaña, por tempo de dez minutos.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidenta.

Señorías, señor Torrado.

Ben, di vostede que na Xunta falamos moitas veces do Goberno de España, cando as medidas realmente temos que tomalas nós, e que o problema de falta de médicos é soamente da Xunta. Pois mire, hoxe non vou falar mal do Goberno de España, hoxe vou falar..., ben — insisto —, non vou falar mal, non vou dicir que ben, pero mal tampouco. Porque onte tivemos unha reunión coa ministra de Sanidade e o ministro de Seguridade Social e por fin puxeron sobre a mesa unha medida para responder —e vou destacar isto— a un problema común en toda España; isto díxoo o ministro, a ministra e todos os conselleiros de Sanidade que falaron na reunión de onte.



E, efectivamente, formularon unha proposta, xa demandada por este goberno tamén, para incentivar a continuidade dos profesionais que chegan á idade de xubilación. Parécenos unha proposta positiva e sobre todo parécenos que por fin o Goberno de España entendeu que o problema estatal, como este, require solucións estatais.

É parcial, porque soamente soluciona polo lado dos médicos maiores pero segue sen solucionar o problema polo lado dos médicos máis novos que se teñen que incorporar; é onde insistimos, nese ámbito, en facer a comprometida reforma dos médicos MIR. E a verdade é que as perspectivas para a reforma da ordenación dos médicos MIR, nesa reunión tamén, podo dicirlle que foron francamente malas. Estamos a falar agora dunha reforma que a ver se chega para a convocatoria do 2024. Pero, ben, polo menos xa se fala desa reforma.

Para o PSdeG, non obstante, tivo que ser —entendo— unha noticia demoledora. Vostedes levan toda a semana insistindo en que non hai un problema xeral de escaseza de profesionais e simplemente que Galicia paga mal. E onte o seu propio Goberno eméndalles a plana, asume que o problema é nacional e reconece que un dos únicos xeitos de manter a curto prazo os profesionais necesarios para soste o sistema sanitario é prolongar a actividade dos médicos maiores. Recoñéceo, por certo, por segunda vez. Lembremos que na fase aguda da onda de ómicron —vai facer agora un ano—, ante a saturación da primaria en toda España, o ministerio habilitou a posibilidade de recuperar médicos xubilados para que volvesen ao seu posto sen perder a pensión. Teño que dicirlle que, a día de hoxe, dos 150 médicos que hai nesa situación, 44 están en Galicia, e chegamos a ter 85. (*Aplausos.*)

É dicir, o Goberno onte rendeuse á evidencia de que a única posibilidade de aumentar os médicos na primaria é tirar dos maiores, porque novos non hai suficientes. Esa evidencia maniféstase en Galicia, pero tamén se manifesta en gobernos doutras comunidades autónomas socialistas, como Cantabria, Navarra, Extremadura, Aragón, Canarias, Valencia...; podo seguir. Son comunidades nas que nestes días precisamente houbo conflitos na atención primaria, porque faltan médicos, e esa falta de médicos xera tensión nos profesionais que teñen que asumir ese sobreesforzo. Tamén pasa nestas comunidades, señor Torrado.

Pero, ante esta evidencia, que é unánime en todo o territorio nacional, queda unha pequena aldea gala que non quere vela e que se chama PSdeG. O que di o PSdeG nesta semana é que —e cito textualmente— «non hai un problema de falta de sanitarios, hai un problema de condicións que se lles ofrecen». Insisto: supoño que nesoutras comunidades non hai ese problema.

Vostede, na súa minuciosa análise, detectou todos os problemas existentes na atención primaria e chegou á conclusión de que o verdadeiro problema son as condicións laborais e o resto é unha cousa menor, entendendo pois que, de ter chegado a esta dedución tan traballada, tamén faría unha análise comparada e daríase conta de que os problemas que temos na atención primaria —como levamos tempo dicindo— non se dan só en Galicia.

Se non hai un problema de falta de sanitarios, ¿por que cre que o seu Goberno ten que facilitar a prórroga de xubilacións en toda España, señor Torrado? Pode ser que só pase en Galicia e, entón, ¿por que esta norma que onte presentan non é só de aplicación en Galicia,



onde temos este único problema? Se o problema son as funcións laborais que ofrece o Goberno do PP, ¿por que hai conflito na atención primaria das comunidades autónomas gobernadas polo PSOE e polos seus socios?

Estamos pois, señor Torrado, ante unha problemática xeral, pero unha problemática xeral que non é orixinada polas condicións laborais dos profesionais sanitarios. ¿Ou é que os conselleiros de Sanidade das comunidades autónomas socialistas teñen unha actitude cicateira ou para buscar os profesionais, como di vostede, que temos en Galicia?

Pero, ben, se quere falar de cartos, falemos. Vostede repetiu en numerosas ocasións —e volvemento dicir esta semana— que Galicia é a comunidade que peor paga aos seus residentes. E acaba de sacar aquí unha grafiquiña con cores, que lle gusta moito, dereita e esquerda..., ben. Eu sei cal é esa fonte, sei cal é a fonte desa información; é máis, é esta, a mesma fonte, si si. (*O señor conselleiro de Sanidade mostra un documento.*) Pero ¿sabe que lle vou dicir desa fonte? Que, se vostede fora honesto e non fora trilero —dende o punto de vista político, enténdame ben—, tería ensinado a gráfica non da táboa 1 dese estudo senón da táboa 5, e vou explicarme. Na táboa 1 aparecen as retribucións mensuais dos residentes en toda España, onde Galicia, efectivamente, a nivel mensual está nos últimos lugares. Pero se vostede puxera a táboa 5, que reflicte as retribucións anuais e coas gardas dos residentes MIR —recordando que as gardas MIR son obrigatorias—, mostraría a mesma grafiquiña, onde vería que está en último lugar Extremadura, a continuación Asturias e, por último, A Rioxa, e Galicia está na media das retribucións dos MIR. (*Aplausos.*) Non sexa trilero, señor Torrado. Non pode vir aquí cunha gráfica manipulando os datos e querendo mostrarlles aos MIR galegos e aos pacientes galegos que son os peor pagados. Non é certo.

Vostede hoxe mentiu unha vez máis manipulando unha gráfica, señor Torrado, ou manipulando un estudo que —insisto— é este. (*O señor conselleiro de Sanidade mostra un documento.*) Polo tanto, teño que dicirlle que o partido que goberna en todas estas comunidades que teñen eses peores datos sabe vostede cal é. E dígolle en todos os debates que bo sería que esas ideas que propón aquí tamén as levara a esas comunidades autónomas onde gobernan os seus compañeiros.

Tamén di que esa suposta mala retribución dos residentes é a causante de que quedasen prazas MIR vacantes este ano en Galicia. Ben, mire, as prazas que quedaron vacantes en Galicia representan o 6 por cento das 142 prazas que se ofertaron en Galicia o ano pasado. En comunidades gobernadas polo PSOE, como en Asturias, quedaron vacantes 10 de 62, o 16 por cento; en Galicia, o 6 por cento; en Asturias, o 16 por cento; na Rioxa, 7 de 22, o 32 por cento; en Extremadura, quedaron vacantes 40 prazas de 98, o 40 por cento.

Pero tampouco é un problema salarial, porque, por outra banda, en Cataluña —onde goberna o Goberno nacionalista— quedaron vacantes 71 de 370 prazas, que é o 19 por cento, moito menos que en Extremadura, a pesar de que Cataluña anunciou un incremento retributivo de entre 5.000 e 9.000 euros aos residentes antes de que escolleran. Polo tanto, señor Torrado, non coller esas prazas non é un problema de Galicia —como acabo de demostrarlle unha vez máis—, aínda que vostede os datos non os collerá.



A realidade é que os profesionais, as sociedades científicas e todos os implicados viñan avisando de que o sistema de elección de prazas non era axeitado e que non era a ferramenta correcta. Todos non, porque o PSOE e o Bloque en xuño do ano 2021 votaron en contra na Comisión 5ª dunha PNL que reclamaba a revisión do sistema de elección, facendo ademais especial fincapé no obxectivo principal, que era que Galicia non quedase con prazas vacantes.

Nese mesmo mes de xuño este mandato parlamentario foi remitido pola Xunta —neste caso por min—, por unha carta, á ministra de Sanidade, onde a alertaba do perigo de que con ese sistema puidese quedar algunha praza sen cubrir en Galicia. Carta á que a ministra respondeu considerando que «*en cuanto a la inquietud que me manifiesta sobre el riesgo de vacantes...*» —xuño de 2021— «*...con la información disponible en este momento no parece concretarse ese riesgo*». Pois concreouse, señor Torrado. Quedaron 9 en primeira ronda e 6 despois.

Por certo que, para reparar o erro, o que se lle ocorreu ao ministerio foi mudar a porcentaxe de prazas extracomunitarias. Dixémoslle: iso non arregla o problema, o problema é un problema de sistema de elección. Ben, pois das 9 prazas colléronse 3 e volveron quedar 6 vacantes. Pero, como digo, nada que ver co 40 por cento das prazas vacantes en Estremadura, xa que en Estremadura tamén tratan mal os MIR.

Ben, logo fala vostede do que pasa ao rematar. Unha vez que rematan a residencia, vostede di que os MIR foxen de aquí polas malas condicións laborais. Non sabemos moi ben a onde van, porque no resto das comunidades autónomas, vendo a falta de profesionais que comparten, tampouco deben estar. Este razoamento seu —permítame— é absurdo, pero ademais é que é falso.

Mire, dos 85 residentes de familia que acabaron en Galicia este ano, en maio deste ano, o 89 por cento —o 89— está vinculado laboralmente á sanidade pública galega; rematan en maio deste ano e o 89 por cento vinculados á sanidade pública de Galicia, a mesma porcentaxe que xa lle acreditei varias veces que se daba en todos os últimos dez anos. Trouxen a este parlamento un informe que dicía que nos últimos dez anos o 90 por cento dos MIR de familia formados en Galicia estaban traballando no Servizo Galego de Saúde.

A vostede isto dálle igual, non o usa, e este ano volve insistir. Pois insisto: o 89 por cento das 87 prazas están traballando no Sergas; 47 en atención primaria, 26 nas urxencias hospitalarias, 2 en Hado e 1 no 061. Quero destacar o dato dos 26 que están traballando en urxencias hospitalarias. Mire, con estes 26 médicos formados en maio deste ano tiñamos resolto o problema da área sanitaria de Pontevedra, totalmente resolto. ¿Onde están estes médicos? Pois teñen todo o dereito do mundo a ir traballar ás urxencias, porque, jah!, seguimos esperando a especialidade de urxencias.

Onte mesmo nesa reunión volvemos ver o enésimo atraso na especialidade de urxencias. Xa hai sete comunidades que aproban a petición da especialidade e o ministerio segue vendo para outro lado e permitindo que outras sociedades presenten iniciativas para non formar especialistas en urxencias.



Dicía: ¿onde están cada un dos 85? Teño que dicir que 2 foron á actividade privada —de momento, pódese ir a esta alternativa, non se pode impedir— e 7 marcharon fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ben a outras comunidades autónomas ou ben a outros países.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Pero ¿sabe vostede cantos MIR volveron doutras comunidades autónomas aquí a Galicia? Pois 10. Marcharon 7 e volveron 10.

Polo tanto, este relato de que os MIR están mal pagados, falso —como acabamos de demostrar—; o relato de que as prazas non se collen porque os MIR non queren estar aquí, falso —como acabo de demostrar—; e que os MIR marchan, falso —como acabo de demostrar—.

Señor Torrado, se seguimos nesta liña, pois ao mellor algún día acabará vostede convencendo a alguén de que, efectivamente, están mal pagados e marcharán, non o Goberno galego, coas súas medidas, e non o Goberno galego, cos datos que hoxe acabo de poñer aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Vexo que non funciona o reloxo. Sempre dou o aviso cando xa pasou a hora, pero, se queren que os avise un pouco antes, pois fáganmo saber.

Ten de novo a palabra don Julio Torrado, por cinco minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Trilero, deshonesto, mentiroso e manipulador. ¡Ah!, político. Con iso xa vale, con iso xa vale, ¿non? (*Murmurios.*) Pois a min, como me parece persoalmente que non vale, eu non o vou usar así. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, mire, eu creo que vostede non ten razón, pero creo que pode ter razón; eu si o creo. Eu creo que vivimos habitualmente, dende hai tempo, e na última semana especialmente —sen sinalar a ninguén, porque eu creo que todos somos culpables—, unha semana moi perigosa en termos de dialéctica política. Voullo repetir: trilero, deshonesto, mentiroso e manipulador; que vostede lle poña o cualificativo de político despois —que se acordou xusto cando ía poñelo— a vostede válelle; respéctoo; eu non o vou facer, porque creo que é posible que nos entendamos, creo que é posible. É máis, ás veces entendémonos, menos das que quixeramos os dous —supoño—, pero eu creo que é posible, e eu creo que é máis difícil cando un ten que recorrer a iso; por certo, cada un saberá por que ten que recorrer a iso.

Porque vostede acúsame a min de todo isto por utilizar un estudo do que non podemos estar aquí falando media hora. Pero queda a invitación diante. Fagamos unha comisión específica sobre ese estudo, ou o que queiran, sobre o que queiran, para que poidamos falar.



Por utilizar unha táboa —que vostede en ningún momento dixo que non fora certa— e non usar a que vostede quere. Vostede quere dunha análise que nós usamos os datos que lle gustan —lexítimo—, pero por non usalo chámame todo iso. Eu creo que ten vostede un concepto, que eu non comparto, sobre o que é o consenso e o acordo, e ten en xeral o Partido Popular en Galicia un criterio bastante difícil de comprender sobre o que é entenderse, sobre todo porque vostedes cren que, se non lles damos a razón, somos todo iso —dáme vergoña ata repetilo—.

Pero sobre a cuestión, señor conselleiro, vostede falou durante case a metade da intervención da proposta do ministerio. Ben, díxome: fala vostede do... Eu non falei nada diso. Fíxese, nin sequera da proposta —que nos parece ben, claramente—, porque nós defendemos o criterio, coherentemente sempre, de que aquí hai competencias exclusivas en sanidade e que vostedes teñen a responsabilidade. E, por tanto, nin sequera imos falar de medidas do ministerio, que certamente non ten competencias e está tomando medidas, boas. E, por tanto, se nós cremos que a responsabilidade é súa, tamén o debemos crer cando podiamos apoiarnos en algo beneficioso e botalo en cara. Non, porque se é boa é boa, nin sequera presumimos dela, porque nós entendemos o debate dunha maneira moito máis honesta.

Fala vostede das urxencias e presume de que hai sete comunidades que apoian a súa proposta. Voulle sinalar dúas cuestións: se hai sete que a apoian, hai dez que non; agardo que aínda sexamos quen de respectar as maiorías. Segunda: hai, por primeira vez na historia —e vostedes gobernaron en España—, un mecanismo que permite facer o proceso de solicitude de especialidades, e está aberto, xa o hai, xa existe. O que vostedes queren é que se tomen as decisións que a vostedes lles gustan así de repente, pero non funciona así, polo menos fóra de Galicia.

¿Cal é o problema que se está encontrando? Que vostede non teñen nin as maiorías nin a capacidade suficiente de impulsar esa reforma, porque non é tan fácil e porque non se fan as cousas a ditado do que lles dá a gana polas mañás, porque normalmente debe ser así, e non teñen as maiorías para facelo, pero eu estou convencido de que se fará, pero é que xa están os procedementos, que non están dende hai vinte e cinco anos.

E vostede fálame ao final das comparativas co resto de comunidades autónomas, cuestión que sabe que nós defendemos sempre, a pesar de que vostede diga que non o facemos, que o problema non é de Galicia, pero que en Galicia hai un feito diferencial. Pero mire, eu tiven a oportunidade de compartir debate con compañeiros seus nos recentes días, falando da atención primaria e da cobertura de prazas difíciles en atención primaria.

Mire, en Castela-A Mancha propuxeron unha normativa sobre cobertura de prazas de difícil cobertura. Vostedes aquí fixérono con mínimos cambios e non entrando en condicións salariais. ¿Que fixo Castela-A Mancha? Incrementou as condicións salariais, mellorou días de libranza, promocionou moitísimo máis a oposición en prazas de difícil cobertura. ¿Que fixo o PP alí? Apoiou.

Vostede fala moito de Estremadura. Mire, voulle citar: María Elena Nevado, a súa portavoz en Estremadura, voulla citar, ¡eh!: «A proposta do Goberno de Castela-A Mancha é tan boa



que nós imos levala ao Parlamento de Estremadura». Está aplaudindo a proposta do Goberno de Castela-A Mancha. E engade: «Hai que pagar máis». ¿Tamén é ela unha trilera, unha deshonesto, unha mentirosa?

En Euskadi, o Partido Popular de Euskadi; en Euskadi, jeh!, que eu non sei se me vai discutir isto. Cobran de media entre o 30 por cento e o 40 por cento máis os profesionais sanitarios. É certo que é outro sistema económico, non é comparable en termos lineais, pero cobran. E, por tanto, cando cruzan a fronteira de Euskadi —non das Vascongadas— e van a Santander...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...a súa comparativa é moito mellor.

¿Que di Mari Carmen Aragón?, que creo que foi presidenta da Comisión do Senado polo Partido Popular. «Se non lles damos mellores condicións, vai seguir pasando o que está pasando: vanse». Díxoo en perfecto castelán, obviamente.

¿Sabe quen falou do Partido Popular alí sobre a elección e o sistema de elección dos MIR como un problema? Ninguén, ninguén. ¿Sabe quen falou de que as urxencias sexan un problema naquelas reunións, dentro dos do PP? Ninguén. Si falou unha representante do PNV, que dixo: «Hai que ser serios. Os médicos fan primaria e vanse a urxencias, e podemos falar diso porque teñen máis libranzas e cobran máis». E iso tamén é parte.

E, por último, permítame unha reflexión que vostede considera trilero e deshonesto. Se o problema é que se nos ocupan prazas de xente que quere facer urxencias e, por tanto, ten que facer a especialidade de primaria, e se non se ocupan esas prazas, queredo dicir que queda fóra xente que quere facer primaria e necesita esas prazas; queredo dicir. Pero quedan prazas baleiras. Entón, ¿como se pode explicar? Polo sistema de elección, do que ninguén fala salvo vostede.

E, entón, pregunto unha última cousa, e xa así con iso igual podemos resolver. Non hai ningunha persoa en Galicia que quixera pedir unha praza de primaria e non puidera. Non o hai. Aí están os datos, non o hai. ¿Como é posible xustificar que o problema é o sistema de elección ou que se ocupan prazas con outras especialidades cando quedan baleiras algunhas? Onte puxen un exemplo, e termino con este.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Eu teño un amigo que sempre quere escoller o lugar onde comer por canto churrasco sobra, e eu creo que é moito mellor escollelos por canto de bo é o churrasco. Vostede quere un sitio onde sobre moita comida e nós cremos que o mellor é dar boa comida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día de novo.

Presidente, señorías.

Señor Torrado, escoitei onte, efectivamente, o seu exemplo de churrasco; como xa o dixo vostede, non vou seguir por esa liña.

Mire, eu, con todo os respectos, dígolle que vostede é un trilero político, porque utiliza un artigo ou unha revista para querer transmitir unha información aos MIR galegos, á cidadanía galega... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, claro, pero vostede utilizou ese artigo en lugar de poñer a parte razoable. Se queremos comparar o que cobran os MIR en Galicia co que cobran no resto do Estado, fágao vostede, señor Torrado. Faga o estudo e diga: pois mire, en Galicia cobran máis, menos... ¿Que pasa? Que, se vostede di iso, vai ter que dicir que hai comunidades autónomas, que vostede defende a capa e espada —e paréceme moi ben—, en que os MIR cobran menos que en Galicia.

Mire, a cuestión é —e é o meu argumento— que os MIR non cobran en Galicia nin máis nin menos que noutras comunidades autónomas. O contrato MIR é un contrato eu creo que referente, é un contrato de formación, un contrato laboral de formación, a envexa de moitos sistemas sanitarios do mundo, e, a grandes rasgos, os MIR cobran basicamente o mesmo en toda España. A pesar de que Galicia está na media e hai quen está por riba, no resto estamos falando de pouca diferenza económica. Pero vostede utiliza esa información para, unha vez máis, menosprezar o sistema MIR e, particularmente, esta consellería. Porque cando vostede di que os MIR en Galicia son os que cobran menos de toda España, ¿que está buscando vostede? ¿Que veñan máis MIR a Galicia? ¿Está buscando iso? Vostede está buscando un interese político para prexudicar unha vez máis esta consellería. Pois non é certo, saíulle mal, señor Torrado. Os MIR en Galicia están na media do que cobran en todo o Estado. E o problema non é ese, señor Torrado.

Vostede volve falar aquí do sistema de elección. Dixémolo. Só o din vostedes. *(Murmurios.)* Mire, non, díxoo todo o mundo. Dixérono todos os MIR, os colexios de médicos, os sindicatos... Todo o mundo dixó que o sistema de selección ía ser un fracaso e quedaron 200 prazas sen poder escoller. Ese é o problema. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Todas de primaria, efectivamente, claro, claro, porque de primaria hai 800 prazas.

Mire, señor Torrado, di vostede: ¿en Galicia quen quedou sen escoller? Pois mire, quedou sen escoller primaria a xente que non puido superar o MIR. Porque no MIR a día de hoxe —e vemos os datos recentes desta convocatoria— saen 8.400 prazas e preséntanse 12.400 persoas. É dicir, hai 4.000 graduados en medicina en España aos que lles gustaría formarse en atención especializada e non poden. Hai 4.000... *(Murmurios.)* Señor Torrado, se hai 8.000 prazas e se presentan 12.000, ¿que pasa? ¿Eses 4.000 van probar sorte? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, que facendo outro MIR, ¡home!... ¿Que di vostede? En todo caso, ¿que van repetir o MIR? Agora si, os 4.000 que se presentan repiten o MIR; exclusiva do señor Torrado.



Mire, recoñeza vostede, señor Torrado, (*Aplausos.*) que non estamos a formar todos os MIR que podemos, non estamos a formar todos. Ben, é que vostede xa o recoñeceu. Mire, nós trouxemos aquí, a este parlamento, e ao Congreso dos Deputados, unha iniciativa para, de xeito extraordinario, formar 4.000 médicos MIR máis durante catro anos. ¿Que votou vostede aquí? «Non». ¿Que votou o PSOE en Madrid? «Non». ¿Que votou o Bloque aquí? Non. ¿Que votou o Bloque en Madrid? «Non». Iso é o que votan vostedes.

Queremos formar máis médicos MIR, porque a formación pagámola nós, señor Torrado. Vostede con esa gráfica de como o Goberno de Pedro Sánchez aumentou as prazas MIR, pero ¿que milonga? As prazas MIR finánciasas o Goberno galego. O ano que vén imos gastar, investir en formación MIR 69 millóns de euros. ¿Que fai o Goberno español? Dikir «si», «non», «si», «non». (*Aplausos.*)

E dicímoslle que cambie os criterios de acreditación das prazas MIR, necesitamos formar máis médicos MIR de familiar e de comunitaria. ¿Pero é que non o ven? Alégrome de que viaxe vostede, que amplíe as... Sobran prazas MIR. ¡Dios mío! ¿De familiar e comunitaria sobran prazas MIR? Isto é absurdo. Como quedan 6 prazas MIR en Galicia que non se escollen por un sistema de elección mal, a conclusión do señor Torrado é que sobran prazas MIR. Fágao mirar. Non sobran prazas MIR de familiar e comunitaria, señor Torrado. Faltan médicos de familiar e comunitaria. Isto é evidente.

Tan evidente que o seu Goberno onte fixo unha medida excepcional para poder manter os que están. A solución é que entren máis. É máis, onte advertínlllo ao ministro. Esta medida de prolongar aos que están ten un risco. A xente agora que queda ten moito máis traballo que antes, porque cada vez faltan máis médicos, porque non podemos cubrilos. O risco é que esta xente, primeiro, non quede, e, segundo, que opte por unha posibilidade que teñen agora, que é pasarse ao 50 por cento de xornada. A ver se esta medida, en lugar de xerar máis médicos, xera menos porcentaxe de ocupación. Fágalle esa pregunta ao señor Escrivá, que lla fixen eu onte.

Polo tanto, o problema gordo que temos en toda a sanidade pública española —e aí alégrome de que por fin vostede no diagnóstico tamén coincida— é que faltan médicos MIR formándose novos. E hai 4.000 graduados de medicina que este ano non se van poder formar, señor Torrado, en Galicia mesmo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Ah!, porque non lles pagamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os MIR en España non se forman porque..., esas prazas quedan vacantes porque non se paga. Pero, imos ver, señor Torrado, ten vostede o exemplo de Cataluña. Cataluña anuncia un incremento retributivo aos MIR de 5.000 e 9.000 euros ao ano. ¿Resultado en Cataluña? 40 por cento das prazas sen cubrir. Non é un problema de retribución dos MIR, señor Torrado. ¿Pero en que país vive vostede? Ben, están así as cousas.

Quero comentar un par de cousas sobre o desenvolvemento de competencias. Mire, vostedes, hai pouco tempo, cando nós propuxemos aquí traer o desenvolvemento completo das competencias de...

Non sei de tempo como vou, señor presidente.



O señor PRESIDENTE: Un minuto máis.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Un minuto, ben.

Digo que, cando trouxemos o tema das competencias, nós estamos totalmente a favor, señor Torrado, de desenvolver as competencias en atención primaria, por suposto, as de todas as categorías: as dos médicos, as das enfermeiras, dos farmacéuticos... Galicia é unha comunidade autónoma que ten 100 farmacéuticos en atención primaria —probablemente, de largo, a que máis ten— e trouxemos unha proposta para desenvolver esas competencias, proposta na que vostede se abstivo, se non me equivoco. Por tanto, ese apoio que di vostede á asunción de competencias non sei será de cara á galería, porque dende logo aquí non apoiou. Apoiar é votar que «si». Vostede abstívose, pero ben, é unha cuestión súa.

Trouxemos aquí iso porque realmente... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, señor Torrado, os xuíces...

Digo que nós trouxemos esa proposta aquí, vostede abstívose, e imos seguir traballando para desenvolver as competencias de todas as categorías. As que xa están, a enfermería, por certo, no marco dun decreto a nivel nacional que permite a orde de dispensación por parte das enfermeiras; tamén non sei que opina vostede na farmacia de atención primaria; como digo, acabamos de facelo aquí agora. E imos seguir nesa liña desenvolvendo as competencias dos administrativos, dos traballadores sociais e dos psicólogos. Temos, señor Torrado, psicólogos en atención primaria. Galicia está desenvolvendo o Plan de saúde mental 2020-2024, que inclúe 241 profesionais. Non me veña dicir vostede que hai que poñer profesionais en atención primaria. Se xa os temos posto, señor Torrado, dentro dun plan que, como digo, está no 50 por cento da súa execución.

E teremos que seguir nesa liña de seguir dando competencias a todas as categorías para que os médicos se centren...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...no que teñen que centrarse.

Polo tanto, señor Torrado, ben, se me pregunta: ¿temos capacidade? Claramente. Pero temos que ter axuda, e axuda fundamental é, por unha banda, poder formar máis médicos MIR; levámolo reclamando tempo e tempo. E tamén é moi importante, porque parece que ese punto vostede non o ten claro, que teñamos un sistema de elección de prazas MIR que permita que nin unha soa praza en Galicia quede sen cubrir polo sistema de elección, que ese é o motivo polo que quedan sen cubrir.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Interpelación de D^a Montserrat Prado Cores e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi bo día, señor presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Despois deste interesante debate sobre as condicións dos MIR, eu recomendaríalle que un día se reunise cos MIR de familia, que lles preguntase se están contentos coa formación que reciben, co trato que reciben na sanidade pública galega, e despois falamos de se o único motivo polo cal non se escolle medicina de familia no MIR é polo sistema de elección de prazas, porque ao mellor temos unha pequena sorpresa. *(Aplausos.)*

Pero, indo ao obxecto desta interpelación, despois de falar da atención primaria en xeral, nós o que lle queremos preguntar é pola situación da pediatría, sobre todo pola pediatría na área de Vigo. Porque o certo é que xa vemos que a propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, os exabruptos e as palabras bonitas non son quen de agochar a dramática situación na que se atopa a nosa sanidade pública, na que se atopa a atención primaria, nin tampouco agochan a falta de profesionais que se dá en todas as categorías profesionais, a desatención que a poboación está sufrindo, nin tampouco as listas de espera, que, se ben están desbordadas en atención hospitalaria, en atención primaria están tomando un cariz cando menos preocupante.

Unha situación inaceptable de permanente alarma sanitaria que se leva vivindo desde hai moito tempo no noso país, pero na que desde uns meses cara a aquí se están cruzando todas as liñas vermellas. Non hai un centro de saúde, non hai un PAC en todo o país que teña unha situación de completa normalidade, cos cadros de persoal completos segundo lle corresponde; hai carencias e hai falta de vontade por solucionarlas. Temos centros de saúde e PAC por toda Galiza co cartaz de «non hai médico».

Podemos falar —xa falou a miña compañeira Montse Prado no pleno anterior— sobre a situación de Pontevedra-O Salnés e cal é a dramática situación que se está vivindo nesa área sanitaria, pero sabe vostede que non é unha excepción. Cando sería precisa unha auténtica aposta pola atención primaria para sacala do colapso no que se atopa, o que vemos é que en pleno debate dos orzamentos para o 2023 non hai ningunha solución proposta para atender a atención primaria para solucionar o déficit brutal de persoal.

Dixémoslles, por exemplo, que tiñan que actuar sobre a precariedade laboral que existe en atención primaria, sobre todo das profesionais de medicina familiar e comunitaria. E vostedes sacaron peito do concurso de méritos. ¿Que mellor medida que unha praza fixa? —dicía vostede, vostede non só, pero quero facer alusión agora—. Pero resulta que xa non é que non se cubrira a totalidade das prazas que saíron a concurso, senón que vimos como nesa primeira ronda quedaron 15 sen cubrir. E ademais agora estamos vendo como non se están incorporando todas as profesionais que as colleron. Porque, señor conselleiro, dixémosllo daquela e vólvollo reiterar: ter a praza fixa non é solucionar a totalidade da precariedade laboral; de nada vale unha praza fixa cando o resto das condicións son precarias.



E dentro desa situación de alarma xeneralizada polo caos no que está sumida a sanidade pública, resulta especialmente preocupante a falta de pediatras e as repercusións que esta falta ten sobre a saúde das crianzas e das adolescentes. Estamos a ver que a atención por especialistas —xa lle digo— de menores neste país non está garantida. Se atendemos aos datos do Instituto Galego de Estatística, o número de pediatras está nun franco descenso; pasamos de superar os 400 pediatras en 2004 a non chegar aos 320 na actualidade, un 22,5 por cento menos en menos de dúas décadas. E as consecuencias son máis que evidentes: en Galiza son moitos os concellos que non contan con ningún pediatra, arredor de 200, nin nos seus centros de saúde nin, por suposto, nos PAC. Hai comarcas enteiras sen especialistas en pediatría, sobre todo nas comarcas máis rurais; centos de crianzas sen pediatra asignada, que é a única asistencia que reciben en atención primaria por parte de especialistas en familia e comunitaria.

E, ademais, unha situación que non ten moitos visos de melloría, porque os datos de facultativas que están nunha idade próxima á xubilación é claramente salientable e notoria. Temos 80 pediatras que superan xa os 63 anos, pero é que, ademais, o resto do cadro de médicas especialistas en pediatría ten unha idade claramente avanzada, aínda que non estean xa nesta idade límite no que se refire á actividade laboral.

¿E que consecuencias ten isto? Que temos as crianzas sen ningún tipo de continuidade asistencial, con atrasos nos controis, por exemplo, no Programa do neno san; con atrasos tamén nas vacinacións. Temos listas de espera tremendas en atención primaria e vemos como toda a actividade preventiva —que, como vostede sabe, é fundamental, máis aínda nestas idades e máis aínda na pediatría— queda relegada para poder atender ás consultas urxentes.

Todo isto sabendo tamén que estas cativas sofren as listas de espera hospitalarias, por exemplo para a realización de probas diagnósticas. E así temos bebés de meses que requiren de ecografías de cadeira, por exemplo, que teñen que ser realizadas nun prazo estipulado e teñen que agardar ata o dobre dese prazo para poder realizalas. ¿E a que conduce toda esta situación? A que, cando un nivel asistencial está absolutamente colapsado, como é o de atención primaria, vaise derivar todo ao seguinte nivel asistencial, e vemos servizos de urxencias tanto hospitalarias como extrahospitalarias masificados para poder dar atención e asistencia a todas estas crianzas.

Exemplo desta masificación, desta situación de colapso, é o que está a suceder en Vigo, por exemplo, pero que tamén sucede noutras partes do país. No Álvaro Cunqueiro pasan de estar atendendo, máis ou menos, unhas 100-120 crianzas nos anos prepandemia a estar durante unha boa parte do mes de novembro cunha media de casos por riba das 230-240 pacientes; ademais, cuns tempos de espera que resultan importantes: casos de ata catro horas agardando por un diagnóstico, por un tratamento ou un ingreso, e que en moitas ocasións esas crianzas atopábanse nos corredores —a verdade— amoreadas por falta de espazo. Unha presión asistencial e unha saturación que non fica aquí, senón que tamén se traslada á planta de hospitalización do Álvaro Cunqueiro, onde escasean camas; camas onde, por certo, teñen que competir coas facultativas de garda porque non tiñan onde descansar.



E falaba antes da idade e das xubilacións en pediatría. En Vigo xa se xubilaron neste ano 3 pediatras e hai outra que está en idade de xubilación e aínda están pendentes para ver se prorroga ou non a súa actividade laboral.

Tamén é certo que se as expectativas xa eran baixas abondo, despois das declaracións feitas pola nova xerente do Sergas de que nos temos que ir acostumando a que non haxa pediatra en todos os centros de saúde, dito doutro xeito, que nos vaíamos acostumando a non ter, a non recibir a asistencia sanitaria que precisamos tanto nós como as nosas crianzas, que nos acostumemos, por exemplo, a ter PAC sen médicas, por iso vostedes agora apuran a formar as enfermeiras.

Señor conselleiro, traémoslle hoxe esta interpelación porque cremos que é importante que vostede explique cal é a situación que se está a dar en pediatría, pero, sobre todo, ¿que é o que pensan facer ante esta situación de caos xeneralizado? Porque non nos valen xa nin promesas baleiras nin desculpas sen nada máis detrás; o que queremos son solucións e solucións concretas.

As crianzas teñen dereito a asistencia por profesionais especialistas en pediatría e teñen dereito a ser atendidas nos seus centros de saúde. Como vostede sabe, para a atención primaria é clave o factor de proximidade, teñen que ser atendidas nun lugar próximo, máis aínda cando temos unha crise demográfica tan importante entre nós. É importante que os centros de saúde do rural conten tamén con servizo de pediatría.

E resulta inadmisíbel a reorganización —chámelle como queira— que vostede puxo enriba da mesa, seica a proposta do Consello Galego de Colexios Médicos, para dar solución a toda a situación dos centros de saúde no noso país; proposta que o Consello Galego de Colexios Médicos desmentiu que fose realizada por eles. Así que sería conveniente aclaralo. Preguntoullo antes o señor Torrado e voulle incidir outra vez nesta pregunta que non figura na interpelación, pero ¿de onde partiu esa proposta de reorganización? Porque a verdade é que quedan moitas dúbidas acerca da mesma.

As crianzas galegas precisan unha atención experta, unha atención axustada ás súas necesidades, e vostede sabe que unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía para ter persoas adultas máis saudables. E a pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do Partido Popular, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación. Porque sabían vostedes de sobra cantas xubilacións se ían producir, que as profesionais teñen dereito a baixas, a vacacións e a días libres. O que non sei se non sabían ou non quixeron facer é planificar e organizar. É a responsabilidade súa, non o fixeron durante todo este tempo, e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención e as listas de espera para ter unha cita en atención primaria.

Por iso, querémoslle preguntar agora, señor conselleiro, se teñen pensado cambiar de rumbo ou se pensan seguir conducindo a sanidade pública a unha situación de caos que agardamos que non sexa irreversible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi bo día de novo.

Presidente, señorías.

Señora Carreira, ben, en primeiro lugar, ante ese diagnóstico catastrofista que vostede fai de toda a atención primaria en toda a Comunidade Autónoma, teño que dicir unha vez máis que sinto levarlle a contraria e que a situación en toda a Comunidade Autónoma non é esa que vostede reflicte, aínda que creo que lle gustaría.

Miren, os datos que temos de persoas que acceden a unha cita en menos de catro días en toda Galicia é do 83 por cento. O 83 por cento dos galegos pide unha cita en atención primaria e ten unha cita en menos de catro días.

Os PAC. Temos 100 PAC en toda Galicia, señora Carreira, 100. Temos problemas en 3 PAC ao día, como máximo, e localizados ademais nesa área sanitaria de Pontevedra, que, ademais, xa o dixemos aquí e noutros sitios. Polo tanto, deixe vostede xa de querer estender a situación a toda Galicia. Espero que poidamos corrixir a situación de Pontevedra e espero que as medidas polas que estamos traballando e as que demandamos ao ministerio permitan que esta situación quede só nesta área sanitaria e non se estenda a ningunha máis. Por suposto, traballamos para iso.

Segunda cousa. Máximo respecto, señora Carreira, a todos os MIR de familia que están a formarse en Galicia e todos os titores e comisións de docencia de familia e comunitaria que están traballando en Galicia. Eu non vou aceptar que vostede me diga que a situación dos MIR de familia en Galicia é penosa. Claro que me reúno, eu falo con eles permanentemente, sei o que pensan, sei como están, e sei tamén —como lle dicía antes ao señor Torrado— o traballo que estamos a facer para formar máis médicos MIR de familia e comunitaria, que é onde temos o verdadeiro problema, aínda que vostede ou vostedes non o queiran ver, porque sistematicamente votan que non a ampliar os médicos MIR de familia, aquí e en Madrid.

Fala vostede de que hai 200 centros sen pediatra. Mire, en Galicia hai 463 centros de atención primaria, 463; non é certo, mente vostede se quere trasladarlle á poboación que hai 200 centros sen pediatra, non é certo.

Pregúntame vostede —ao señor Torrado non lle contestei antes— sobre a reunión co Colexio de Médicos e que se falou nela. Mire, a reunión do outro día é a reunión número trece co Consello Galego de Colexios de Médicos —trece, non foi nin a primeira nin vai ser a última—. Permanentemente sentámonos cos colexios de médicos, cos colexios de enfermería, coa Sociedade Galega de Pediatría, cos sindicatos. Levamos cento tres reunións da mesa sectorial, por poñer unha cifra. É obrigación de calquera goberno sentarse cos profesionais e escoitalos; tamén, por suposto, cos MIR de familia, señora Carreira.



Dito isto, vostede quere que falemos hoxe da atención pediátrica e, máis concretamente, na área sanitaria de Vigo. Pois a realidade é que a situación non se asemella a esa descrición apocalíptica que vostede fai e leva facendo dende hai anos, nin a nivel autonómico nin a nivel da área sanitaria de Vigo.

Volve a esta cámara acusarnos de deteriorar a sanidade pública dicindo que esta é unha estratexia do PP, que levamos trece anos executando, por medio dos continuos recortes. Pero o que me pregunto eu é: ¿que recortes, señora Carreira?, ¿que recortes? Se non recordo mal, vostede leva aquí xa un tempo e a señora Prado, que é quen fai a pregunta, sendo ademais portavoz de sanidade, e estivo —e vostede tamén— na miña comparecencia de orzamentos o pasado mes de novembro, onde expuxen as principais liñas de contas para o vindeiro ano. Nos varios anos que vostede leva de deputada puido observar de primeira man como os orzamentos en sanidade levan experimentando continuas subas, orzamento tras orzamento.

Sen ir máis lonxe, para o vindeiro 2023 o orzamento conta con máis de 1.500 millóns de euros só para atención primaria, 1.500 millóns de euros, dos cales 570 son para persoal, unha suba de 137 millóns de euros este ano. ¿De que recortes está a falar vostede? (*Aplausos.*) E, se aínda así lle parecen pouco, gustaríame saber que opinaba cando o Bipartito adicaba a atención primaria 1.463 millóns de euros e 442 para persoal, é dicir, 128 millóns de euros menos en atención primaria para persoal. ¿Quen recorta?, ¿quen recorta, señora Carreira? Á parte dos máis de 120 millóns de obras en centros de saúde en atención primaria dentro do noso Plan de infraestruturas de atención primaria.

Señora Carreira, igual é que nese afán de botarlles a culpa a outros son vostedes querendo ver nuns inexistentes recortes problemas dunha casuística máis complexa pero que vende menos como consigna política. Vén aquí dicir que a situación en atención primaria é grave e en atención pediátrica moito máis, porque hai médicos de familia especializados en pediatría atendendo a nenos. ¡Que despropósito: pór un médico de familia con coñecementos en pediatría para atender a nenos! A verdade, señoría, é que estes profesionais sanitarios están perfectamente capacitados, á diferenza do que parece que quere dar a entender vostede. Por suposto que o óptimo sería ter en todas as prazas de pediatría de atención primaria pediatras ocupándoas, pero a día de hoxe iso resulta algo complexo, porque esta especialidade —ao igual que outras que estamos comentando aquí— están sendo deficitarias. Malia o déficit de especialistas, en Galicia temos que ser conscientes da boa situación na que nos atopamos neste eido, ao ser a comunidade autónoma co maior número de pediatras ocupando a praza de pediatras en atención primaria. Somos a comunidade autónoma que ten máis pediatras en atención primaria. A día de hoxe é unha das comunidades autónomas que ten a taxa máis baixa de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia que non son especialistas. Para ser máis concretos, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas onde a atención pediátrica nos centros de saúde se realiza case o 90 por cento especificamente por persoal de pediatría, e no 10 por cento restante a atención realízase por médicos especialistas en familia e comunitaria con formación sólida no campo da pediatría.

Isto sitúanos moi por debaixo da media nacional, a cal se atopa no 25,1 por cento, e moi lonxe de comunidades onde goberna a esquerda, como nas Illas Baleares ou Castela-A Man-



cha, onde os médicos de familia supoñen o 49 por cento ou o 41 por cento respectivamente das prazas de pediatría. Estas altas cifras de ocupación foron polo compromiso deste goberno ao longo dos anos, compromiso que non se deixou na contratación de máis persoal, senón na convocatoria de prazas formativas. Sen ir máis lonxe, levamos sete anos consecutivos ofertando o 100 por cento das prazas acreditadas e, dende que gobernamos, esta porcentaxe sitúase na media do 98,4 por cento. Dende o ano 2009 aumentamos as prazas formativas ofertadas nun 35 por cento, sendo conscientes do déficit que representa nesta especialidade. Pasando á situación de tensionamento das urxencias que se experimentou os días pasados, o que revela esta situación é unha incidencia prematura —que vostede creo que coñece ben— e virulenta da gripe e do virus respiratorio sincital. Estamos acostumados a que no inverno se agudicen as enfermidades crónicas e as infeccións respiratorias, pero este ano a incidencia destas patoloxías adiantouse, como viñamos ademais advertindo dende o verán. A presión que debiera terse producido nos meses de decembro e xaneiro desprazouse cara ao outono, incrementando de forma drástica as consultas e as asistencias nas urxencias.

Estes virus respiratorios levan tendo unha alta incidencia, provocando só nos primeiros vinte días de novembro que os centros de saúde rexistrasen máis de 120.000 consultas en toda a comunidade autónoma de pediatría, o que supuxo ata case 30.000 consultas máis que no mesmo período pre pandemia.

No que corresponde ao ámbito pediátrico, a alta afluencia de nenos ás urxencias pediátricas foi provocada polo adianto destes patóxenos con respecto a anos anteriores e a alta incidencia —dicía— do VRS en lactantes e nenos. Este virus, que posiblemente sexa a patoloxía máis prevalente e máis importante da pediatría, para a cal ata o de agora non existe un tratamento farmacolóxico efectivo, pode rematar desencadeando, como xa sabemos, unha bronquiolite nos pacientes pediátricos. Hai que ser conscientes de que este virus provoca catarro e infeccións respiratorias nos adultos e nos lactantes, unha enfermidade infecciosa severa que pode ademais conlevar a hospitalización dos nenos pola necesidade de oxíxeno. Que haxa unha maior circulación deste virus nesta época vén dado pola exposición que temos tido tras a retirada da máscara. Durante dous anos tanto os nenos como os adultos non se inmunizaron e por iso se desencadeou ese forte aumento e a obriga de levar máscara en anos anteriores evitou esa alta incidencia de virus estacionais e, por conseguinte, o tensionamento das urxencias. O que está a acontecer estes días é un incremento exponencial dos casos das infeccións respiratorias de idade infantil, cun aumento do 63 por cento delas respecto ao ano pasado e debido a esa maior incidencia de circulación deste virus.

Efectivamente, hai un maior aumento das urxencias pola maior intensidade coa que circula o virus, pero, aínda así, os ingresos hospitalarios, señora Carreira, mantéñense en niveis similares aos anos pasados. Afortunadamente, os servizos hospitalarios do Sergas, tanto en adultos como en pediátricas, teñen suficiente dimensionamento e protocolos para resolver a demanda actual.

No caso concreto das urxencias da área sanitaria de Vigo, a activación do Plan de continxencia supuxo a ampliación da dotación de persoal adscrito ás urxencias pediátricas. Para ser máis concreto, supuxo a incorporación de maneira estable de 5 enfermeiras para facer fronte a este pico asistencial.



Pero non só traballamos nese ámbito, senón que tamén tomamos medidas no eido da prevención. Sen ir máis lonxe, fixemos unha aposta decidida na mellora da protección da saúde pediátrica coa incorporación ao calendario galego neste ano das vacinas fronte á gripe, o virus do papiloma humano e a meninxite B.

A vacinación é un dos piares fundamentais na loita fronte ás enfermidades infecciosas e Galicia é unha das comunidades co calendario de vacinación máis completo de toda España.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Seguindo nesta liña de prevención, pero neste caso da gripe, nestas medidas xa se puido observar o efecto da pasada fin de semana, onde fixemos o esforzo por vacinar os nenos nos catorce hospitais. Agradecer, por suposto, a todos os pais e nais e titores que levaron os nenos a ese proceso, sobre todo aqueles que están acudindo aos centros de atención primaria para que o seu pediatra e a súa enfermeira de pediatría sigan avanzando nesa vacinación, pioneira en España, que xa nos sitúa aproximadamente ao redor do 44 por cento da poboación diana vacinada. E, por suposto, seguir animando a que todos os pais e nais sigan nese proceso, que, sen dúbida, é bo para os nenos e bo tamén para os maiores ou inmunodeprimidos que conviven con eles.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señor conselleiro, afirma vostede con rotundidade que eu fago aquí un diagnóstico catastrofista; seica é o que a min me gustaría. Esa afirmación eu case lle pediría que a retirara, porque me parece demasiado atrevido que eu quixera (*Aplausos.*) ter a sanidade pública nunha situación de catástrofe. Pero diagnóstico catastrofista, ¿a vostede parécelle entón que o diagnóstico é axeitado cando en pediatría, por exemplo na área de Vigo, teñen que agardar, como mínimo, dez días para ter unha cita presencial coa súa pediatra, como mínimo, porque non é estraño que teñan que agardar moito máis? ¿Ou como sucede noutras partes do país, porque, como ve, o problema non se limita nin sequera á provincia de Pontevedra, que teñan que agardar ata dezaseis días para unha cita de pediatría no centro de saúde de Carballo, por exemplo? Se isto non é unha catástrofe, falamos (*Aplausos.*) con outro sinónimo se prefire; agora, a situación aceptable non me pode dicir que é.

Fala vostede da suba que contemplan os orzamentos para o persoal. É certo que hai unha subida no apartado de persoal nos orzamentos que presentaron para o 2023. O que pasa é que o que lle faltou a vostede por dicir aquí é debullar para que vai ser esa subida para persoal. Porque xa llo dixemos tanto aquí como na súa comparecencia na comisión: o aumento no capítulo I vai supor actualizar as retribucións salariais, vai supor a carreira profesional, as contías para pagar as intersubstitucións, as prolongacións de xornada, todas estas horas que as profesionais fan aos demais. ¿Canto queda desa contía para contratar novas profe-



sionais? ¿Canto queda para dotar a atención primaria desas profesionais que tanto necesita, incluso deses equipos multidisciplinares dos que vostedes se teñen manifestado a favor?

Eu o que lles adiantei, sobre todo —e supoño que non mo poderá negar, aínda que, ben, peores habilidades vin—, é que vostedes nin organizan nin planifican os cadros de persoal na sanidade pública. Temos uns cadros de pediatría, de profesionais facultativas especialistas en pediatría, profundamente envellecidos, cunha gran porcentaxe que superan os 60 ou incluso os 63 anos. ¿Onde está o relevo xeracional que se ten que dar para que non cheguemos a unha situación dramática?

Vostede di que eu veño aquí botarlle a culpa a vostede da situación que se está a vivir pola falta de profesionais de pediatría. Entendo que tamén lle boto a culpa pola falta de profesionais de atención primaria e demais. Eu non lle veño botar a culpa, eu o que lle veño é a pedir explicacións e solucións como conselleiro de Sanidade do Goberno da Xunta de Galiza que é. (*Aplausos.*) Porque é o seu labor dar explicacións, primeiro pola situación que se está a vivir, e despois propoñer situacións para revertela. Porque estamos nunha situación dramática.

É certo que en novembro vivimos un pico de consultas provocadas sobre todo pola bronquiolite, polo virus sincitial respiratorio, pola gripe, que se adiantou con respecto a outros anos. Pero tamén é certo que vimos de estar inmersas nunha pandemia e a covid debería ter traído moitas máis aprendizaxes das que estamos vendo que realmente trouxo. Durante eses primeiros meses da pandemia era moi frecuente escoitar o de que sairemos mellores, todo isto servirá para mellorar, para valorar os nosos servizos públicos. Non pode ser que algo tan previsible como son as infeccións respiratorias no inverno, a gripe, o virus sincitial respiratorio, coa repercusión que ten en pediatría, nos pille por sorpresa. Pódenos pillar por sorpresa o adianto, pero tiñan que estar máis dimensionados os servizos para dar solucións.

E vostede non dixo nada, pero antes, cando comentei o da falta de camas, que se utilizaban por persoal de garda no servizo de pediatría, vinlle facer un xesto estraño. Non teño a noticia impresa, pero busqueina agora na web. Noticia do 18 de novembro, publicada na *Voz de Galicia: El Cunqueiro ubica a médicos de guardia en camas de pediatría, pese a tener el servicio saturado. El hospital carece de suficientes dormitorios para profesionales* —en castelán no orixinal—. Se quere, despois facilítolle a noticia, que vexa que non é algo que eu sacara da chisteira, senón que é algo que están a denunciar.

Entón, eu agradeceríalle, nesta última quenda que lle resta a vostede, se ten a ben, que diga cales son as solucións que propón o seu Goberno para mellorar a situación da pediatría en atención primaria tamén e, sobre todo, centrada na área sanitaria de Vigo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día de novo.

Señora Carreira, eu cando lle digo a vostede «catastrofista», díxeno antes e mantéño agora. Se vostede vén aquí a esta tribuna e di que faltan médicos en toda Galicia e médicos en todos os PAC, mente. Eu digo que dos 100 PAC que hai en Galicia estamos tendo un problema de falta de médicos na área sanitaria de Pontevedra, que, nomeadamente, é da orde de 2-3 PAC ao día. No resto de PAC de Galicia non faltan médicos. Non hai cartaces. Os cartaces os únicos que os manexan xa sabemos quen é. Non hai cartaz de falta de médicos en ningún PAC diferente dos que lle acabo de comentar. *(Aplausos.)*

Falando da pediatría, mire, segundo os últimos datos oficiais do Ministerio de Sanidade, o ratio medio en Galicia por pediatra é de 918 menores por cada un dos pediatras, moi por debaixo dos 980 que ten de media o sistema sanitario, neste caso nacional.

Para ser máis concreto, na cidade de Vigo hai 14 unidades de pediatría, que están dotadas con 39 prazas de pediatra, das cales unicamente 1 delas, 1 de 34, está vacante en Vigo. Pode vostede demostrarme se estou nun erro. E, como digo, sobre esa dotación de 39 prazas de pediatría en Vigo, a media de nenos por pediatra dicíalle que en Galicia está en 918 —datos do Ministerio de Sanidade—. ¿Sabe en canto está en Vigo? En 886, por debaixo da media de Galicia.

Polo tanto, vir aquí falar de que a pediatría de Vigo en atención primaria está mal, mire, non é certo, é catastrofista. Si, novamente vostede quere vir aquí trasladar á poboación de Vigo que a atención pediátrica en primaria está fatal. Ben, si, fáltanos 1 pediatra. Ten vostede toda a razón do mundo, xubilóusenos 1 pediatra e fáltanos 1. Temos 38 pediatras en Vigo traballando, cun ratio máis baixo que a media galega, que está por debaixo da media nacional. E isto é catastrofista, claro que si. *(Aplausos.)*

Nós non soamente mantivemos todos os pediatras que había, senón que nalgún caso os incrementamos. No Plan de ordenación de atención primaria 2020-2021 incorporamos novos pediatras; 20 novos pediatras incorporáronse nese plan, cando podería ser fácil, habendo 30.000 nenos menos que no 2006, baixar o número de prazas de pediatría. Pois non, non baixamos as prazas, senón que as aumentamos; 20 prazas máis —insisto— no Plan de atención primaria. *(Aplausos.)*

Como dixen antes, aumentamos a capacidade formativa non soamente indo ao 100 por cento das prazas de especialista en medicina pediátrica, nos hospitais, senón que as incrementamos. Temos agora a maior oferta de prazas de pediatría que tivemos nunca, —insisto, como lle dicía ao señor Torrado— financiadas polo Goberno galego, non polo Goberno do Estado; unha vez acreditadas, puxémolas.

E unha decisión tamén que tomamos xa hai varios anos, e importante, é que a todas as prazas de pediatría que se forman —e isto dirallo algunha compañeira pediatra— o que se lles ofrece son ou prazas de atención primaria ou prazas en hospitais comarcais. Iso tamén o debe saber. De feito, é unha medida dura de tomar pero que cremos que é unha aposta clara por esa pediatría en atención primaria. E, como digo, onde non temos pediatras, temos médicos de familia perfectamente acreditados e formados para atender os nenos.



Polo tanto, insisto, si, vostedes están facendo un exercicio de catastrofismo; sen falar de que na súa pregunta suxire que nos PAC haxa pediatra. Iso é o que vostede suxire na súa pregunta, aínda que non o dixo agora; supoño que se deu conta da aberración. Ou sexa, temos un problema de pediatría en todo o Estado e ao Bloque Nacionalista Galego o que se lle ocorre é que nos PAC de Galicia haxa polo menos un pediatra; e non só iso, que en Vigo haxa un PAC de pediatría en Navia e outro en Teis. Pero, ¿en que mundo viven vostedes? (*Murmurios.*) Non o din. Falan dun PAC en Navia e dun PAC en Teis. É que, mire, ten mala sorte, porque a situación de Vigo a coñezo ben e sei o que significa poñer un PAC en Navia de pediatría ou poñer un PAC en Teis de pediatría. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Iso é o que vostedes propoñen.

Pregúntame vostede polas camas do Cunqueiro. ¡Bueno, home! Tardaba vostede en tirar do artigo de *La Voz de Galicia*. Mire, no Cunqueiro, cada día hai 110 médicos de garda, de presenza física —¡110!—, 56 adxuntos e 44 residentes —¡cada día!—, incluídos, por suposto, pediatras e todas as especialidades. Na planta de pediatría —que tamén, por desgraza, a coñezo moi ben— hai camas dabondo. De feito, a ocupación da Unidade de Pediatría é durante o ano do asombroso número do 53 por cento; é dicir, máis da metade das camas das plantas de pediatría do Cunqueiro non se utilizan. Non se utiliza, señora Carreira, o 53 %. Incluso, neses días tan alarmantes de incidencia, o 30 de outubro houbo 300 atencións —ten o dato mal, non chegamos a 200, que chegamos ás 300— en urxencias pediátricas de Vigo —eu estaba alí, e houbo 300—. ¿Sabe que ocupación de camas tiñamos nese momento na planta de pediatría? O 83 por cento. Incluso nese momento había camas de sobra na planta de pediatría. Entón, ¿de que colapso de camas me fala vostede?

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Todo o ano 53 por cento, e, no pico, con 300, non chega ao 90 por cento.

Sexamos un pouco serios. ¡Catastrofismo, si! Vostede fai catastrofismo trasladándolle á po-boación unha situación irreal de falta de camas en pediatría no Cunqueiro, e non, non é certo, señora Carreira, esta vez tampouco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.



Bo día, señor conselleiro de Facenda.

Permítame comezar dicíndolle que desde o Bloque Nacionalista Galego, vistas as súas propostas económicas e vistas, en sentido amplo, as intervencións do Goberno nesta Cámara —para maior exemplo, a que acabamos de ver do conselleiro de Sanidade—, pensamos que vostedes seguen neste final de ano instalados no máis absoluto negacionismo. Fan vostedes negacionismo das consecuencias da crise económica, fan negacionismo do estado dos servizos públicos, néganse a tomar as medidas que Galicia precisa e néganse a asumir a súa responsabilidade como goberno. Por iso, hoxe insistimos —fixémolo ao longo do último ano e medio, fixémolo ao longo do que levamos de debate orzamentario e facémolo de novo nesta Cámara—: queremos traer unha vez máis ao debate político, ao debate deste Parlamento como unha gran prioridade, a situación da crise de prezos.

E facémolo, señor Corgos, porque, por moito que o queiran tapar, o certo é que a suba desmesurada de prezos é hoxe o principal problema que teñen os galegos e galegas; un problema que hai que atender. E para iso é necesario que miren máis alá dos enreixados de San Caetano e que miren máis alá do coche oficial. Porque vostedes din, afirman nas súas declaracións, ser conscientes desta situación, pero o certo é que despois fan o contrario: din unha cousa durante os debates, pero despois o que poñen no DOG vai na dirección contraria do que require a realidade neste momento.

E nós hoxe queremos intentar que vostedes sexan conscientes desa realidade e apelar unha vez máis a que rectifiquen a súa política económica. Por iso, señor Corgos, pedímoslle hoxe que se poña na situación de como puido ser esta semana, por exemplo, para un galego ou unha galega media; a vida desta semana dun galego ou dunha galega que sexa unha desas case 700.000 persoas que están en risco de exclusión social no noso país; dun galego ou dunha galega que sexa unha desas sete mil e pico persoas que perciben unha Risga, ou a vida dun galego ou dunha galega deses máis de 37.000 homes e mulleres do noso país que perciben unha pensión non contributiva e que teñen que vivir, que teñen que facer a súa vida, con menos de 500 euros ao mes. E para que nos acheguemos a esa realidade, como o outro día non lles gustou nada que se trouxese a esta Cámara unha botella de aceite ou un cartón de leite —unha botella de leite; é certo que non era un cartón—, pois eu, para que non se alporicen, recorrín a algo bastante máis convencional, máis clásico, que é repasar un pouco os titulares, os titulares desta semana, señor Corgos.

Entón, o luns comezamos, por exemplo —escollín un dos titulares, poderían ser moitos outros— (*A señora Presas Bergantiños le uns titulares de prensa.*): «Sete mil locais vacíos certifican a agonía do pequeno comercio galego. A Federación de Asociacións Inmobiliarias estima que a cifra incrementará entre un 15 e un 25 por cento no próximo cuadrimestre». O martes, por exemplo, poderíamos amencer con titulares coma este: «As familias compran menos, pero gastan un 11 por cento máis que hai un ano». «Os alimentos seguen supoñendo a maior parte do desembolso para os fogares galegos. O leite incrementou máis dun 20,5 por cento, o aceite máis dun 40 por cento, e outros produtos, como a manteiga, máis dun 30 por cento. Isto leva á poboación a facer un cambio forzado de hábitos; por exemplo, cómprase xa máis verdura conxelada». O mércores vemos como o euríbor segue subindo, supera o 2,8 por cento e encarece a hipoteca media en 3.000 euros/ano. Isto afonda no problema da



vivenda neste país, un problema que ten unha dobre vía: esta que acabo de comentar, pero á que hai que sumar tamén o incremento dos alugueiros e o aumento da exclusión residencial.

Onte xoves, por exemplo, podíamos ver como o calzado se planta por primeira vez en corenta e cinco anos: «Non aceptamos máis perdas de poder adquisitivo», un sector máis, non é o único. Esta é unha realidade constante, que denuncia a perda de poder adquisitivo e a incapacidade de cubrir os seus custos.

Hoxe venres, por exemplo, podemos ver: «A crise de prezos provoca a primeira baixada mundial de salarios en vinte anos», ou, por exemplo, «Unha suba masiva» —agora que estamos na fin de ano— «dos seguros; seguros como o da vivenda, o do coche, etc.»

Polo tanto, señor conselleiro, poderíamos seguir sumando máis cuestións. Poderíamos falar dos ERE, que aparecen hoxe na prensa, do empeoramento das perspectivas para Alcoa e dun longo etcétera. Pero, señor conselleiro, esta é a realidade, a realidade que viven os galegos e as galegas, e non é xa só que neste país haxa milleiros de persoas ás que lles gusta chegar á fin de mes —un 48 por cento dos fogares, segundo o Instituto Galego de Estatística—, senón que a crise de prezos, que infraestimaron e que dicían que ía ser algo temporal, é xa tan voraz, tan alongada no tempo e tan estabilizada que xa non é que sexa heroico neste país chegar á fin de mes, senón que hai cada vez máis galegos e galegas aos que lles custa acabar xa a semana, señor conselleiro.

Polo tanto, hoxe queremos poñer enriba da mesa unha vez máis esta situación; unha situación na que non podemos deixar de esquecer que os galegos e galegas sofren tamén o impacto da pandemia da covid-19 en termos económicos, mais tamén que chove sobre mollado, porque anteriormente vivimos unha crise financeira a partir de 2008 onde as medidas que se tomaron foron de costas ás maiorías sociais. Polo tanto, vemos con preocupación como vostedes están facendo agora o que xa fixeron antes, que é tomar medidas absolutamente antisociais e insolidarias que o que fan é privilexiar os máis privilexiados en lugar de axudar as maiorías sociais, e que mentres hai cada vez máis familias ás que lles custa acabar xa non o mes ou a semana, senón case o día. Vemos como iso se traduce tamén en decisións, e preocúpanos iso porque está habendo un empeoramento na calidade de vida dos galegos e das galegas e tamén da súa saúde.

E podemos poñer exemplos das decisións que están tomando os galegos e as galegas. Hai un ano, por exemplo, o 9 por cento dos fogares mudaban na cesta da compra produtos para escoller os máis baratos. Hoxe declaran facelo un 30 por cento dos galegos. Hai un ano, o 8 por cento declaraba aforrar noutras cousas, como non mercar roupa ou consumir menos electricidade e menos gas —é dicir, pasar máis frío—; hoxe, do 8 por cento pasamos ao 37,60 por cento; case cinco veces máis fogares toman estas decisións. O cal reflicte ás claras como a situación é preocupante.

Hoxe, señor Corgos, ademais, non é que estea nunha situación extrema quen peor estaba, senón que tamén está nunha mala situación quen hai un ano ou un ano e medio tiña unhas boas perspectivas, porque o empobrecemento está sendo tan acelerado que no día de hoxe hai máis xente sen poder facer a súa compra no súper que hai ano e medio.



E mire, eu, por exemplo, este sábado estiven en Baltar, nun concello de Ourense, da Limia —que están moi contentos tamén coa súa política eólica, como defendía o señor Rueda hoxe pola mañá—, e unha das persoas que estivo alí falando connosco contábanos que está pedindo cartos ao banco, que está pedindo préstamos para poder comer todos os meses. Era unha muller que ten unha granxa de coellos, que veu hai máis de dez anos para Galiza, que está sufrindo a crise de prezos e que pese a que ela tamén vive en boa parte do autoconsumo, porque vive no rural, e pese a que a súa granxa ten unha boa organización dos espazos, que lle permite unha gran optimización climática e enerxética, aínda así o incremento dos prezos enerxéticos, o incremento dos pensos e tamén o incremento daqueles produtos que ela non produce, non pode autoconsumir e que ten que coller no supermercado, é tan salvaxe que non se ve capaz de chegar á fin de mes se non é porque se está endebedando. E diante desta situación, ¿que é o que fai o Goberno galego? Pois basicamente privilexiar —insisto— máis os privilexiados, baixar os impostos aos 7.000 máis ricos, en lugar de atender as persoas con máis necesidades; por exemplo, esas máis de 75.000 persoas que vostedes decidiron deixar sen Tarxeta Básica cando ir encher a cesta do súper está en termos históricos.

Esa, señor Corgos —sei que non lles gusta que lla recordemos—, é a mellor imaxe da súa política económica nestes momentos. E a nós preocúpanos, preocúpanos porque entendemos que é o contrario do que hai que facer neste momento, pero preocúpanos porque tamén as perspectivas cara a 2023 non son boas. A semana pasada coñeciamos, por exemplo, a nova previsión da OCDE, que recorta o 1,3 por cento a previsión de crecemento para o Estado español para o ano que vén, que prevé a recesión en Alemaña e en Reino Unido; e iso, con independencia de que o Estado español acabe entrando ou non en recesión en termos técnicos, desde logo, vai ter un efecto dominó no noso país. Este martes coñeciamos, por exemplo, o indicador adiantado do INE para o IPC para o mes de novembro, e prevé apenas un descenso de medio punto para o IPC en termos xerais. Pero preocúpanos porque, tendo en conta que Galiza desde hai máis dun ano ten unha evolución peor que a do conxunto do Estado, iso pode significar que no noso país nin sequera descenda medio punto. Por riba, prevé tamén o INE que para o mes de novembro vai aumentar novamente a inflación subxacente, e iso tamén nos preocupa porque este indicador, ademais, é considerado máis preciso coa realidade por excluír os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, que son máis volátiles. Polo tanto, tendo en conta que o mes pasado o índice de Galicia estaba cinco puntos por riba do Estado, pois tamén nos preocupa que a tendencia vaia ser esta.

Polo tanto, o panorama non está para conformismos. Empobrecemos. As e os galegos empobrecemos máis rápido que o conxunto do Estado, e temos un goberno, señor Corgos, que nin está acertando nas políticas de protección social, que están depauperando, nin acerta no impulso económico.

Entón, hoxe preguntámoslle: ¿que vai facer diante desta situación? ¿Cando van mudar a súa política económica, fiscal e financeira para que sexa realmente redistributiva, para que realmente neste contexto axude a quen peor está a saír adiante e deixe de ser parte do problema e parte da causa do empeoramento desta situación de crise?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Señoría, bos días.

Interpélame vostede pola política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos.

Quería dicirle, respecto da súa introdución, que nós non queremos tapar nada. E o primeiro que lle quero dicir é que o Goberno galego comparte a súa preocupación polo impacto que ten sobre a sociedade galega a alza continuada de prezos dende hai case un ano, como puxemos de manifesto a pasada semana no debate do Pleno dos orzamentos, dende a que non mudou nada. Alí fixemos unha diagnose da situación económica realista e expuxemos as medidas de loita contra estes efectos do incremento de prezos que estamos a vivir neste ano e que prevemos no vindeiro, aínda que nun menor nivel. E por iso o Goberno galego está ocupado en axudar, protexer e acompañar as familias que máis o precisan nesta difícil conxuntura. Xa o estamos a facer neste ano —como logo exporei—, pero reforzamos esta estratexia —como dixen— co Proxecto de orzamentos para o ano 2023, que tivemos a ocasión de debater hai uns días. Porque, conscientes de que a actual conxuntura segue marcada polas alzas de prezos, dende que comezamos a preparar e deseñar as contas do vindeiro ano —alá polo mes de xuño— tivemos claro que tiñamos que priorizar cinco eixos de actuación cun dobre obxectivo: por unha banda, tratar de mitigar os efectos desta alza de prezos; e, por outra, incluír medidas para impulsar a competitividade e favorecer o dinamismo nun intre de ralentización económica.

Recordareille eses cinco eixos de actuación: o primeiro, medidas de apoio e protección ás familias e ás persoas máis vulnerables; o segundo, medidas de aforro e eficiencia enerxética; o terceiro, medidas de dinamización económica; o cuarto, medidas de protección do medio ambiente e loita contra a seca e o cambio climático; e, o quinto —como non pode ser doutro xeito—, medidas de fortalecemento dos servizos públicos autonómicos. Estas cinco liñas prioritarias son vitais para favorecer o pulo que necesita Galicia neste intre. Reforzámolas tanto pola vía dos ingresos como pola vía dos gastos, cunha dobre pretensión: por unha banda, dotar de estabilidade as decisións de consumo, aforro, investimento e produción dos axentes económicos, das familias e das empresas de Galicia; e, por outra, fixar o marco que contribúa a garantir un crecemento sostido que minimize os efectos económicos e sociais adversos da nova situación, focalizando nos máis vulnerables as medidas de maior calado.

E como queremos ser áxiles nos apoios, optamos pola vía das rebaixas fiscais por ter un efecto inmediato sobre os sectores e as familias ás que se beneficia con estas baixadas impositivas. Por iso, empregamos a vía dos incentivos fiscais como unha ferramenta para acadar un alivio fiscal necesario e urxente. Porque —reitero— o primeiro obxectivo é protexer e acompañar as persoas que pasan dificultades con novas medidas e co reforzo das xa exis-



tentes, pero co ánimo de xerar as condicións para que eses colectivos e esas persoas sexan quen de progresar e de deixar de precisar o antes posible eses apoios.

Para o ano 2023 as familias son o centro das políticas de loita contra a inflación mediante baixadas de impostos e mediante políticas focalizadas de gasto. Así, adoptamos unha serie de medidas para reducir a imposición persoal —como ben sabe— sobre a renda das persoas físicas, deflactando con carácter retroactivo a 1 de xaneiro do ano 2022 os tres primeiros tramos do IRPF, mellorando o tramo máis baixo e aumentando os mínimos persoal e familiar, o que beneficiará con máis intensidade as rendas máis modestas. O carácter retroactivo destas medidas permitirá aliviar as economías familiares xa na primavera do ano 2023, cando presenten a súa declaración da renda. E, como xa dixen a semana pasada, esta medida contribuirá a que cada contribuínte galego aforre 476 euros de media no IRPF respecto do ano 2009.

Pola vía do gasto, tamén temos unha prioridade constante que é que o primeiro que atendemos en cada orzamento é o gasto social para reforzar de xeito constante os servizos públicos. Cando había menos recursos, blindámolo e así gañou peso na estrutura de gasto da comunidade autónoma; en épocas máis expansivas, reforzámolo, acadando tamén de novo maior volume de recursos. E por iso —e seguindo esa estratexia orzamentaria— para o vindeiro ano de novo reforzamos o gasto social: reforzamos o gasto en sanidade, en educación, en políticas sociais e en fomento do emprego. Por terceiro ano consecutivo é o máis elevado da historia da comunidade autónoma. En total, destinaremos 9.368 millóns de euros, que é unha contía tan importante que supera o orzamento total dos anos 2012 a 2017. En concreto, do aumento do orzamento total para o ano 2023, que son 993 millóns de euros, 709 millóns de euros adícanse a reforzar este gasto social.

Como dicía, todos estamos preocupados pola alza de prezos, que se prolonga xa hai máis dun ano —case un ano e medio— e que se acentuou no primeiro trimestre deste exercicio. Cómpre tamén salientar —porque na súa exposición semellaba que tanto o incremento dos prezos como a responsabilidade das solucións recaen exclusivamente na comunidade autónoma— que esta acentuación do incremento dos prezos se debe ao *shock* de oferta mundial producido pola invasión rusa de Ucraína. E tamén hai que ter en conta que as ferramentas para dar solución a esta crise, en primeiro lugar, recaen na política monetaria e, en segundo lugar, nas políticas da oferta. Porque estamos perante un *shock* de oferta e, por tanto, son competencia do Banco Central Europeo. E, en segundo lugar, tamén a coordinación e as bases da actividade económica xeral lle corresponden á Administración xeral do Estado, en particular, no que se refire ás políticas que afectan a oferta agregada. Nós tamén temos competencias, e estamos a actuar, dentro das nosas competencias, cun paquete de medidas para mitigar os efectos desta alza de prezos, en especial, nos sectores máis vulnerables.

Os prezos, malia a seguir altos, comezan a moderarse. De feito, sobre os datos que vostede indicaba no texto da súa interpelación correspondentes ao IPC do pasado mes de agosto, quero dicirle que este indicador baixou máis de 3 puntos respecto desa data; en concreto, do 11 por cento ao 7 por cento, segundo os últimos datos do IGE correspondentes ao mes de outubro, e que a previsión é que se modere aínda máis no pasado mes de novembro, cando



saian os datos nos vindeiros días. E a esta moderación contribúen, sen dúbida, as medidas que levamos aprobadas no que vai de ano.

Conscientes de que o maior problema de suba de prezos en Galicia se concentra na enerxía e no transporte pola nosa dispersión, adoptamos unha serie de medidas para axudar a paliar os seus efectos. Entre elas, están o complemento do Bono Térmico, de 100 euros, que xa axudou a pagar a factura enerxética a 64.400 familias; ou un plan de aforro enerxético para fogares, con máis de 8.200 axudas para proxectos de autoconsumo, renovables térmicas, para renovar electrodomésticos ou mercar vehículos eficientes; ou o Bono Enerxía Peme para autónomos e pemes para instalar equipamentos que reduzan o consumo enerxético.

Tamén axudamos o sector primario con medidas como a do adiamento de 200 millóns de euros de axudas da PAC aos agricultores e gandeiros, ademais de aportar liñas de crédito para atender compras de circulante. Ou a compensación aos profesionais do mar do pago das taxas portuarias dos portos de Galicia durante seis meses. E para favorecer un menor uso do vehículo privado e un maior uso do transporte colectivo complementamos as bonificacións que estableceu tamén a Administración xeral do Estado en termos xerais, por citar algunhas das medidas máis relevantes que xa puxemos en marcha.

Como dicía, conscientes de que se mantén esta alza de prezos, no orzamento para o vindeiro ano 2023 incluímos un novo paquete de medidas que xa coñece ben, tanto medidas novas como outras de reforzo xa en vigor, que acadan máis de 500 millóns de euros. Así, para o vindeiro ano priorizamos o reforzo na atención ás familias e ás persoas en situación de vulnerabilidade ante a actual inestabilidade económica e suba de prezos xeneralizada. Por iso, na área de inclusión social, aumentamos un 25 por cento respecto do ano 2022 ata acadar os 148,5 millóns de euros a dotación desta política de gasto.

Estes fondos permitirán reforzar o paquete de medidas do que dispón a Xunta de Galicia para apoiar os fogares que peor o están a pasar, aumentando o complemento autonómico para o Bono Social Térmico nun 50 por cento, incrementando o complemento autonómico das pensións non contributivas para paliar o efecto do incremento do custo da vida e adoptando outras medidas, como o incremento de máis dun 8 por cento da renda de inclusión social ou as axudas á inclusión social. E ademais na programación do Fondo Social Europeo para o marco 2021-2027 que acabamos de pechar e que xa está lista para a súa aprobación pola Comisión Europea, unha vez que por fin se aprobou o acordo do Reino de España, esta política de gasto estará financiada con 154 millóns de euros, un 59 por cento máis que no período 2014-2020, ao que se engaden outros 26 millóns de euros do programa básico adicado a impulsar as medidas contra a privación material severa.

Outras medidas que completan estas actuacións e que están recollidas nos orzamentos para o ano 2023 son a gratuidade das escolas infantís para todos os fillos, das que xa se benefician arredor de 31.000 familias, e que ten un custo —como ben sabe— de 105 millón de euros, ou a conxelación das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica; ademais de duplicar as achegas para actuacións de aforro enerxético entre familias e pemes, 23,3 millóns para familias e 56 millóns para pemes.



Remato xa, señorías, co compromiso deste goberno de empregar toda a capacidade que nos darán os orzamentos do ano 2023, os máis altos da historia, con 12.620 millóns de euros, como unha ferramenta que dea resposta ás necesidades de familias e de empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Corgos, como era de agardar, creo que tampouco desta volta nos imos poñer de acordo, cando menos nas medidas que vostedes deben impulsar.

En todo caso, comezando polos acordos, hai unha cuestión na que podemos concordar. En ningún momento, dende este grupo, en ningún dos debates que tivemos sobre esta cuestión desde hai —como ben dicía vostede— máis dun ano, establecemos que as causas ou as solucións fosen única e exclusivamente responsabilidade da Xunta de Galiza. Evidentemente, hai unha parte, que é a política monetaria, na que lamentablemente non temos capacidade de decisión; lamentablemente, en xeral, sobre todo, temos cada vez, como país, menos capacidade de decisión xa non só respecto do Estado español, senón tamén respecto da Unión Europea, algo no que vostedes son, ademais, corresponsables, algo que vai empeorar ademais coa adhesión aos mandatos que impón o semestre europeo ao fío dos fondos europeos e que, ademais, vai traer máis recortes nas prestacións sociais e nos dereitos sociais.

En todo caso, tamén hai moitas cuestións que pertencen ao ámbito de decisión do Estado español. Lamentablemente, aí, na demanda de autogoberno, tamén adoitamos estar soas, pero é que vostedes son o goberno dun país. Son o goberno dun país, teñen un autogoberno no que non se caracterizan por exercitar demasiado e teñen tamén capacidade económica; teñen vostedes decisión sobre máis de 12.000 millóns de euros, que, nun contexto como no que estamos, non é algo menor, aínda que a nós nos gustaría que fose máis. Polo tanto, son un goberno e teñen capacidade de decisión sobre moitos ámbitos. A cuestión é que non queren tomar as decisións que requiriría este contexto e que as medidas que están a tomar son absolutamente insuficientes.

Polo tanto, vostede di que non queren tapar a realidade da crise de prezos, o que pasa é que tampouco queren ver a realidade da crise de prezos e non queren tomar as decisións que deberan. Porque, basicamente, as liñas de actuación da Xunta son dúas: a primeira é a indiferenza, porque vostedes están sendo indiferentes á dor social que hai neste país... Porque, claro, sobe vostede aquí a dicir moi convencido que están reforzando e ampliando os mecanismos de protección social, cando son o Goberno que acaba de suprimir a Tarxeta Básica. É que levamos meses neste Parlamento pedindo, xunto coas entidades do terceiro sector, que se recupere; e vostedes non só se negan a recuperar a Tarxeta Básica, senón que tampouco reforzan como se deba outros mecanismos como a Risga ou como as pensións non contributivas. Para exemplo, levamos tamén, como o «Día da Marmota», dous anos falando



de a ver cando vostedes fan por fin unha reforma valente da Lei de inclusión social para solventar todos os problemas que está habendo nese ámbito. Pero vostedes viven máis cómodos en que se perpetúen eses problemas e en poder ter tamén aí máis mecanismos para facer de oposición, ou de oposición ao Goberno central.

Polo tanto, desde logo, non compramos esa argumentación de que vostedes están a blindar as axudas sociais nin os mecanismos de protección social. E iso ímolo ver tamén no debate orzamentario, ímolo ver cos seus votos ao estado de gastos ou ímolo ver cando unha vez máis vaian votar en contra de que se comprometa que, se ten que haber algún recorte no orzamento da Xunta, non se van minorar en ningún momento créditos de políticas sociais como as consellerías de Sanidade ou de Política Social. E iso verémolo tamén no resto do debate orzamentario.

Mire, señor Corgos, nós insistimos en que non van na liña adecuada, e a proba é que vostede reitera debate tras debate exemplos como o do Bono Social Térmico. Eu teño que insistir unha vez máis en algo: se hai un aumento dun 8 por cento de fogares que hai un ano tomaba a decisión de empregar menos enerxía eléctrica ou menos gas para aforrar, se houbo un aumento e agora estamos en máis dun 30 por cento de fogares que toman esas decisións, se hoxe hai máis galegos e galegas en risco de exclusión social que no ano 2020, por exemplo, onde vostedes axudaron a 84.000 galegos e galegas; entón, se están axudando a algo máis de 60.000, pois para nós é claramente insuficiente. E é precisamente o enerxético un ámbito onde está clara a falta de vontade, de ambición, do Goberno galego, que non creou mecanismos novos que superen as deficiencias do bono social estatal. É que, non sei, agora estamos á espera, porque está o señor Rueda case ao bordo de defender a tarifa eléctrica galega. Se rectifican e se suman pois, desde logo, terannos aí ao lado, pero o que estamos vendo é o contrario.

Mire, eu facía a retrospectiva desta última semana do que nos dicía, por exemplo, a prensa para describir a situación que estamos vivindo. Tamén no debate orzamentario faciamos algo de retrospectiva do que foi este último ano. E vou rematar a miña réplica tamén facendo algo de retrospectiva.

Eu tomei a molestia de coller e repasar onte que era o que nos dicía a prensa o 1 de decembro de 2021, cando estabamos tamén tramitando os orzamentos e cando desde a Xunta, desde o Banco de España e desde o ámbito orzamentario do Estado, se nos dicía —e teño aquí tamén unhas declaracións de hai exactamente un ano de Hernández de Cos— que «*la subida de la inflación es, en esencia, transitoria*». Ese mesmo día saían unha serie de expertos económicos advertindo de que o impacto da inflación estancaría o investimento e traería un agravamento da pobreza. Esa era a realidade que hai un ano non querían ver e que dicían que, en cuestións duns meses, estaría resolta. Un ano despois vemos que non está resolta, que está agravada, que as perspectivas cara ao ano 2023 non son boas e que, lamentablemente, o seu goberno segue instalado nesa política antisocial, absolutamente insolidaria, de perpetuar as receitas da anterior crise.

Polo tanto, nós non concordamos; non imos consentir que se faga con absoluto silencio. Seguiremos denunciando esta situación, como se denunciou tamén por parte do sindicato maioritario deste país esta mesma semana con mobilizacións...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e traeremos ao próximo pleno propostas para ir na dirección que realmente necesita este país, que é coller a política orzamentaria, aproveitar ese estímulo económico para rescatar a quen peor o está pasando e facer o contrario do que fan vostedes, que é privilexiar esa minoría do noso país que é rica e que non ten problemas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...en chegar á fin de mes nin en ir facer a compra ao súper.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para o peche da interpelación, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Señoría, para «Día da Marmota», esta pregunta, porque nada mudou desde a semana pasada, cando puidemos debater os orzamentos. Bueno, si, unha cousa mudou: as súas previsións, as previsións ás que se acolleron vostedes de crecemento. As máis funestas de todo o panorama de conxuntura macroeconómica nacional acaban de ser revisadas onte cara ás previsións da Xunta de Galicia, subindo catro décimas de crecemento entre este ano e o que vén por parte dese gran banco que lles supón a vostedes esa gran credibilidade.

Nós o que facemos é adoptar o criterio do consenso dos economistas —os economistas poden acertar ou poden errar— e, en función diso, realizamos unha diagnose da realidade e tomamos as medidas precisas para enfrontar os retos que en cada intre ten que enfrontar a comunidade autónoma. E cando fixemos esa diagnose, tiñamos ese consenso dos economistas e actuamos en consecuencia. Se muda a realidade e hai que cambiar as medidas, cambiarémolas, en todo caso, tentando protexer os máis vulnerables.

Reitero que os orzamentos que está tramitando esta Cámara para o vindeiro ano responden ás prioridades do Goberno galego, que son mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias e reforzar o impulso da reactivación económica nun intre de desaceleración.

Somos conscientes de que hai moitas, demasiadas familias, que están a pasar dificultades, e traballamos cada día para achegarlles solucións. De feito, vostede fai referencia tamén na súa interpelación a este feito. Neste senso, quero dicirle que é certo que un 48,26 por cento das familias manifestan que chegan con moita ou algunha dificultade a finais de mes, segundo os últimos datos do IGE, na enquisa conxuntural a fogares, correspondente ao terceiro trimestre deste ano. Insisto, son moitas familias, e traballamos para que poidan mellorar as súas condicións de vida. Velaí as partidas do orzamento que describín antes.

Pero tamén é certo que esta porcentaxe é case nove puntos máis baixa que a que se rexistraba hai un ano e medio, cando se situaba no 57 por cento, xusto cando empezaron os prezos a



medrar. Consecuentemente, as familias que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes aumentaron dende o 42,9 por cento do primeiro trimestre de 2021 ata o 51,74 por cento do último dato coñecido —lémbrolle, do terceiro trimestre deste ano—.

Coido que todos deberíamos alegrarnos por iso porque, sen dúbida, as medidas que puxo en marcha o Goberno e ás que me referín na miña primeira intervención de seguro que están a mellorar a capacidade das familias de afrontar os seus maiores gastos, sobre todo enerxéticos e de transporte.

Señoría, ademais, agora que adicamos máis recursos que nunca a políticas sociais, non lle parecen suficientes. Pero se o comparamos co que facían vostedes e que xa se indicou aquí esta mesma mañá, como xa dixen, veremos que o vindeiro ano para inclusión social subiremos un 25 por cento os recursos, ata case os 150 millóns de euros. ¿Sabe canto adicaba o anterior goberno no ano 2009? Setenta millóns de euros. O seu peso sobre o gasto non financeiro —se quere deflactar a cifra— era do 66 por cento e para o 2023 será do 1,18 por cento.

E a única diferenza que hai entre hoxe e daquela é que daquela estabamos en pleno estourido dunha burbulla especulativa e que a taxa de desemprego no segundo trimestre de 2009 era dous puntos superior á que ten hoxe en día Galicia, do 10,8 por cento. Antes parecíalle ben a metade e agora non lle parece ben o dobre.

E se imos aos datos de condicións de vida, aos datos da Rede galega contra a pobreza do ano 2021, que supoño que lle parecerá unha boa referencia, e se imos á conclusión do informe, veremos que este informe di literalmente: «Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores». Entre estes datos podemos salienta que Galicia é unha das cinco comunidades autónomas que no ano 2021 foi quen de mellorar a taxa AROPE, que mide o risco de exclusión social: Galicia, o 25,2 por cento; a media nacional, o 27,8 por cento.

Somos a segunda comunidade con menos porcentaxe de persoas con carencia material, 3,8 por cento; con 3,5 puntos menos que a media de España. E reduciuse un 8 por cento a taxa de pobreza económica, coa maior baixada interanual dende o ano 2013.

¿Estamos satisfeitos con estes datos? Non. ¿Queremos seguir mellorando as condicións de vida dos galegos e das galegas? Si. Reitero, xa aprobamos un paquete de medidas para favorecer o pago dos elevados custos enerxéticos das familias e das empresas e complementamos as bonificacións ao transporte público. E para o vindeiro ano reforzamos e ampliamos estas medidas, ademais de duplicar as axudas a familias e empresas para actuacións de eficiencia enerxética, entre as que está —insisto— a conxelación das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica, mentres que, lamentablemente, o Goberno de España parece que non lle vai facer caso nin vai facer o mesmo na AP-9, que podería ver encarecida a súa peaxe nun 9 por cento. Resulta sorprendente que o seu grupo en Galicia rexeite un orzamento que conxela as peaxes das autoestradas e, mentres tanto, en Madrid o BNG non rexeite un orzamento que as pode chegar a subir un 9 por cento.



Remato xa, señorías, lembrando que os orzamentos para o 2023 non só recollen estas medidas de apoio e protección ás familias que lle acabo de expor, senón que tamén buscan dinamizar a economía nun intre de ralentización para recuperar o nivel prepandemia da actividade da economía galega, apoiando a empresas e sectores máis afectados, para mobilizar os investimentos estruturais precisos para dinamizar e transformar o tecido económico e para proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais: sanidade, educación e servizos sociais.

Teña a total seguridade, señoría, de que por parte do Goberno galego faremos todo o que estea nas nosas mans para axudar, protexer e acompañar as familias que máis o precisen. Para iso temos claras as prioridades, e nos orzamentos incluímos, como dixen antes, un paquete adicional de 500 millóns de euros para atender e axudar a todos os colectivos que así o precisen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 6º da orde do día, que son preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Moi bo día, conselleira.

Dise que o tempo corre ou tamén que o tempo voa, que un ano pasa moi rápido nas nosas vidas, mais ás veces hai circunstancias adversas que frean ese paso natural do tempo, como, por exemplo, cando o medo nos inmoviliza e nos paraliza.

Durante un ano ininterrompidamente, durante 52 semanas, durante 52 luns ás 14 horas, as rutinas da veciñanza do Couto e da Proba, no concello de Oleiros, pararon para concentrarse publicamente en demanda de melloras da seguridade viaria no cruzamento da Avenida República Arxentina, na estrada AC-173, como vostede ben sabe, titularidade da Xunta.

¿E que razóns pode ter a veciñanza para persistir ao longo de todo un ano na demanda de seguridade para atravesar esta vía urbana? Unha razón pode ser que estamos nun punto quilométrico que reúne a veciñanza de máis de vinte vivendas que se sitúan en ambas as marxes desta vía urbana, á que hai que sumar as de aproximadamente cen vivendas que están distribuídas nas rúas que conflúen cara a este cruzamento, ademais de toda a veciñanza que fai uso das sendas peonís e do carril bici.



Unha segunda razón pode ser que estamos nun punto quilométrico que conta cunha parada de bus interurbano da liña A Coruña-Sada, con frecuencias de paradas cada quince minutos e tamén con parada de transporte escolar que mobiliza todo o alumnado dende os 3 anos de tres centros educativos públicos desta zona.

Unha terceira razón pode ser tamén que estamos nun cruzamento que expón á veciñanza ao perigo permanente desta vía urbana, que conta cunha intensísima circulación continua e que ten un límite de velocidade de 70 quilómetros/hora. O que, no caso de persoas maiores ou con mobilidade condicionada, limitada, reducida, mesmo implica un illamento social, ao renunciar a atravesar esta vía urbana para ir onda os seus familiares, onda as súas veciñas e veciños ou para coller o autobús, para ir á igrexa ou para ir ao cemiterio.

Despois dun ano de mobilizacións e de diferentes accións da veciñanza, a Xunta aínda non foi quen de procurar unha solución a este problema importantísimo de seguridade viaria no Couto, que está a poñer en risco a vida das persoas, como demostra o elevado número de accidentes que se recollen.

O que si escoitaron de vostedes é defender publicamente a necesidade de dar un respiro á circulación, aos condutores, fronte á seguridade dos peóns.

No ano dos orzamentos máis altos da historia —acabamos de volver escoitalo dicir ao conselleiro de Facenda— e anunciando vostede mesma, señora conselleira, investimentos millonarios en mobilidade sustentábel e racional, ¿que accións compromete para resolver os problemas de seguridade viaria dos peóns no cruzamento do Couto? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, en primeiro lugar, dende logo, quero saudar os veciños do Couto, que creo que nos acompañan, e agradecerlle, por suposto, darme a oportunidade de explicar aquí o que acontece arredor desta solicitude, dun paso de peóns do Couto.

Saben vostedes que nós propuxemos unha solución, e vexo que lles dan igual as solucións e que prefiren vir coa pancarta, enredando, (*Murmurios.*) en vez de saber, en concreto, cal é a nosa proposta de solución, que era inmediata. E coñécena, dixémola publicamente, e tamén teñen a proposta de solución por escrito nas diversas cuestións que nos quixeron trasladar por escrito nesta Cámara.

Eu intentarei explicar coa máxima celeridade por que nós apostamos pola seguridade viaria e traballamos pola seguridade viaria, pero, en calquera caso, con criterios obxectivos, técnicos, non con criterios partidistas, políticos, porque a seguridade viaria son criterios obxectivos e técnicos concretamente.



Eu insístolle, señoría: cometen un erro de base. Estamos nunha estrada interurbana. Creo que son conceptos que debería de analizar e estudar vostede. Estamos nun treito de estrada interurbana, e nun treito de estrada interurbana os pasos de peóns non se poñen aleatoriamente, aínda que mo pida vostede e pretenda que prevariquemos, porque sabe que hai dous informes dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas negativos para a instalación dese paso de peóns. ¿Pretende que presione os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas e que prevarique eu e que prevariquen os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas? Porque instalar aí un paso de peóns o que trae consigo é unha falsa seguridade para os peóns. Estamos nunha estrada interurbana, insisto.

É unha decisión con criterios técnicos, que non se sacan da manga. Eu invítoa a que estude e analice a orde que indica os criterios técnicos obxectivos de cando se instala e como se instala un paso de peóns, os criterios que hai que cumprir para habilitar un paso de peóns. Porque o paso de peóns lle dá prioridade ao peón, pero, cando hai falsa seguridade e o condutor non o percibe, o que incrementariamos sería o risco do peón.

Pero eu insisto: hai dous informes negativos. Fixemos unha proposta de solución, señoría, e volvo deixala aquí. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra un documento.)* Propuxemos unha solución ao Concello de Oleiros, transferindo a titularidade, outorgándolle 300.000 euros. Como ve, non é unha cuestión de cartos instalar un paso de peóns, ¡só faltaría! Nin é criterio político nin criterio económico. Temos unha proposta de solución enriba da mesa, que parece que non lles gusta a vostedes; non queren saber cal pode ser a solución, e o importante é botarlle a culpa á Xunta de Galicia e tamén aos técnicos.

Eu invítoa... ¿Aposta por esta solución? *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, sinala co dedo o documento que mostrou e que pousou enriba do seu escano.)* Porque hai unha solución.

Pola miña parte, nada máis, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señora conselleira, a veciñanza do Couto está hoxe aquí porque durante todo un ano foi incapaz de conseguir unha reunión con vostede e unha resposta e unha comunicación de vostede. *(Aplausos.)* Vostede non pode seguir escondéndose nin escusando a súa responsabilidade, a súa desatención, indiferenza e inacción aquí detrás dos informes dos técnicos. A pregunta que se fai a veciñanza do Couto e que nós compartimos é: ¿quen goberna realmente aquí? ¿Quen asume as responsabilidades políticas? Os técnicos fan os seus informes, fan o seu traballo, analizan a realidade, localizan os problemas e achegan e propoñen solucións. A pregunta é: ¿cando vostede vai exercer como conselleira e cando vai realmente poñer en práctica a solución? Unha solución —eu non falei de paso de peóns— de calmado de tráfico que achegue a seguridade aos peóns. Esa é a solución que vostede ten que poñer en marcha como conselleira. *(Aplausos.)* Ou, se non, a pregunta é: ¿cal é a solu-



ción? ¿Vai vostede resolver o risco de atropelos e de accidentes dos peóns ou vai seguir mirando para outro lado despois dun ano? ¿Cal é a solución?, ¿trasladarlle o problema a outra administración? ¿É vostede incapaz de conseguir un convenio, como ten feito con tantísimos concellos, para o caso de Oleiros? ¿É vostede capaz de conseguir realmente este convenio, que noutros sitios si existe? Esa é a pregunta que ten vostede que responder.

A veciñanza do Couto vive condicionada e limitada por un severo risco de exposición a accidentes e atropelos. Non debera pasar pero pasa. A veciñanza do Couto non pode seguir sendo prisioneira de desavinzas ou intereses partidarios entre o Goberno da Xunta e o Goberno do Concello de Oleiros. Non debería pasar, pero pasa. A veciñanza do Couto merece unha resposta ao recurso de alzada que lle presentou a vostede hai máis de seis meses e do que aínda vostede non deu unha palabra. *(Aplausos.)* Non debería pasar, pero pasa. Como non debería pasar, pero pasa, que a Valedora do Pobo xa lle acaba de pedir a vostede por segunda vez que lle envíe os informes requiridos sobre a situación de perigo en que se encontra a veciñanza no Couto. E lémbrale tamén a Valedora, a vostede, que está incumprindo a Lei da Valedora do Pobo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: A todo isto ten que responderlle vostede...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Na Consellería recibimos os veciños do Couto cando pediron solicitude. Tamén teño aquí escritos directamente aos veciños do Couto. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, sinala uns documentos que ten enriba do seu escano.)* E vexo que vostede o que lle pedía á conselleira é que prevarique, que presione os técnicos. É o que están facendo. Hai informes dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas independentes, con criterios obxectivos e técnicos. É así, señor Bará. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Se me permiten expresarme, explicarme, direilles que hai dous informes técnicos negativos. Piden que prevariquen. Eu insisto, hai unha proposta de solución. Polo tanto, non é certo que non chegásemos a ningunha resposta, a ningunha proposta; non é certo, e non alimenten enfrontamentos onde non os hai. A seguridade viaria para nós é fundamental, e debería tamén ser fundamental para vostedes, trasladando propostas que podían ter incluso máis risco para as persoas.



Non se cumpren os criterios básicos das instalacións de pasos de peóns en estradas interurbanas, e sábeno, señor Bará. Lea as instrucións técnicas. Voulle mandar os informes negativos e tamén a proposta de convenio. Nós fixemos unha proposta, a sinatura dun convenio de 300.000 euros para o Concello de Oleiros, que xa asumiu un treito da titularidade. É unha proposta. Vexo que non queren propostas. Queren enfrontamentos, non propostas. E nós ofrecemos propostas e solucións, e as propostas para solucionar non son instar a que prevariquemos, señoría. Dende logo, eu non lle podó permitir que un responsable público inste outro responsable público a prevaricar e a que presione os técnicos, que teñen informado xa en dúas ocasións negativamente sobre a instalación dese paso de peóns, porque é unha estrada interurbana e non cumpre os criterios.

Se queren ser útiles, acepten esta solución, porque hai unha proposta de solución. Se queren ser útiles para a seguridade viaria, se queren ser útiles, sendo coherentes, non lle pidan a esta conselleira, nin aos meus técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, que prevarique. Porque, insisto, ¿que é iso de pedir e presionar para que rache dous informes técnicos desfavorables de dous técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Pero é o que están pedindo, señorías! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Se non saben o que piden...! Eu, insisto: analicen a proposta de solucións, porque estamos para solucións. Anímense a sumarse ás solucións.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(A señora Queixas Zas pide a palabra.)

¿Si, señora Queixas, para que quere a palabra?

A señora QUEIXAS ZAS: Quero intervir polo artigo...

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

A señora QUEIXAS ZAS: Quero acollerme ao artigo 76. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, o artigo 76 é o artigo sobre alusións, e vostede estivo no debate. *(Murmurios.)* Entón, non ten cabida. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Foi unha alusión metafórica, como así a entendín eu. Si, si. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* Grazas, pero non é así.

Grazas, non ten o turno. Non, non ten o turno. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non ten a palabra, estaba no debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Síntoo. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, as alusións valóraas a Presidencia, e eu, neste caso, non as valoro así. ¡Síntoo! A señora conselleira deu unha explicación de algo que ela, para tratar de solucionar, non pode facer. *(A señora Queixas*



Zas pronuncia palabras que non se perciben.) Síntoo. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)
Non, terminou o debate.

Por favor, señor Vega, ¡silencio! ¡Señora Nóvoa, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas, señora Queixas, terminou o seu turno.
¡Silencio! ¡Silencio, por favor, señora Prado e todos! ¡Silencio, por favor!

Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o restablecemento do horario da expedición XG846012001001, Boimorto-Mezonzo-A Coruña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, boa tarde xa.

O pasado 5 de outubro, como ben vostede saberá, o autobús que fai a liña Boimorto-Mezonzo-A Coruña, dentro da UTE Hércules Norte, levou a cabo unha modificación de horarios que está traendo problemas, traendo queixas, por parte da veciñanza, ao seu paso polo concello de Abegondo.

Deste cambio, as persoas usuarias da liña foron informadas un par de días antes —dous días concretamente, antes do cambio—, o que derivou nun caos organizativo, debido á falta de previsión e transparencia que se vén repetindo nos últimos e continuos cambios de horarios e frecuencias no transporte público do noso país.

Debemos denunciar tamén que, ademais desta cuestión, actualmente non existe nestas marquesiñas desta liña ningún tipo de información nin do propio cambio recente que se acaba de facer, nin ningunha outra información sobre horarios ou paradas das liñas que por alí transcorren, e, como vostede saberá, é obriga das empresas concesionarias garantir que esa información estea dispoñible ao público tanto desde o punto de vista da páxina web que teñen habilitado para ese efecto como presencialmente ou fisicamente nas marquesiñas.

Este cambio, como lle digo, señora conselleira, provocou queixas das persoas usuarias, sobre todo no concello de Abegondo, que veñen utilizando esta ruta para desprazarse ata A Coruña, que, agora mesmo, cos cambios propostos efectuados, non se adaptan aos horarios dos centros de ensino ou das empresas, obrigando as persoas usuarias a agardar case unha hora na zona de destino, neste caso da Coruña. Isto está provocando tamén unha perda de usuarios e usuarias da liña, que, como relatan as propias usuarias, en moitos casos, moitos días, pasaron de ter un autobús completo, do total de prazas que ten o autobús, a un minibús, pola baixada da demanda. Cóstanos que este cambio provocou tamén queixas ante a Consellería de Mobilidade, ante a súa consellería, das persoas usuarias, e a Xunta facilitou a información de que este cambio se debera a un axuste, a un pequeno



axuste, no punto de partida; neste caso, un axuste de cinco minutos, un adianto de cinco minutos, no concello de Boimorto. Mais isto non se verifica na realidade, xa que os usuarios e usuarias da liña ao seu paso por Abegondo están denunciando que este axuste de cinco minutos se está convertendo en moitos casos en axuste de até 45 minutos de variación do horario na zona de Abegondo.

Polo tanto, nós entendemos que é positivo facer axustes alí onde sexan necesarios, pero tamén entendemos que estes axustes non poden beneficiar unhas usuarias e usuarios e prexudicar outros noutra punta da ruta.

Entendemos que é complexo, mais entendemos tamén que este tipo de decisións teñen que ter en conta tamén este tipo de variables.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende logo, xa sabemos cal é a teima do BNG en relación co Plan de transporte público da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Fale o que se fale e fágase o que se faga sempre o que fan é converter en universal algún tema puntual, converter palla en palleiro, esa teima que teñen constantemente co Plan de transporte público.

Pero eu voulle cortar de raíz cuestións que me plantexan vostedes, porque é certo que a min me sorprende bastante esta pregunta cando a lin. E vou cortalo de raíz porque contradí totalmente a súa exposición. No mes de outubro máis de 11.300 viaxeiros colleron o autobús en Abegondo, un 15 por cento máis que en setembro. E os usuarios con destino a Abegondo tamén se incrementaron un 12 por cento. Polo tanto, os usuarios —volvo insistir— incrementaron no mes de outubro en Abegondo. Son datos de demanda nos seus máximos, nos últimos anos, e creo que son incuestionables estes datos, polo que, realmente, me sorprende esta pregunta no día de hoxe.

Por suposto que fixemos cambios. Fixemos cambios porque nós escoitamos os usuarios, entendemos e atendemos todas as necesidades que nos trasladen, e cada unha das peticións que nos achegan dende logo que as analizamos e que as temos en conta. Creo que é o noso traballo, e trátase dun dobre axuste na expedición da primeira hora da mañá.

Pero, insisto, eu son eco das suxestións, solicitudes e peticións dos usuarios. O obxectivo, dende logo, é optimizar o funcionamento e darlle máxima utilidade, e o que fixemos foi axustar o tempo de viaxe: de dúas horas e vinte e cinco minutos a unha hora e corenta minutos. E iso é positivo, por iso non entendo a súa pregunta. Adiantamos soamente cinco minutos en orixe: das 7.15 ás 7.10. Non entendo a súa pregunta. O que conseguimos é reducir o itinerario 45 minutos para que poidan chegar antes das nove da mañá, que é unha hora



máis lóxica para entrar a traballar, e non case ás dez, como estaban chegando. Polo tanto, eu só lle vexo vantaxes. Non entendo realmente a pregunta de hoxe.

Dende logo, destinamos 90 millóns de euros ao transporte público, o que supón subvencionar o 76 por cento do custo do transporte público en Galicia para que aos usuarios lles custe realmente a un prezo moi económico. Temos 3.500 liñas renovadas e facemos seguimento. Non sei o que lles molesta: se os 90 millóns, se a renovación, o seguimento...

Dende logo, señora, eu creo que son unicamente vantaxes con esta modificación de hoxe. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o que eu non acabo de entender non é a pregunta que formulei, senón a súa actitude. Eu díxenlle que me parece ben que se axusten en orixe, como neste caso, que se axustou por unha cuestión de demandas de usuarios. Mesmo lle dixen que entendo e que entendemos que, facendo estes axustes, por dicilo dalgunha forma, é complicado que todo o mundo estea contento. O que eu lle estou relatando agora mesmo son as molestias que describen os usuarios e usuarias ao seu paso por Abegondo.

Vostede falábame da demanda de outubro, que é o propio mes onde se introduce este cambio. Eu estiven alí esta mesma semana, falando con usuarios e usuarias, e a súa molestia é importante, porque entendemos —ou elas mesmas nos veñen dicir— que o horario que tiñan antes era moito mellor para unha maioría das persoas usuarias que estaban alí, en Abegondo, (A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, nega coa cabeza desde o seu escano.) que no día de hoxe teñen serias dificultades para que ese horario lles sexa útil, porque en moitos casos están unha hora antes do tempo que requirirían estar. Ademais, é unha liña que practicamente utiliza a xente de alí, que teñen que ir alá como único recurso, á parte do transporte privado.

Nós entendemos que ter un transporte público eficiente e eficaz debe ser tamén útil para a veciñanza, e entendemos que se poidan dar ese tipo de axustes para mellorar, neste caso, unhas demandas no punto de partida, no punto de orixe da liña, pero iso non exige que noutras partes da liña

usuarios e usuarias co mesmo dereito tamén eleven as súas queixas e as súas demandas porque este cambio os prexudica, ao seu entender, no seu día a día.

Polo tanto —como lle digo—, eu estou relatando unha problemática que existe. O único que lle estou dicindo é que nós non podemos traer solucións que despois poidan, aínda que sexa parcialmente, prexudicar outros usuarios e usuarias. E o que non entendo, señora conselleira, é a súa actitude, cando...



O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...creo que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos. Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): A miña actitude... Eu intenteille explicar a cuestión da modificación de cinco minutos en orixe e que o tempo de percorrido dos buses sexa máis curto. Eu o que lle vexo son vantaxes. Ademais, é unha modificación solicitada polos usuarios, que os podemos atender e que os atendemos. Foi pedida polos usuarios.

A actitude que a min me sorprende é a desta emenda nos orzamentos do ano 2023, *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, amosa un documento.)* aínda que leve transportes. Sácanlle vostedes, Bloque Nacionalista Galego, corenta millóns de euros á sanidade para mellorar o transporte público. Isto si que é unha actitude que aquí, nesta bancada, non podemos, dende logo, aceptar. É unha emenda presentada polo BNG nos orzamentos do ano 2023 *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, le a emenda.)*: «...redución, sanidade, corenta millóns de euros para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade». Corenta millóns de euros, cando xa investimos noventa millóns de euros en transporte público. ¿Ese é o seu modelo de transporte público? Non o sei. Dende logo, non é o noso modelo de transporte público.

Eu creo que sobre as queixas que traslada —permítame a expresión— fala de oído, porque —insisto— as modificacións que fixemos foron solicitadas polos usuarios. Adiantamos unicamente cinco minutos en orixe a liña de transporte e reducimos en total en todo o percorrido, dende o inicio ao final, corenta e cinco minutos. Son corenta e cinco minutos menos no percorrido para chegar ao destino a unha hora moitísimo máis razoable para chegar ao traballo, que é un pouco antes das nove da mañá. Polo tanto, está moi lonxe do que din vostedes. Eu creo que os viaxeiros realmente se benefician desta modificación, porque reducimos o tempo dos viaxeiros no autobús e chegan a unha hora moito máis razoable. Polo tanto, a suxestión que nos trasladaron os usuarios vímola moi razoable e por iso a atendemos.

O certo é que non houbo ningún caos organizativo nin nada. Nós, con antelación, comunicamos a modificación —porque a xente ten que planificar as súas viaxes, e así o anunciamos con antelación— informando os concellos e informando a cidadanía. E, polo tanto, neste caso, previsión e transparencia. O certo é que eu, neste caso, unicamente vexo melloras.

Polo tanto, non sei cal é o seu modelo de transporte público, sinceramente. Porque —permítanme que lles diga— saben que o transporte urbano en Pontevedra, en vez de facelo o Concello de Pontevedra —onde gobernan vostedes—, o estamos facendo nós. ¡Por algo será! No bus urbano de Lugo —onde cogobernan vostedes— podían implantar a Xente Nova. Eu



volvo insistir, creo que a súa proposta en transporte público, que é quitar corenta millóns de euros en sanidade coas emendas, dende logo, non é o noso modelo. O noso modelo é escoitar, facer seguimento, investir noventa millóns de euros en transporte público e seguir beneficiando os usuarios.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialista de Galicia, sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Moi boa tarde.

Señor conselleiro, un sistema educativo plenamente inclusivo de calidade é aquel capaz de dar resposta a cada alumno e a cada alumna en función da súa realidade social e persoal. É aquel capaz de artellar esas medidas organizativas, curriculares e a dotación de recursos en función das necesidades que precisa ese alumnado.

Nos últimos tempos tanto as familias como os docentes e as comunidades educativas están a advertir, ademais, que a crise sanitaria e as sucesivas crises económicas que están azoutando as familias galegas derivaron nun aumento exponencial do alumnado con necesidades educativas específicas e especiais. Velaí están, ademais, os datos da incidencia de problemas de saúde mental na adolescencia e na infancia. Esta mesma semana coñecemos, sen ir máis lonxe, algúns datos preocupantes dese estudo da Fundación Barrié e do profesor da USC Antonio Rial.

Nós contextualizamos así a importancia, tanto ou máis que nunca, de contar, agora e sempre, cun sistema educativo público cos recursos necesarios, porque, ademais, os centros de ensino son —como sabe— moitas veces a porta de entrada onde se detectan moitos destes problemas.

E hoxe queremos denunciar, pedirlle respostas, pero sobre todo que rectifique arredor da situación que están a padecer os alumnos e as familias do Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo (*Aplausos.*). Este centro conta este curso con máis de trescentos cincuenta alumnos, dos cales máis de trinta son alumnos e alumnas con necesidades específicas especiais, entre os cales —como debe saber— se atopan alumnos cun grao de dependencia acreditado elevadísimo, entre eles, por exemplo, unha alumna cun setenta e sete por cento.

A filosofía do centro de Cruz do Sar réxese polos principios de inclusión en canto á atención á diversidade. Pero —segundo denunciaron— cunha radiografía similar e mesmo cun aumento do alumnado con necesidades específicas e especiais, o centro comezou este curso con dous profesores menos: un mestre de educación primaria e un de Pedagogía Terapéutica. A pesar de solicitálo con tempo, a Consellería non só non respondeu a estas necesidades, senón que recortou.



Desde a ANPA do centro protagonizaron —e protagonizarán, se non rectifican— mobilizacións. A propia alcaldesa dirixiuse á Inspección para defender os intereses do centro; alcaldesa que —permítanos saudar e agradecer a súa presenza hoxe, señora Alejandra Pérez— demandou, reclamou á Inspección, á Xefatura Territorial —xunto a toda a corporación, por certo, incluíndo o Partido Popular—, estes meses unha solución.

Esta decisión vulnera o establecido no Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade.

¿Coñece vostede as necesidades educativas deste centro en Bergondo, señor conselleiro? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señoría, a verdade é que comparto a primeira parte da súa intervención. Galicia foi e é un exemplo en traballar a favor da inclusión, en traballar a favor da atención á diversidade, en traballar tamén para protexer os alumnos das problemáticas emocionais. De feito, despois da pandemia, fomos a primeira comunidade autónoma que aprobamos un plan de benestar emocional para o alumnado e tamén puxemos en marcha diferentes comisións onde intentamos, cunha perspectiva interdisciplinar —sanitaria, social e educativa—, dar resposta ás problemáticas, moitas delas recollidas no estudo que vostede citou e moitas delas recollidas noutras análises. Realmente preocúpanos, ocúpanos e traballamos nesa liña sen ningún tipo de dúbida. Creo que niso podemos estar todos de acordo e que sería un bo principio.

Non podo estar de acordo co que plantexa vostede na segunda parte da súa intervención. Vemos que hai unha visión —se se quere— deformada da propia realidade. Vostede cuestiona, como representante do Partido Socialista, a xestión dos recursos humanos que presta a Consellería de Educación. Que non a presta este conselleiro, pode estar absolutamente segura; non o xestiona directamente este conselleiro dun xeito arbitrario ou dun xeito directo, nin moito menos. Estas decisións de adopción de profesorado, de adopción de horarios etc., tómanse todas con base nos rigores técnicos, con base nos informes de Inspección.

E neste tema —vostede tamén o sabe porque xa foi debatido na Comisión 4ª— pola súa parte mantéñense nunha posición que entendemos absolutamente interesada. A vostede non lle importa que o centro teña máis recursos humanos dos que lle corresponden por catálogo. Tanto lle dá. E tamén parece que tanto lle dá que os horarios das xornadas docentes do centro cumpran absolutamente coa normativa de atención á diversidade. Vostedes utilizan a súa palabra máxica «recortes» —só lle faltou tamén dicir «privatización»—, e plantexan na súa propia exposición de motivos un termo absolutamente indeterminado; din: «cunha ra-



diografía similar á do ano pasado». O curso anterior era un ano covid e, obviamente, non se pode comparar o que non é igual.

En todo caso, non podemos tomar as decisións á lixeira neste caso nin en ningún outro e, moito menos, con alumnos con necesidades educativas especiais ás cales lles hai que dar resposta. E o Sistema Educativo Galego afortunadamente pode estar orgulloso de ser o sistema que ten máis alumnos con necesidades educativas especiais integrados nas aulas ordinarias, con máis de catro mil profesionais que fan o seu traballo. E, obviamente, as decisións non son arbitrarias. Eu respecto moito o plantexamento da alcaldesa —a quen tamén saúdo—, pero a Consellería toma as decisións con base nos informes de Inspección. E os informes de Inspección dinnos que este colexio, que este centro, ten a dotación...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...de profesorado... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Señor conselleiro, deformar os números é complicado, aínda que vostedes si son especialistas en botar literatura, en non ser rigorosos e en non contestar ao concreto tamén.

Ante a sensibilidade do asunto que estamos a tratar —repito—, no final do curso pasado e debido á previsión de incorporación deste alumnado novo que se incrementou este ano con necesidades significativas, o Departamento de Orientación considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de Audición e Linguaxe, unha segunda mestra de Pedagogía Terapéutica. Pero, no canto de atender estas necesidades —trasladadas, ademais, con tempo, con adianto—, a Consellería de Educación non contestou ata comezado o mes de setembro. E fíxoo denegando a solicitude dun especialista en Pedagogía Terapéutica e recortando —si, recortando— a xornada do de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe de horas e prescindindo, conselleiro, dun mestre de primaria. Non só non atenderon a demanda, senón que recortaron, e non só —como dicíamos— se mantén a matrícula do ano pasado, senón que aumentaron esas necesidades no alumando. Fundamentan esta decisión na dispoñibilidade de horas coas que contan os docentes de primaria, pero a realidade é que as necesidades específicas destas alumnas e alumnos con diversidade funcional —e algúns, dicíamos, con elevado grao de dependencia— non poden ser atendidas deste xeito.

Revertan, señor conselleiro, o recorte de docentes en Bergondo. Atendan de inmediato a demanda de necesidades de persoal e recursos trasladada desde o centro. Atendan —se queiren— o seu grupo municipal, que tamén acode ás mobilizacións e está ao lado do Concello, das ANPA e deste centro de ensino nesta demanda. Porque é necesario, e así queda acreditado nos números dos que vostede fala. Creen tamén unha aula específica de educación especial;



unha demanda xusta, obxectiva e defendida —como dicimos— por toda a corporación municipal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, señoría, vostede mesma plantexa unha contradición no que di e no que recoñece por escrito na súa propia iniciativa. Vostede mesma di que a Consellería envía unha persoa cada ano diferente e que iso repercute negativamente. Recoñece, cando di isto, que hai profesorado por encima de catálogo. Iso recoñéceo vostede na súa exposición escrita. E mire, como lle dicía, aquí non hai ningún tipo de decisión arbitraria. Os informes de Inspección —como lle dicía ao remate da miña anterior intervención— din que o profesorado que existe é suficiente para dar resposta ás necesidades educativas que se presentan.

Plantexa tamén que hai horas docentes no conxunto da plantilla para poder prestar unha atención acaída ás necesidades do alumnado deste centro, di textualmente o informe de Inspección. Vostede entenderá que unha administración ten que ter uns criterios e uns principios, e neste ámbito, como en moitos outros, ten que haber unha base técnica. Non se poden tomar decisións arbitrarias neste ámbito, en ningún caso. ¿Vostede pensa que se realmente a Inspección dixese que é necesario facelo a Administración autonómica non o faría?, ¿que a Xunta non o faría? ¿Vostede pode chegar a pensar iso realmente, cando hai exemplos sobradamente demostrados de apoio directo moi potente e moi forte á atención á diversidade? ¡É sorprendente!

Mire, o propio informe de Inspección tamén nos di que a atención que se presta ao corpo docente que traballa neste CPI ten en conta os horarios que plantexa a lexislación de atención á diversidade. Ten que haber uns criterios. E tamén se entende que os horarios se axustan absolutamente á normativa. Estamos a falar —porque vostede plantexa isto dentro do ámbito de primaria— basicamente de primaria. En primaria hai douscentos alumnos, douscentos catro alumnos. Temos dezasete docentes —por dicilo dalgún xeito— ordinarios. Temos catro especialistas, un PT e un AL que está a maiores de catálogo. E á súa vez temos tamén dous PT a media xornada, por riba do catálogo, vencellados ao Plan PROA. Con estes recursos humanos tanto a Orientación como a Dirección e a Inspección se organizan para dar o mellor servizo que se pode e que se dá. Pero en ningún caso se pode pensar que é unha decisión arbitraria, política ou por facer dano premeditado a unha persoa, a un neno, a unha familia... A decisión de fornecer profesorado adóptase con base nos criterios técnicos da Inspección Educativa. Non hai outro criterio. As persoas podemos demandar, as familias podemos demandar, eu podo demandar, vostede pode demandar... Pero unha administración ten que tomar as súas decisións con base nos criterios que se plantexan.

E, mire, a conclusión dos servizos de Inspección é que hai unha axeitada atención ao alumnado deste centro, que, obviamente, practica a inclusión e practica a atención á diversidade —como debe ser— co profesorado que dixeran antes, con catro...



O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...especialistas que existen.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Está entendido xa. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego do funcionamento do Servizo de Oncohematoloxía no Hospital Público da Mariña lucense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Grazas, presidente.

Moi bos días a todos.

Hoxe preguntamos sobre a sanidade galega, a sanidade pública galega, que segue avanzando e que segue mellorando. O hospital da Mariña implantaba o ano 2014 as consultas de oncohematoloxía, é dicir, as salas de tratamentos de quimioterapia.

A posta en marcha deste novo servizo melloraba a carteira de servizos públicos; é dicir, seguimos incrementando os servizos sanitarios no hospital da Mariña. Seguimos investindo en sanidade pública, en consecuencia, na sanidade pública de proximidade, por todos e para todos, para que todos os veciños da comarca poidan recibir un tratamento de quimioterapia no seu hospital —no hospital de todos— sen necesidade de desprazarse a Lugo ou á Coruña ou a outras cidades.

A activación deste servizo fíxose de forma paulatina, de forma gradual. Así, as consultas comezaron a funcionar un único día á semana, posteriormente incrementábanse a tres, ao pouco tempo a catro e, finalmente, a toda a semana. Polo tanto, dende o ano 2016 o servizo de quimioterapia está á disposición de todos os veciños —repito— todos os días da semana, e eu creo que iso é un adianto importante.

Temos que destacar que na actualidade no hospital da Mariña tamén se aplican tratamentos de quimioterapia a todas as patoloxías oncolóxicas, non só a tumores aparelados ou unidos ao aparello dixestivo. Así, en consecuencia, coa ampliación deste novo servizo, todos os pacientes de oncoloxía poden recibir a atención especializada no seu hospital sen necesidade —como dicía anteriormente— de desprazarse a outros centros.

Temos, como grupo parlamentario, a obriga de explicalo e debemos informar todos os veciños de que en Galicia, nesta comunidade autónoma, se está a investir na sanidade galega, na sanidade pública, na sanidade de todos. E ante discursos —e eu lamento dicilo na miña intervención— dos partidos da oposición, que parece que están afiliados á manipulación ou son grandes devotos da mentira, nós seguimos traballando e nós seguimos investindo.



Convén destacar que estes anos a Xunta de Galicia completou a ampliación de todo o hospital da Mariña —9.500 metros cadrados de sanidade pública—, concluída no ano 2020, cun investimento de trece millóns de euros e tamén en equipamento se gastaron máis de dous millóns de euros. No ano 2021 seguimos, seguiu o Goberno galego investindo en 1,8 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega, grazas.

(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, grazas. Xa se sabe a pregunta. O futuro do hospital..., do asunto. Xa sabemos. Grazas.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Vega, ¿lembra vostede a primeira vez que este goberno ía pechar hospitais comarcais? Pois corría o ano 2010 e o Goberno galego anunciaba a creación das estruturas de xestión integrada. Houbo manifestacións. Vostede recordará as da Mariña e tamén as de Monforte. Nesas manifestacións os de sempre dixeron que aquilo era un primeiro paso para o desmantelamento dos hospitais comarcais.

A estrutura organizativa de Xestión Integrada de Lugo, A Mariña e Monforte aprobouse por decreto —como vostede suxería— no ano 2013. En teoría, segundo os profetas da oposición, os comarcais de Lugo quedaban sentenciados. Pero, ¡que curioso!, en lugar de pechar, o que pasou foi que xusto no ano seguinte —no ano 2014, vostede recollíao moi ben— tanto o hospital da Mariña como o hospital de Monforte poñen en marcha os seus propios hospitais de día oncohematolóxicos. Por primeira vez os pacientes oncolóxicos de Ribadeo ou do Saviñao deixaron de ter que desprazarse a Lugo para recibir quimioterapia. Iso non o fixeron os que agora tanto din que defenden os comarcais; fíxoo o Goberno, mentres que eles mentían nas rúas. *(Aplausos.)*

¿Sabe cantos pacientes se beneficiaron deste servizo dende que se puxo en marcha en 2014? No distrito da Mariña, máis de 2.900, evitando así 23.000 desprazamentos a Lugo. E no distrito de Monforte, case 2.700, aforrándonos máis de 18.000 desprazamentos á capital da provincia. En total, 5.500 pacientes dos comarcais da provincia de Lugo que evitaron máis de 42.000 desprazamentos ao HULA nestes últimos anos. Todo, mentres o Bloque e o PSOE dicían que as áreas integradas ían facer os comarcais cada vez máis dependentes do hospital de cabeceira.

Outra lembranza. No ano 2018 o oráculo da oposición facía unha nova profecía: coa reforma da Lei de saúde e a fusión das áreas sanitarias van pechar os comarcais novamente. Esta vez



si, non como as catro ou cinco veces anteriores. ¿E que pasou entón con estes servizos? ¿Retiráronse? Todo o contrario: ampliáronse. Neste mesmo ano 2018 o Hospital de Día da Mariña trasladábase a un novo edificio, froito dunha obra de ampliación e duplicaba o seu espazo. E no ano 2021 o de Monforte foi obxecto dunha reforma e trasladouse a outra planta para tamén duplicar —falo do hospital de día oncohematolóxico— o seu espazo e ofrecer máis confort aos pacientes.

Pero sobre todo con este modelo de áreas integradas o que logramos é que o Servizo de Oncoloxía de Lugo garanta a mesma calidade asistencial para un paciente da capital que para un paciente de Sober ou de Alfoz. O mesmo oncólogo especialista que ve cancros de pulmón en Lugo, ve tamén os pacientes desa patoloxía no distrito da Mariña ou no distrito de Monforte. Polo tanto, lonxe de perder servizos, os dous hospitais comarcais de Lugo gañaron un servizo máis próximo, con mellores medios e máis calidade.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, conselleiro.

Non me daba tempo a formular a pregunta, porque quería explicar todos os adiantos e avances que se fixeron na comarca da Mariña. E este grupo parlamentario estivo na defensa dos intereses xerais, dos intereses dos veciños da comarca da Mariña.

Eu anteriormente dicía que os partidos da oposición estaban pegados a unha pancarta. Iso non é unha crítica, é unha descrición do que fixeron eles. É a realidade. Outros damos trigo. Pero, dende logo, aqueles partidos que están na oposición teñen que facer unha reflexión, e vostede dicíao na súa intervención. A mentira ten as patas moi curtas e, dende logo, a pesar dos partidos da oposición, que se uniron a unha manipulación permanente e a unha vocación de mentir constantemente, hoxe os veciños da Mariña saben que teñen un hospital público ao seu servizo. Hoxe os veciños da Mariña saben que os partidos —tanto o BNG como o PSOE— lles mentiron única e exclusivamente por unha estratexia electoral; nada máis. O Goberno galego foi dando respostas. E falabamos de 9.500 metros máis de hospital, falabamos de máis servizos; pero falamos tamén de máis médicos e de máis facultativos ao servizo de todos os veciños da Mariña.

Polo tanto, hai un goberno que traballa e hai un goberno que dá resposta. E eu lamento dicir isto, porque non teño nada en contra do BNG nin nada en contra do Partido Socialista; absolutamente nada. Pero todos aqueles días que na Mariña se aguantaba unha pancarta porque viñan eleccións —autonómicas, nacionais ou municipais—, pero non se velaba polos intereses da sanidade pública —lamento dicilo—, a actitude desta oposición foi desleal cos veciños da Mariña. Así o digo porque o quero deixar claro e quero deixar constancia neste Parlamento.



Polo tanto, eu pregunto se vostede, como membro do Goberno galego, nos pode avanzar que máis servizos imos ter na nosa comarca para os pacientes, que a partir de agora —e xa leva tempo— non se teñen que desprazar a outras cidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: ¿Que servizos imos ter na Mariña?

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Efectivamente, o servizo de oncohematoloxía non é o único avance na loita contra o cancro que vai ter o distrito da Mariña. Mire, estes días acabamos de adxudicar o último contrato que nos faltaba para completar un plan de renovación de alta tecnoloxía —sanitaria, neste caso— por máis de 67 millóns de euros. Adquirimos 76 novos equipos para todos os hospitais da rede pública galega. Utilizamos os fondos europeos Next Generation, completando os fondos propios da Xunta para mellorar a gama dalgúns equipos e tamén, por suposto, para contratar as obras necesarias para adecuar os espazos nos hospitais. E xa están adxudicados todos os equipos e todas as obras. Fíxese o ben que se executan os fondos europeos cando se transfiren aos gobernos autonómicos e o que ocorre, en cambio, cando os retén o Goberno central para montar uns PERTE sen avances e sen fin.

E, por suposto, este proceso vai mellorar substancialmente a atención aos pacientes oncolóxicos do distrito da Mariña. En primeiro lugar, porque a partir do ano que vén a Área Sanitaria de Lugo vai ter funcionando un equipo PET para facer probas de medicina nuclear para as que ata agora tiñan que desprazarse á Coruña. Xa está adxudicado tanto o equipo, por 1,3 millóns de euros, como a obra para instalalo no HULA, que custará outro millón de euros. Estes días iniciárase probablemente esas obras. Polo tanto, 2,3 millóns de euros para esa nova tecnoloxía para a provincia de Lugo.

Pero hai tamén investimento directo no Hospital da Mariña. Xa anunciamos que renovaríamos o TAC e que incorporaríamos por primeira vez unha resonancia magnética fixa no Hospital da Mariña. Ambos os equipos están xa adxudicados por 408.000 e 810.000 euros respectivamente.

Pero, ademais, estes días acabamos de adxudicar por case un millón de euros a obra de reforma da área de radioloxía, para que esta área estea preparada para acoller estes dous novos equipos. Repito: un TAC novo e unha resonancia magnética fixa nova por primeira vez. En consecuencia, o total de investimento para esta mellora do diagnóstico de imaxe do Hospital da Mariña —fundamental para os pacientes oncolóxicos e para o resto, por suposto— é de 2,2 millóns de euros.



Esta é a nosa forma de apoiar os hospitais comarcais, ampliando as súas infraestruturas, dotándoas de novos equipamentos e conseguindo máis persoal, como imos lograr co concurso de méritos que este Parlamento nos autorizou a facer para cubrir esas prazas vacantes. A nosa política sanitaria é esta; a doutros é tratar de meter medo con peches que nunca se producen e boicotear calquera mellora que lles estrague o discurso.

Se fose polos partidos da oposición, non se tería producido nin unha soa destas melloras que hoxe comprobamos que vivimos e que vivirán os pacientes do distrito da Mariña. Afortunadamente, hai un goberno que ten o apoio suficiente para sacar adiante as leis e os orzamentos que conseguen iso. Iso si, por suposto, sempre coa oposición en contra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego para solucionar os problemas coa sanidade pública no concello de Soutomaior

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moi bo día, case tarde.

Señor conselleiro, ¿sabe o que é isto, señor Comesaña? *(O señor Lourenzo Sobral amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Isto é o que ten que agardar hoxe calquera veciño ou veciña de Soutomaior que se poña enfermo para ter unha cita de atención primaria. No día de hoxe, máis de dez días de lista de agarda.

¿Sabe o que é isto, señor conselleiro? *(O señor Lourenzo Sobral amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Estes son os cartaces que aparecen nas portas do centro de saúde de Arcade para veciños que, despois de agardar unha ou dúas semanas por unha cita médica, teñen que ver como «Non hai médicos. Pida explicacións no mostrador».

¿Sabe o que é isto, señor Comesaña? *(O señor Lourenzo Sobral amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Isto é o que ten que agardar no día de hoxe calquera neno ou calquera nena de Arcade, de Soutomaior, para ter unha cita de atención pediátrica: «Non hai cita ata o día 16 de decembro». Dúas semanas sen pediatra calquera neno ou calquera nena do concello de Soutomaior, señor Comesaña.

E isto que vostede, señor conselleiro, deu en chamar hoxe aquí «catastrofismo, alarmismo, politizar, trilerismo», pois é a realidade que día tras día, mes tras mes, dende hai xa varios anos, padece a veciñanza de Soutomaior. *(Aplausos.)* E isto non é algo que veña dicir o BNG; isto é algo que está a demostrar no día de hoxe —ínstoo a que faga a proba— a propia aplicación do Sergas.

Polo tanto, señor Comesaña, nós o que lle queremos trasladar aquí é que a veciñanza de Soutomaior está farta de mentiras e o que exige é solucións. Porque vostedes dixeron aquí



que o consultorio de Romariz ía pechase de maneira provisional. E foi mentira. Hoxe estamos co consultorio de Romariz pechado e sen médicos no centro no centro de saúde de Arcade. Vostedes dixeron no ano 2017 que había médicos dabondo —daquela gobernaba o señor Rajoy en Madrid—, e o Partido Popular aquí na Xunta dixo que eramos uns alarmistas, e era mentira. Temos os cupos absolutamente saturados e esa saturación provoca que marchen os profesionais sanitarios.

Vostedes viñan aquí dicir agora que a culpa é de que non había médicos. Levan trinta anos gobernando —a excepción de tres ou catro anos— neste país e era mentira. Os médicos non van á atención primaria non porque non haxa médicos dabondo, senón porque as condicións sanitarias que imponen —por exemplo, en Soutomaior, con estas listas de agarda e con eses cupos— (*O señor Lourenzo Sobral mostra un documento.*) fan que sexa absolutamente disuasorio. Mentira, tras mentira, tras mentira, señor Comesaña.

Nós o que lle pedimos ao Partido Popular, o que lle pedimos a vostede, señor conselleiro, é que deixe as mentiras e que nos explique que solucións ten para mellorar a sanidade pública en Soutomaior. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Señor Lourenzo, no pleno anterior respondíalle á súa compañeira, a señora Prado, que había persoas con interese político moi evidente en que a situación que vive o seu concello coa sanidade pública non se arranxase para non quedar sen discurso ante as eleccións municipais. Persoas que poñen o interese partidista por riba das necesidades da veciñanza.

Houbo quen dixo que exaxeraba. Sinceramente, non pensaba que só unha semana despois fose saír alguén para deixar unha proba tan patente e tan evidente, como fixo vostede agora mesmo. Parabéns, señor Lourenzo, por saír hoxe demostrar que era certo o que afirmei. Vostede aquí dá un bo mitin; solucións, ningunha. ¿Por que? Porque confía desesperadamente en que non as haxa.

Seguramente vostede animou o señor Néstor Rego a votar en contra no Congreso de pedir ao Goberno de España que reforme o sistema de formación de especialistas de medicina familiar para que todas as comunidades poidamos dispoñer de máis médicos. Esa proposta apoiouna o PNV, apoiouna Junts per Catalunya e apoiouna Coalición Canaria. Nin sequera Esquerra Republicana, socio preferente do Goberno, votou en contra. ¿Quen votou en contra xunto co PSOE? O Bloque Nacionalista Galego. E hoxe vemos por que. Porque mentres non teñamos máis médicos de familia dispoñibles para contratar, vostede poderá seguir facendo campaña electoral cada vez que haxa unha baixa ou unha ausencia que non se poida cubrir.



Seguramente, tamén vostede animou a señora Pontón a votar en contra hai uns meses nesta Cámara dunha lei que vai permitir á Xunta cubrir as prazas de pediatría primaria por concurso de méritos. ¿Por que? Porque se conseguimos suficientes pediatras para cubrir de xeito estable as prazas de atención primaria, vostede xa non poderá vir a este Parlamento lanzar esas soflamas e sacar o calendario coas citas para colgar, ademais, despois o vídeo nas redes sociais.

Miren, eu estiven hai pouco tempo visitando o centro de saúde de Soutomaior, co alcalde. Non colgamos en si o vídeo en redes sociais porque o que nos interesaba máis era escoitar os profesionais. Supoño que vostede iso non o fará, porque xa vimos esta semana como o BNG se alporiza cando un se senta simplemente escoitar o que piden os profesionais. Falamos co persoal médico, falamos coa pediatra, e entenden perfectamente a dificultade da situación, coñecen as medidas que estamos a implantar e fannos suxestións de mellora. Pero nin transmiten alarma á poboación, nin consideran indigna a atención que están a prestar. Vaia por diante iso. Iso queda para vostede; para quen ve en cada problema un beneficio; para cada proposta, unha solución e para cada problema que teñamos, poñer un obstáculo máis.

Siga vostede tras da pancarta mentres anima o seu partido a opoñerse a todas as medidas de reforzo da sanidade pública. Se de verdade aínda pensa que a xente non ve o seu xogo, polo menos non arrisque e non o faga tan evidente como hoxe.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: 20 de xullo de 2022: «A corporación de Soutomaior aprobou por unanimidade en pleno extraordinario exixir solucións aos problemas da sanidade pública que afectan este municipio». ¡Unanimidade, señor Comesaña! ¿É interese partidista do PP de Soutomaior? ¿Ou hai unha realidade obxectiva que só vostede nega? (*Aplausos.*) ¿Sabe o que pasa, señor Comesaña? Que o seu xogo de trilerismo político — que se pode dicir, seica — ten as patas moi curtas.

Porque mire, aquí o ten, no ano 2017 (*O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.*) xa había problemas coa sanidade pública en Soutomaior. Daquela non había posibilidades de pactar co señor Pedro Sánchez, de gobernar co señor Pedro Sánchez. Era o Partido Popular o que viña implementando recortes na sanidade pública de Soutomaior. E vostede, ¿sabe o que facía daquel entón? Calar, calar, recortar e levar a sanidade pública de Soutomaior a unha situación límite. (*Aplausos.*) Polo tanto, como este exercicio de cinismo político é absolutamente imposible de aturar, vostede ten que refuxiarse na mentira. ¡Mentira, tras mentira!, como a dos MIR, porque sabe perfectamente que aquilo ía nun paquete de medidas, algunhas tremendamente lesivas...

Como mentira e cortina de fume é o que pretenden facer co novo centro de saúde. Primeiro, ían ampliar o centro de saúde de Arcade; esa era a solución. Agora vai sacar fotos. Está moi



pouco ao día da actualidade de Soutomaior e non me estraña, señor conselleiro. Porque si que colgaron; vaia si colgaron a nova... Despois ían facer un novo centro de saúde. E ata onde nós sabemos benvidas sexan todas as medidas, pero o formigón aínda non hai evidencia científica de que poida curar a veciñanza de Soutomaior. *(Aplausos.)*

Polo tanto, menos mentiras, menos manipulación; máis médicos e máis sanidade pública, señor Comesaña. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSLELEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Eu comezaría por «menos samba e máis traballar», pero bueno. *(Aplausos.)*

Dicíalle que estiven en Soutomaior co alcalde. Estivemos asinando, efectivamente, o convenio que vai permitir o novo centro de saúde en Soutomaior. O alcalde amosoume o expediente completo de aprobación do Plan especial urbanístico que vai permitir construír, efectivamente, o centro. Aquí o teño; despois pódollo ensinar. *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, sinala coa man un documento que ten no seu escano.)* Demostra que non se perdeu nin un só minuto, nin un só día, dende a sinatura dese primeiro protocolo, ata ter todos os trámites listos. Isto é traballar polos pacientes e polos profesionais de Soutomaior, que é o que non fai vostede.

Si, vostede fai as manifestacións. Si, xa o sei. *(Aplausos.)* Por iso, mentres uns traballan, outros fan samba. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso, en 2023 imos licitar o proxecto dese novo centro de saúde e ímolo financiar grazas aos orzamentos dos que vostede vai votar, por suposto, en contra.

Como o que si é certo é que os cupos dos pacientes son moi altos nese cetno —levan sendo altos tempo—, o plan funcional do novo centro contempla espazos para aumentar unha consulta de medicina de familia. Polo tanto, imos construír ese centro e crear o centro e unha praza máis de médico. E ímola cubrir con médicos de familia que se están formando hoxe co dobre de prazas MIR de medicina de familia das que había cando vostedes gobernaban: 88 fronte a, agora mesmo, 146. *(Aplausos.)* Máis de sesenta millóns de orzamento para formar médicos. A iso vostede votou en contra, e, por suposto, o seu partido votou en Madrid en contra de que se ampliase esa oferta formativa. A proposta en Madrid era moi sinxela: mil médicos máis todos os anos de especialidade de urxencias. Voto do Bloque: «Non».

E a ese médico formado que remate podemos, ademais, ofrecerlle unha praza fixa en propiedade por un concurso de méritos, grazas a unha lei da que vostede —¡que curioso!— tamén votou en contra.

Polo tanto, por suposto que imos mellorar a atención primaria de Soutomaior. O que lamentamos é ter que facelo con vostede sempre remando en contra, señor Lourenzo. Afortunadamente, o interese da veciñanza de Soutomaior está por riba dos seus intereses electorais.



Soutomaior terá unha mellor atención sanitaria por moi mal que iso lle vaia, neste caso, a vostede, ao seu partido e á súa campaña.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa titularidade pública e de xestión directa do futuro centro terapéutico ocupacional público de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

En setembro de 2016 naceu un proxecto vital e urxente para a miña provincia. Nacía a plataforma en defensa dun centro de atención para persoas con discapacidade pública para Ourense, a única provincia de toda Galicia que non o tiña; e, terminando o ano 2022, seguimos sen telo.

Nestes anos conseguíronse pasos grazas, exclusivamente, á increíble forza e tesón que só se pode motivar dende o amor incondicional destas familias polos seus fillos e fillas. E quero lembrar unhas palabras dun pai nunha das últimas ocasións que estivemos xuntos, en concreto pai dun adolescente cunha discapacidade que fai o seu fillo gran dependente. Díciame, textualmente: «Cando un pai ou unha nai ten un fillo cun problema de saúde ou discapacidade, nace en nós a máxima expresión de amor que pode existir. E, dentro da mesma, tamén nace en nós a máxima expresión de preocupación que pode existir, que é pensar que será dos nosos fillos cando nós xa non esteamos para coidalos.» E aí, señorías, temos que estar o conxunto da sociedade, remando e loitando para que as persoas con discapacidade ou dependencia teñan a mellor vida posible, blindando os seus dereitos. Trátase dunha cuestión que moralmente ten que implicar o conxunto da sociedade, porque cando están en xogo os dereitos das persoas que non teñen voz ou que non se poden defender, temos que saltar o resto por elas. *(Aplausos.)*

Pero a cuestión, señora conselleira, que máis preocupa nestes momentos as familias é saber que tipo de xestión terá o centro. E por iso hoxe facemos esta pregunta ao Goberno galego, porque as familias merecen información clara ao respecto. Merecen saber todos os datos e detalles que requiran, despois de esperar máis de seis anos polos dereitos dos seus fillos e fillas aínda sen resolver.

A obriga moral do Goberno galego con estas familias exige hoxe, señora conselleira, que sexa clara e directa, mire aos ollos as familias e responda: ¿o centro para persoas con discapacidade en Ourense vai ser de xestión pública directa ou non? Son clara nesta cuestión, porque levan moito tempo escapando do asunto, sen responder claramente ás familias. Porque dende un inicio as familias solicitaron que así fose, que o centro fose de xestión pública directa, e incluso cun acordo coa Xunta de Galicia.



Demostren dende o Goberno galego, señora conselleira, se teñen palabra ou non. Polo que o xusto hoxe é que respondan sexa cal sexa a decisión do Goberno galego. Se responden que será si, de xestión pública e directa, as familias hoxe durmirán un pouco máis tranquilas. E se responden que non, polo menos teñan a valentía de explicar os motivos polos cales deciden isto á marxe das familias. Pero sexan sinceros coas familias dunha vez por todas, porque se están a xogar moitísimo. E repito, isto é cousa de todos. Cando unha sociedade berra polos que non o poden facer, convértese nunha sociedade realmente xusta e avanzada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Reposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputados e deputadas, moi boas tardes.

Señora Ortega, o compromiso do Goberno galego coas persoas con discapacidade e coas súas familias non fixo máis que aumentar durante os últimos anos. Durante este tempo incrementamos un 30 por cento o número de prazas públicas de atención á discapacidade, pasando das 4.300, cando gobernaban vostedes, ás máis de 5.800 que hai nestes momentos, e continúan en aumento. Son anos nos que puxemos en marcha unha sólida rede de atención temperá para atender todos os nenos con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos. No ano 2009 había dúas unidades de atención temperá en Galicia que daban cobertura a catorce concellos. Nestes momentos hai cincuenta unidades que dan cobertura a douscentos concellos de toda Galicia. *(Aplausos.)*

Acabamos de impulsar os maiores orzamentos da historia da autonomía en materia de discapacidade: máis de 165 millóns de euros destinados a este ámbito, o que supón un 16 por cento máis que o ano pasado. Non existe ningunha dúbida sobre a aposta deste goberno pola atención ás persoas con discapacidade, nin tampouco sobre o noso compromiso coa posta en marcha do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense.

Lamentamos profundamente e pedímolles desculpas ás familias polos atrasos que se están a producir na construción destas instalacións, que eu ben sei que son tan agardadas por estas familias. O noso desexo é poñer canto antes este servizo á disposición delas e dos seus fillos, e crear esas cento dez prazas públicas de atención diúrna e atención residencial.

Como sabe, a crise xeneralizada de prezos que estamos a vivir freou o avance das obras. Vímonos na obriga de sacar de novo a licitación do contrato cun orzamento máis axustado ao prezo actual dos materiais de construción. O novo orzamento ascende a 8,2 millóns de euros, un 8 por cento máis do presupostado inicialmente.

O Goberno galego actuou con toda a celeridade que esa situación requiría, e nestes momentos esa obra xa está adxudicada e esperamos que se remate o antes posible.



O que non podemos permitir, señora Ortega, é que engane os cidadáns, nin que engane os veciños desta cidade; unha cidade que tanto necesita este centro de atención para os seus fillos. Nin tampouco podemos permitir que se confundan os intereses das familias cos seus intereses partidistas.

E como xa dixeran en múltiples ocasións, o Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense será un centro público que vai contar co cen por cento de prazas públicas.

¿O que máis nos importa? A máxima calidade para os nenos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Señora conselleira, o que eu non lle podo consentir é que me fale a min de intereses partidistas, cando eu veño falando en representación das familias, ¡que eu si que falo con elas! *(Aplausos.)* ¡Mire a ver se vostede falar con elas, porque parece ser que non ten moita comunicación con elas! Porque o que realmente están a demandar é que vostede responda se a xestión será pública ou non. ¡Non se fagan os tolos! ¡Xa está ben! *(Aplausos.)*

A mellor autoemenda... Vostede fala moito de cifras, de obras... As familias non queren falar de obras. As familias o que queren escoitar é cal será a xestión por parte do Goberno galego do Centro para persoas con discapacidade de Ourense! ¡Responda a iso na réplica, señora conselleira! A mellor autoemenda que poden facer dende o Goberno galego, agora que estamos cos presupostos, ¿sabe canto custa, señora conselleira? Cero, cero euros. Chámase sinceridade e transparencia coa cidadanía. ¡É gratis! ¡Anímoa a que a practique, señora conselleira! No ano 2016, no que se configurou a Plataforma de loita polos dereitos das persoas con discapacidade, xa levaban dende había moito tempo loitando contra esta inxustiza de ser a única provincia de toda Galicia que aínda non ten un centro público destas características.

O feito de que vostede, señora conselleira, non responda sobre o tipo de xestión deste centro —que a verdade é que me sorprende, porque esperaba outra cousa— pode ter varias explicacións: a primeira é que sexan tan irresponsables, pésimos xestores e insensibles que aínda non teñen nin idea de que tipo de xestión terá o centro; a segunda é que non queira responder ás familias, o que aínda é moito máis grave; a terceira é que o faga na réplica, agora, para manter a intriga ou dar a exclusiva aos medios de comunicación —que isto é tipo *Salvame Deluxe*—, o que sería unha falta de respecto totalmente intolerable ás familias; pero o máis triste aínda é a falta de resposta sendo vostede conselleira, a mesma que se comprometeu coas familias no ano 2019.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega, grazas.



A señora ORTEGA OTERO: ¡Teñan palabra! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Ortega, a provincia de Ourense ocupa un lugar moi destacado nas contas públicas deste goberno. Pódeo comprobar vostede coas casas do maior; Ourense é a provincia que máis casas do maior ten en funcionamento. Pódeo comprobar vostede con todas as reformas que estamos a facer dos centros públicos na cidade de Ourense, tamén no Carballiño —no seu concello—, no concello de Castro Caldelas... Pódeo comprobar con esa residencia que quere facer a Fundación Amancio Ortega e que boicoteou catro veces seguidas o Partido Socialista. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Catro veces seguidas!

Mire, nunca nos imos opoñer á creación de máis prazas e de máis centros nesta provincia de Ourense, e mostra disto será tamén o CAPD de Ourense, un centro que pasará moi pronto a formar parte da rede pública autonómica e que vai permitir incrementar un trinta e cinco por cento o número de prazas públicas nesta cidade.

Mire, señora Ortega, eu penso que vostedes tamén teñen que predicar co exemplo. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego exixen moito a este goberno, exixen cousas que vostedes non fan. ¡Miren!, por exemplo, a Deputación de Lugo, onde gobernan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, acaba de adxudicar a xestión da microrrede de residencias que ten e que tanto anuncia en todos os medios de comunicación —que xa nos sae polas orellas— á empresa privada. (*Murmurios.*) Señora Ortega, leccións de público a este goberno, ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Daniel Pérez López e D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dispoñibilidade do servizo especial de practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días, conselleira.

Hoxe é día 2 de decembro. Dende onte os portos de Cee, de Corme e de Laxe carecen do servizo de práctico, o que é tanto como dicir que a Costa da Morte carece neste momento dun servizo vital e imprescindible para a actividade portuaria e para a seguridade no mar, porque o práctico non presta unicamente un servizo ordinario de asistencia na atracada nos peiraos



e na saída de grandes embarcacións deles —como vostede sabe—, senón que tamén ten a obriga de estar vinte e catro horas ao día, os 365 días ao ano á disposición do capitán marítimo para prestar o seu servizo ante calquera emerxencia no mar, como pode ser unha avaría nun barco que precise entrar na ría para solventarse.

Os dous concursos convocados por Portos de Galiza para cubrir o servizo quedaron desertos principalmente polas condicións económicas. Nos pregos publicados por Portos de Galiza reducíanse considerabelmente esas condicións económicas en relación coas condicións que tiña o anterior prestador do servizo, xubilado, precisamente, no día de antonte.

Levamos advertindo desta situación dende marzo —é dicir, advertindo de que o servizo podería quedar deserto—, e, aínda así, chegamos ao 2 de decembro con esta parte da nosa costa exposta a sufrir calquera accidente marítimo, porque os portos da Costa da Morte quedaron no día de hoxe sen práctico. Isto afecta tamén a continuidade dos empregos e da actividade nas fábricas de ferroalixe de XEAL, en Cee e en Dumbría, porque XEAL emprega case en exclusiva o porto de Brens para dar entrada no barco ás materias primas que precisa e para dar saída ao produto xa elaborado. E sen práctico que dirixa as manobras ningún barco pode entrar en Brens.

Xa non vou afondar nos pormenores das dúas convocatorias para a cobertura do servizo, nin no porqué da segunda nin nas razóns de que quedasen desertas, porque creo que neste momento non é o importante e tamén porque estou seguro de que vostede é coñecedora de todo o acontecido neste tema.

O vital, chegados a este punto, é saber como está a cubrir a súa consellería este servizo, porque entendo —ou quero entender— que Portos de Galiza xa adoptou dende onte as medidas necesarias para garantir a actividade portuaria ordinaria de atracada e de saída de embarcacións de tonelaxe, e en caso dunha emerxencia no mar na zona de Corme, de Cee, de Corcubión ou de Fisterra, está garantido o servizo de práctico, que —insisto— ten a obriga de estar á disposición da Capitanía Marítima vinte e catro horas ao día e os 365 días ao ano.

Ante a xubilación de antonte do prestador do servizo, prégoles que nos indique como se está a cubrir no día de hoxe o servizo de práctico na Costa da Morte e como ten previsto a Consellería cubrir o servizo de forma estábel nestes portos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Pérez, a Xunta de Galicia está a traballar para ofrecer o mellor servizo de practicaxe posible en todos os portos da nosa competencia, e así o estamos a facer no caso de Laxe, de Cee e de Corcubión. Estamos a falar dun servizo que está liberalizado, prestado pola iniciativa



privada no marco da libre competencia. Neste contexto, un bo xestor debe prestar un servizo que se adecúe á demanda e ás necesidades de cada porto, e iso é o que estamos a facer no caso de Cee.

Ao porto de Cee accederon entre o ano 2019 e o ano 2021 un total de 225 barcos, que necesitaron o servizo de practicaxe —unha media dun barco cada cinco días—, e a previsión de peche para o ano 2022 aínda é inferior.

Neste sentido, o tráfico de mercadorías deste porto xerou en 2020 e en 2021 uns ingresos por taxas portuarias —que non de practicaxe— de menos de cen mil euros anuais. As compensacións que foi preciso aboar, por parte de Portos de Galicia, ao práctico, por non acadar os ingresos mínimos establecidos na prestación do servizo, sumaron trescentos sesenta mil euros entre o ano 2019 e o ano 2021, co que estamos ante un servizo totalmente deficitario. Non obstante, estamos a traballar na busca de solucións que permitan ofrecer un servizo sostible, con todas as garantías, e que teña un custo acorde para cubrir as súas necesidades. Esta é a finalidade do prego regulador do servizo de practicaxe dos portos de Laxe, Cee e Corcubión; un prego que foi aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e publicado no *Diario Oficial de Galicia* tras a súa aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia. Estamos ante un prego de condicións que establece unha subida de tarifas de preto do oito por cento en relación coas actuais; que cuantifica a compensación económica anual máxima para o práctico de cincuenta mil euros máis IVE, asumido por Portos de Galicia; que recorre á figura do práctico substituto, podendo cubrir así as necesidades da área de Cee e as doutras dársenas como Cariño, Burela, Celeiro ou Ribadeo, e garantindo unha retribución anual para o práctico de Cee de cento dez mil euros anuais.

Trátase dun prego que pretende facer que o servizo sexa asumible economicamente, pero, sen dúbida, tamén tecnicamente. O servizo estaría perfectamente cuberto, pois se ben é certo que a embarcación debe estar no porto para prestar o servizo, non é preciso que estean os medios humanos, que poden estar nesta ou noutras dársenas como prácticos substitutos. De feito, o prego garante o servizo, pois os consignatarios ou os armadores quedan obrigados a comunicar ao práctico a chegada do buque ao porto, confirmalo con corenta e oito horas de antelación mínima e ratifícalo seis horas antes da prestación do servizo. Iso garante o servizo e non pon en risco a seguridade, pois a finalidade dos prácticos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...é facilitar o acceso ao porto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señora conselleira, síntome absolutamente defraudado pola súa resposta (*Murmurios.*) É dicir, fai vostede referencia, única e exclusivamente, ao que son as fun-



cións ordinarias dun práctico —dun servizo de practicaxe—, pero está obviando quizais o máis importante, que son as funcións e as obrigas que teñen canto á seguridade marítima. Teñen que estar á disposición da Capitanía Marítima para calquera emerxencia vinte e catro horas ao día, os 365 días ao ano.

O corredor de Fisterra, que é o que neste momento está absolutamente exposto a un accidente, percórreno cada ano corenta mil buques, dos cales hai unha porcentaxe —vostede sábeo— moi elevada que leva mercadorías perigosas. ¿Sóalle a vostede o nome do *Sichem Formol*? Pois ben, este é o nome dun gaseiro que a primeiros deste ano navegaba polo corredor de Fisterra en condicións adversas do mar. É unha embarcación de cento seis metros de eslora e cargado con seis mil toneladas de ácido sulfúrico, que se atopou fóra de control polo mal tempo e polo contorno hostil que representa Fisterra para as embarcacións.

O nome de Fisterra impón no mar e impón moito, pero foi o servizo de practicaxe o que reconduciu a delicada situación na que se atopaba esa embarcación. O capitán, cando se viu apertado pola situación do mar, solicitou a axuda do práctico; práctico que estaba de servizo e que o acudiu nesa situación.

Claro, se agora vostede non fai ningunha referencia a estas funcións de seguridade, entendo que neste momento non existe un servizo de práctico para a Costa da Morte. É dicir, vinte anos despois do *Prestige* estaríamos expostos a un novo accidente —iso é o que vostede me está contestando— por unha cuestión, ademais, puramente económica. Isto constitúe unha auténtica irresponsabilidade. Estamos falando basicamente de sesenta mil euros. O exemplo dos bombeiros é sempre o mesmo: hai que pagarlles igual, pero cando hai lume queremos que veñan á nosa casa, ¿verdade? Pois isto é o mesmo caso. Isto é unha auténtica irresponsabilidade. E, dende logo, vai haber consecuencias políticas. Estou segurísimo diso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Pérez, vamos ver, o servizo de practicaxe préstase para que os barcos poidan entrar no porto —non todos os barcos; uns barcos dunhas dimensións determinadas—. Este prego que aprobou Portos de Galicia está aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, que é a competente para velar polas medidas de seguridade na navegación. Non pretenderá vostede dicir que a falta dun práctico na Costa da Morte sexa a que poña en risco toda a seguridade marítima en Galicia. En Galicia existen cinco corporacións de prácticos nos cinco portos de interese xeral, máis un en Alcoa. Existe o Servizo de Gardacostas de Galicia, que é a única comunidade autónoma en que está operativo os 365 días do ano, as vinte e catro horas do día. *(Aplausos.)* Aquí do que se trata é de prestar un servizo que dea á súa vez servizo aos barcos que entran fundamentalmente para a empresa XEAL, e por iso a empresa XEAL



tamén está tendendo a man para buscar unha solución económica a esta prestación do servizo, que entendemos que é —como lle digo— un servizo liberalizado.

Eu o que non acabo de entender, señor Pérez —e aquí me ten que desculpar, pero se Marx levantase a cabeza ao mellor descoñecería as súas ideoloxías—, é por que imos pretender, única e exclusivamente, centrar este problema nun problema económico, que é o que está a acontecer no día de hoxe. Portos de Galicia está facendo todo o esforzo económico para prestar o servizo, que é para a entrada no porto deses buques, e temos constancia de que, como mínimo, ata o mes de xaneiro ou febreiro non haberá unha nova entrada de barco.

Eu estou segura de que co compromiso da consignataria de Fisterra e da empresa Xeal e con Portos de Galicia estaremos en disposición de seguir prestando un servizo que, como digo, é para facilitar a entrada en porto dos buques. A seguridade marítima non depende dos prácticos, depende da Marina Mercante.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico co fin de modificar a actual planificación eléctrica para o período 2021-2026

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Benvido, señor vicepresidente primeiro.

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular quere interesarse pola situación da planificación eléctrica na nosa comunidade, xa que está directamente ligada coa viabilidade e a competitividade de proxectos industriais que son clave para o crecemento económico e a creación de emprego en Galicia.

E gustaríame contextualizar un pouco a situación actual. A planificación da Rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 foi aprobada no Consello de Ministros o 22 de marzo de 2022, despois dun proceso de tramitación iniciado no ano 2019. Nesta planificación Galicia saíu moi penalizada con respecto a plans anteriores. A Galicia tocáronlle 68 millóns de euros, é dicir, o 1,1 % do investimento total.

Pola contra, no período anterior, do ano 2015 ao 2020, o investimento para a comunidade galega ascendeu a 308 millóns de euros, que naquel momento supuxo o 6,7 por cento do



conxunto nacional. Polo tanto, señorías, esta é unha evidencia máis do agravio do presidente Sánchez a Galicia no ámbito industrial.

E é que en paralelo á súa tramitación e á súa aprobación están a promoverse en Galicia unha serie de proxectos industriais que son intensivos en enerxía e que precisan conexión á rede eléctrica para atender o seu consumo e poder garantir así a súa viabilidade e competitividade. Son proxectos como o de Altri, o de Showa Denko e o de H2Pole, entre outros. Por outra banda, o desenvolvemento destas infraestruturas eléctricas beneficiaría tamén a competitividade de proxectos relevantes do noso tecido produtivo, como é o caso de Stellantis, Sentury ou Ence.

Hoxe podíamos ler na prensa como en breve a planta de Stellantis, dos 20 megavatios que ten concedidos na actualidade, necesitará os 56 megavatios vinculados aos proxectos de des-carbonización. Polo tanto, señorías, urxe que esta planificación se modifique e se inclúa a demanda feita por esta empresa que ten feito a Xunta de Galicia ao Goberno de España en numerosas ocasións e da que seguimos sen ter ningún tipo de resposta.

Polo tanto, nesta primeira quenda, señor Conde, gustaríame que nos dese máis información sobre a situación da industria galega relacionada coa enerxía, sobre como se ve afectada polo seu prezo e sobre como inflúe unha planificación eléctrica axeitada para a viabilidade e a competitividade da nosa industria.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, eu quería agradecerlle a pregunta que traslada este grupo parlamentario porque, verdadeiramente, é o único grupo parlamentario deste Parlamento que realmente se ocupa permanentemente da situación da industria en Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E digo isto, señorías, porque hoxe vimos falar aquí de Alcoa, vimos falar de Altri, vimos falar de Stellantis e vimos falar doutros proxectos industriais como o de Showa Denko e o de Sentury. Incluso, señores do BNG, vimos falar do proxecto de Ence. En definitiva, vimos falar de industria, da súa competitividade, e iso significa necesariamente falar das necesidades que estas industrias teñen para poder acceder á rede eléctrica e das necesidades que teñen estas industrias para poder acceder á enerxía renovable; en definitiva, das necesidades para ser máis competitivas dende o punto de vista do prezo eléctrico, das necesidades para poder acceder á enerxía renovable.

Por iso, señorías, solicitámoslle ao Goberno que tramite canto antes os trece parques eólicos vinculados con Alcoa, con Sentury e con Showa Denko, que suman 1.131 megavatios, e que



lles permitirán a estas tres empresas poder acceder a un prezo eléctrico competitivo. Por iso, estamos pedíndolle ao Ministerio de Transición que sexa dilixente na tramitación en tempo e en forma dos parques eólicos que son da súa competencia e que entregue tamén en prazo e en forma todos os informes preceptivos. En definitiva, estámoslle pedindo que dea a resposta que precisan estas tres empresas para desenvolver estes parques eólicos e acceder á enerxía. O Ministerio, contra calquera tipo de sentido administrativo e de lóxica dende o punto de vista da tramitación, estableceu uns prazos verdadeiramente limitativos. Espere-mos, en definitiva, que o propio goberno que establece eses prazos e que non quixo ampliar —aínda que este goberno lle solicitou a ampliación, igual que outras comunidades autónomas— dea unha resposta. E, señorías, esperamos que o Goberno o faga garantindo, dende o punto de vista xurídico e dende o punto de vista medioambiental, a viabilidade destes parques.

Tamén lle temos solicitado, como saben, que o Goberno incremente os investimentos nas redes de distribución e de transporte, porque, se non, señorías, hai proxectos que non van poder acceder a esas necesidades enerxéticas e, polo tanto, comprometerían a súa viabilidade.

En definitiva...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...necesitamos que o Goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...fale de enerxía... *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Conde, grazas. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, pola súa resposta, señor vicepresidente.

Como acaba de evidenciar vostede, a Xunta de Galicia fixo os deberes; fixo os deberes porque xerou o clima necesario tanto dende o punto de vista lexislativo como dende o punto de vista do investimento por parte da súa Vicepresidencia. Aposta por atraer proxectos de relevada importancia, como vostede acaba de detallar aquí, que necesitan do apoio de todas as administracións.

E a realidade, señoría, é que vemos como o Goberno de España, a implicación do Goberno de España, responde con moita lentitude e, señorías do Partido Socialista, con moi pouco investimento ás demandas de Galicia.



Como vostede dicía, a suma destes proxectos supón unha oportunidade única para promover a transformación do noso modelo produtivo e impulsar unha nova xeración industrial que permita promover miles de empregos, tanto nas etapas de construción como nas de operación.

Polo tanto, aínda que dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico se anunciou o inicio da tramitación dunha nova planificación eléctrica para o período 2024-2029, os tempos de realización destes proxectos necesitan ter certezas xa sobre a dispoñibilidade da súa conexión á rede de forma inminente.

O Consello da Xunta de hai unhas semanas avaliou as prioridades do Goberno galego de cara á modificación da planificación da rede de transporte eléctrica na nosa comunidade, para contar cunhas infraestruturas que permitan levar a cabo proxectos estratéxicos e tractores que se queren implantar en Galicia, así como para atender a demanda histórica de dotar Vigo dunha subestación de 220 quilovoltios que garanta a subministración de Stellantis e de toda a área industrial da zona.

E por iso hoxe, dende o Grupo Parlamentario Popular, nesta segunda quenda, señor vicepresidente, agradecemoslle que nos responda á seguinte cuestión: ¿cal é a lista de prioridades que a Xunta de Galicia vai enviar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico co fin de modificar a actual planificación eléctrica para o período 2021-2026?

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, seguimos falando de industria, e falamos deses proxectos estratéxicos que estamos impulsando en Galicia para transformar o noso tecido produtivo apostando pola sustentabilidade, pola innovación e pola economía circular, e por iso precisamos, efectivamente, ese desenvolvemento da enerxía eólica vinculada a estes proxectos industriais que dependen nestes momentos dos trece parques eólicos que está tramitando o Ministerio de Transición e dos que non temos ningún tipo de información sobre o seu estado; e ao mesmo tempo tamén precisamos dese desenvolvemento de investimentos nas redes de transporte para poder atender as necesidades de demanda destas empresas.

Estamos a falar, en definitiva, do futuro e da viabilidade de empresas como Altri, como Showa Denko, como Stellantis, como Sentury, como Armonía Verde ou a biofábrica de Ence. Dende logo, son proxectos que —nestes momentos si podo trasladar isto a esta Cámara— non teñen unha resposta dende o punto de vista das súas necesidades enerxéticas. Polo tanto, se queremos falar do futuro industrial de Galicia e queremos falar do futuro industrial destas empresas, precisamos esa resposta por parte do Goberno.



Esta situación é especialmente grave dende o punto de vista enerxético, cando coñecemos que nestes momentos os 1.400 megavatios de capacidade dispoñible no nó das Pontes non estarán dispoñibles para os proxectos industriais e enerxéticos que se queren desenvolver na zona, sen ningún tipo de explicación por parte do Goberno e simplemente por adoptar unha serie de criterios técnicos que só coñecen no propio Ministerio e que nestes momentos están discriminando a Galicia, discriminando ás Pontes e discriminando os traballadores, que están esperando por un futuro vinculado a proxectos industriais. É que, lamentablemente, señorías, o Goberno, o Ministerio de Transición, está deixándonos sen 1.400 megavatios de acceso e conexión a Galicia sen ningún tipo de explicación. Igual que o Ministerio de Transición e o Ministerio de Industria, que, de forma coordinada, están impedindo que nestes momentos Stellantis poida acceder á súa subministración enerxética, porque non queren dar unha resposta dende o punto de vista das necesidades que ten a planta de Stellantis. Polo tanto, señorías, o Ministerio de Transición e o Ministerio de Industria están poñendo en risco o futuro de Stellantis en Galicia e están poñendo en risco a localización de Stellantis en Galicia.

Creo que merecemos outro trato dende Galicia. Merecemos un goberno que se adique á industria a tempo completo e necesitamos un Ministerio de Transición que realmente traballe...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...por un prezo enerxético competitivo para a industria.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Sen enerxía, señorías, non hai industria.


O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde, terminou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás tres da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

